

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.

Estrutura produtiva

3.2.

Demografia empresarial

3.3.

Sector exterior



3.1. Estrutura produtiva

O presente apartado ten como obxectivo presentar unha fotografía da estrutura produtiva galega e da evolución e comportamento dos sectores e ramas de actividade que a integran ao longo do ano 2025. Tal e como se sinala no capítulo 1, nun contexto internacional de elevado grao de incerteza e inestabilidade, a economía mundial comportouse mellor do esperado, rexistrando unha moderación no seu ritmo de crecemento ao medrar un 3,4% respecto ao ano anterior, unha décima menos que en 2024. Das tres economías máis importantes -China, Estados Unidos e a zona euro- tan só a zona euro presenta taxas de crecemento interanuais superiores ás do ano anterior, cun 1,4%, medio punto máis que no ano precedente; mantendo China un incremento do 5%; o que contrasta coa desaceleración da economía de Estados Unidos, cunha medra do 2,1%, sete décimas menos que en 2024.


Neste contexto, as contas económicas de Galicia (IGE) reflicten o importante dinamismo no ritmo de crecemento da economía galega, presentando unha medra interanual do 2,6%, dúas décimas por baixo do estimado no ano precedente (2,8% en España). Todas as ramas de actividade volven a presentar taxas de crecemento positivas, aínda que o seu comportamento foi desigual. Dunha banda, cómpre destacar o forte dinamismo da construción, cunha medra interanual do 7,3%, dous puntos e medio por riba do estimado no ano precedente. Por contra, tanto a industria, impulsada pola evolución da industria manufactureira, como a actividade do sector primario presentan unha significativa desaceleración, cun incremento do 2,2% e 1,3%, respectivamente, cando en 2024 estas taxas superaban o 3%. Por último, o sector servizos presenta unha medra do 2,7%, unha décima menos que no ano anterior.

No último ano o sector servizos xeraba o 63,9% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 15,6% do PIB (11,9% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario,


PIB e emprego 2024-25: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2025	2024	2025	2024
	(taxas de variación interanuais)			
Total	2,6	2,8	1,0	1,6
Ramas Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1,3	3,1	-4,0	0,5
Ramas industriais	2,2	3,3	1,3	0,7
Construción	7,3	4,8	1,7	0,7
Servizos	2,7	2,8	1,3	2,0
Impostos netos sobre os produtos	-0,4	0,6		

Valor engadido bruto por sectores económicos



Emprego por sectores económicos



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadeados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2026)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo


Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.1.



Especialización produtiva por comarca

Ano 2023



Fonte: IGE, Produto interior bruto municipal.

■ MAPA 1.


o 6,7% e o 4,6% do PIB, respectivamente. O 9,1% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos. Comparado cos datos do ano 2019 cómpre mencionar o incremento do peso relativo do sector servizos (63,1% do PIB nese ano), reducíndose por contra a importancia relativa do sector primario e da construción (4,8% e 7,1%, respectivamente). O peso da industria considerada no seu conxunto mantén o seu nivel a pesar do aumento experimentado no caso da industria manufacturera (11,6% do PIB en 2019).

A pesar da devandita desaceleración do PIB, a poboación ocupada estimada pola EPA amosa un maior ritmo de crecemento da ocupación, cunha medra interanual do 2,3% fronte ao 1,4% do ano anterior. Asemade, tanto as afiliacións como as horas traballadas estimadas polas contas económicas manteñen estable o seu crecemento, cunha medra do 1,7% e 1%, respectivamente. Por contra, tan só a evolución do número de postos de traballo equivalente a tempo completo indica una desaceleración da creación de emprego, cun incremento do 1% en 2025 fronte ao 1,6% do ano precedente.

Neste capítulo analízase a estrutura produtiva galega, presentando os datos máis representativos da evolución de cada sector económico e das ramas que os integran dende o punto de vista da actividade económica así como do emprego. Previo a analizar cada sector económico, preséntase un mapa onde se reflicte a importancia relativa das comarcas galegas en cada un dos sectores. □

Distribución porcentual do veb xerado polo sector primario por comarcas. 2023

Peso no PIB do VEB Primario. Comarcas. Ano 2023
Unidade: Porcentaxe (%)




Fonte: IGE

MAPA 2.

Sector primario

A actividade económica das ramas agraria e pesqueira encadea tres anos consecutivos con taxas de crecemento interanuais positivas. En concreto, en termos reais o valor engadido bruto xerado polo sector primario increméntase un 1,3%, case dous puntos por baixo do estimado no ano precedente (3,1%). En termos nominais, o valor engadido bruto xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) medra un 4% respecto ao ano anterior acadando os 3.941,4 millóns de euros, reducíndose o seu peso relativo no PIB galego ata o 4,6% (2,7% no conxunto do Estado).

Valor engadido bruto e emprego no sector primario ⁽¹⁾ ⁽²⁾



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2026)
 (2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*


3.1.2.

A pesar do devandito incremento da actividade económica, as contas económicas reflicten unha caída da ocupación. Dunha banda, o número de postos de traballo descende un 4,5% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 4% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo. Doutra, as horas traballadas redúcense un 1,8% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución, o sector primario concentra o 6,5% dos postos de traballo equivalente en Galicia (70.264 postos de traballo) e o 8,3% do número de horas, cando no ano 2019 estas porcentaxes ascendían a 6,8% e 8,5%, respectivamente. Doutra banda, a Enquisa de Poboación Activa reflicte un descenso da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), que acolle un total de 66.200 persoas no ano 2025, o que supón un 8,9% menos que no ano anterior (6.500 persoas). A devandita caída de emprego prodúcese tanto no sector agrogandeiro e forestal como no pesqueiro, sendo máis intensa na actividade pesqueira, cunha caída do 25% (4.700 persoas ocupadas menos), descendendo un 1,7% a ocupación na rama agraria (1.700 persoas menos).

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia aumenta en 2025 ata os 24,35 euros (22,98 euros no ano anterior e 18,01 en 2019) derivado dunha medra do VEB en termos correntes (4%) e un descenso do número de horas traballadas (-1,8%). A produtividade no sector primario é notablemente inferior á do conxunto da economía galega (44,11 euros) aumentando o diferencial con respecto á media galega, que no último ano é de 19,75 euros (14,12 euros).

As contas económicas anuais de Galicia proporcionan indicadores derivados con información sectorial detallada. Dunha banda, a capacidade para crear valor (VEB/producción), definida como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, mostra que

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2023. Sector primario.



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

■ 3.1.3.

no sector primario, de cada 100 euros de produción en 2023 (último ano dispoñible) 49,9 euros corresponden ao valor engadido, un valor superior ao nivel medio da economía (46,0 euros). A capacidade de crear valor do sector primario no devandito ano, **cadro 3.1.4.**, é inferior á de 2008 e 2019 (53,9 e 50,9 euros de cada cen, respectivamente).

Malia que o sector primario é intensivo en traballo, a porcentaxe do valor xerado na actividade destinada á remuneración de persoas asalariadas é do 20,4%, case vinte e catro puntos por baixo do rexistrado no conxunto da economía galega (44% de media), sendo esta porcentaxe inferior á estimada para 2008 (21,6%) e 2019 (21,1%). Este diferencial débese á baixa taxa de asalarización do sector, medida como a porcentaxe do número de postos de traballo equivalente asalariado sobre os postos de traballo equivalente totais, que se sitúa no 46,1%, o que supón

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2013	2019	2020	2021	2022	2023
Capacidade de crear valor (VEB/Producción) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	55,8	53,9	49,1	50,9	46,3	46,0	43,7	49,9
Total economía	47,5	44,9	47,1	47,4	46,8	45,9	44,2	46,0
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22,9	21,6	22,1	21,1	21,2	22,3	23,1	20,4
Total economía	45,9	46,5	45,9	45,5	47,7	45,2	44,3	44,0
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16,4	27,9	32,4	40,1	38,3	42,7	44,4	46,1
Total economía	75,6	82,8	82,5	84,3	84,8	84,3	84,6	84,8
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva (euros)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,2	12,3	14,2	18,0	16,6	17,6	20,0	22,2
Total economía	16,8	25,4	27,5	32,1	33,6	35,2	38,2	40,3
Remuneración por hora efectiva asalariada (euros)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,6	10,5	10,4	10,1	11,3	10,7
Total economía	10,8	14,9	16,0	18,0	19,6	19,5	20,7	21,6

Nota: Revisión Estadística 2024. Os datos do 2023 son provisionais

Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia .

3.1.4.

1,7 puntos por riba do estimado no ano anterior, pero aínda lonxe do 84,8% da media da economía en Galicia (40,1% ao comezo da crise económica orixinada pola covid fronte ao 84,3% na economía galega).

A remuneración media por hora efectiva do traballo asalariado no sector primario ascende a 10,7 euros por hora en 2023 (último dato dispoñible), o que representa 10,9 euros menos que a remuneración media en Galicia, o diferencial máis acusado de toda a serie considerada (3,7 euros en 2000).

O **cadro 3.1.5.** mostra os datos referentes á distribución xeral da terra en Galicia no ano 2025. Dunha banda, os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación amosan que a superficie agraria útil (SAU) volve a descender lixeiramente no último ano, situándose nas 836.697 hectáreas, 1.896 hectáreas menos que no ano anterior, das que o 56,9% corresponde a prados e pasteiros (476.028 ha) e as restantes 43,1% á superficie cultivada (360.669 ha). O devandito descenso interanual da superficie agraria útil vén motivado polo descenso da superficie dedicada a prados e pasteiros (-1,1%) aumentando un 0,8% no caso da terra cultivada. Se a comparación se realiza coa distribución da superficie agraria no ano 2019, cómpre resaltar o incremento da SAU nun 1,3% (10.700 hectáreas máis) como consecuencia dunha medra do 4,2% no caso da superficie dedicada a prados e pasteiros (19.376 hectáreas máis), mentres que se reduce un 2,3% (8.676 ha menos) a dedicada a terras de cultivo.

Tras esta evolución, a SAU representa en Galicia o 28,3% da súa superficie xeográfica, porcentaxe moi inferior á rexistrada no conxunto de España, cun 49,7%. A superficie cultivada mantense en Galicia no 12,2% da súa superficie xeográfica fronte ao 33% da media estatal, en tanto que os prados e pasteiros representan o 16,1% (16,7% en España). En 2008, o peso relativo da superficie agraria útil é do 29,8%, punto e medio superior ao rexistrado 2025, das que o 15,7%

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2025 ⁽¹⁾


	Galicia			España			Galicia / España (%)
	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	
Superficie Agraria Útil	836.697	28,3	100	25.136.995	49,7	100	3,3
Superficie cultivada	360.669	12,2	43,1	16.707.636	33,0	66,5	2,2
Cereais gran	26.744	0,9	3,2	5.745.659	11,4	22,9	0,5
Tubérculos consumo humano	8.535	0,3	1,0	51.245	0,1	0,2	16,7
Forraxeiras	227.181	7,7	27,2	1.045.184	2,1	4,2	21,7
Barbeitos	14.647	0,5	1,8	2.680.219	5,3	10,7	0,5
Frutais non cítricos	18.992	0,6	2,3	1.286.037	2,5	5,1	1,5
Viñedos	24.258	0,8	2,9	905.099	1,8	3,6	2,7
Hortos familiares	31.253	1,1	3,7	123.212	0,2	0,5	25,4
Prados e pasteiros	476.028	16,1	56,9	8.429.359	16,7	33,5	5,6
Superficie forestal	1.805.337	61,0	100	19.545.564	38,6	100	9,2
Coníferas	294.125	9,9	16,3	5.631.158	11,1	28,8	5,2
Outras superficies	316.356	10,7	100	5.915.565	11,7	100,0	5,3
Superficie total	2.958.390	100		50.598.124	100		5,8

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos

■ 3.1.5.

Distribución xeral da terra 2004-2025 ⁽¹⁾



(1) os datos do 2025 son provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, pesca y alimentación: Encuesta sobre superficies y rendimientos cultivos

■ 3.1.6.

corresponde a prados e pasteiros e a restante 13,1% a terras de cultivo (16,1% e 12,2%, respectivamente en 2025).

Pola contra, a superficie forestal representa o 61% da superficie total galega fronte ao 38,6% no conxunto do Estado (59,5% e 35,2%, respectivamente no ano 2008). Mentres que a superficie total de Galicia representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,2%, moi por riba do 3,3% que representa a SAU (a superficie cultivada supón o 2,2% e os prados e pasteiros o 5,6%).

Subsector agrogandeiro

A elevada parcelación da superficie agraria en Galicia impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro, o que determina que a superficie agraria útil en Galicia oriente a súa produción cara a cultivos relacionados coa alimentación animal. Dunha banda, o 27,2% da SAU destínase á produción de cultivo forraxeiro fronte ao 4,2% en España; por outra banda, a superficie dedicada a prados e pasteiros supón o 56,9% da SAU (33,5% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro concentra en Galicia o 28,6% da SAU e os prados e pasteiros o 52,6% (3,4% e 28,7% no conxunto do Estado).

Segundo os datos proporcionados pola base ao Sistema Integral de Trazabilidade Animal (Sitran), Galicia presenta en 2025 un forte incremento do número de explotacións. A un de xaneiro de 2026 o número de explotacións en alta ascende a 207.365, o que supón 18.560 explotacións máis que na mesma data do ano anterior (9,8%), das que 200.737 corresponden a explotacións dedicadas a produción e reprodución, o que supón un incremento do 10,2% respecto á mesma data do ano precedente (18.555 explotacións máis). Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, Galicia acolle o 31,7% das explotacións en alta fronte ao 31,3% na mesma data de 2025.

Segundo a tipoloxía de explotación, **cadro 3.1.7.**, cómpre resaltar a importancia do sector bovino, con 26.433 explotacións, o que representa o 21,3% das explotacións do sector en España, acercándose o número de reses ás 920.000, o 14% do total estatal. Entre o gando bovino o destinado ao leite ascende a 5.137 explotacións, máis da metade das explotacións españolas de leite (53,9%), e as destinadas á carne, as máis numerosas de Galicia, ascende a 16.811 explotacións, o 20,8% do total. Comparado co ano anterior o descenso do número de explotacións de bobino (-7,4%) prodúcese tanto no caso das explotacións de carnes, con 865 explotacións menos (-4,9%), como nas de cebo (858 menos; -17,8%) e nas de leite (359 explotacións menos; -6,5%). Xunto ás explotacións do gando bovino, as destinadas a gando porcino sitúase nas 29.757 explotacións (35,8% do total español), acadando as 17.833 explotacións de gando equino (9,1% do total estatal) e superando as 16.500 as explotacións de cabrún (23,6%) e ovino (15%).

O sector agrogandeiro galego caracterízase por estar orientado fundamentalmente á produción de leite de vaca, rexistrando caídas continuadas no número de produtores ao mesmo tempo que aumenta, con carácter xeral, o seu volume de produción.

Dunha banda, o número de gandeiros con entrega de leite en Galicia descende ata os 5.080

Número de explotacións segundo diferentes categorías que definen a súa tipoloxía 2024-25 ⁽¹⁾

	2025		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	26.433	918.091	21,3	14,0
Carne	16.811		20,8	
Cebo	3.951		27,3	
Leite	5.137		53,9	
Porcino	29.757	1.464.752	35,8	4,8
Cabrún	16.527	31.739	23,6	1,4
Ovino	16.527	126.104	15,0	1,0
Apicultura (Colmeas)	4.861	222.374	13,1	7,5
Equino	17.883	73.239	9,1	6,0
Galiñas	1.029	25.271.010	13,4	9,5
Pavos	314	1.291.330	16,1	12,8
Patos	43	304	3,3	0,1
Coellos	186	620.143	4,8	14,8

	2024		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	28.554	917.812	22,5	14,5
Carne	17.676		21,5	
Cebo	4.809		31,0	
Leite	5.496		54,3	
Porcino	29.264	1.463.729	35,0	4,9
Cabrún	17.144	36.501	24,5	1,6
Ovino	17.144	142.650	15,6	1,0
Apicultura (Colmeas)	4.863	221.248	13,2	7,4
Equino	17.644	69.847	9,2	5,9
Galiñas	1.075	25.762.878	14,4	9,3
Pavos	315	4.957.076	16,6	25,5
Patos	44	289	3,8	0,0
Coellos	194	747.938	5,2	16,9

(1) Datos a 1 xaneiro de 2025 e 2026

Fonte: Sistema Integral de Trazabilidade Animal (SITRAN)

■ 3.1.7.

(media anual), o que supón unha redución de 357 gandeiros respecto ao ano anterior (-6,6%). A importancia deste sector ponse de manifesto no seu peso relativo no total estatal, xa que Galicia concentra o 56,4% dos gandeiros con entregas en España, situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,5%.

Doutra banda, as entregas de leite declaradas en Galicia polos compradores increméntanse no último ano un 0,5% o que contrasta coa redución nun 0,5% no conxunto do Estado. O volume de leite producido acada as 3.088,3 miles de toneladas, o 41,7% da produción total de leite do Estado, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora seguida de Castela e León, que concentra o 12,3% do volume de produción total en España.

O 65% das entregas de leite galegas permanecen na propia Comunidade Autónoma, dirixíndose o resto ás outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 69% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as entregas.

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2024-25 (1)

	(2)	2025			2024			25/24	
		Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España
Ganadeiros con entregas	(2)	5.080,1	9.012	56,4	5.437,2	9.638	60,3	- 357	- 626
Produción	(miles de Tm)	3.088,3	7.410,3	41,7	3.071,9	7.443,9	41,5	16	- 34
Entregas mesma comunidade	(%)	65,0	69,0		67,0	70,0			
Entregas outra comunidade	(%)	35,0	31,0		33,0	30,0			

(1) Ventas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

(2) Gandeiros mes, media anual.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Dir. Gral. de Producciones y Mercados Agrarios.

3.1.8.

Prezo medio do leite en Galicia e España 2020-25(1)


	2020	2021	2022	2023	2024	2025
	(en céntimos por litro)					
Galicia	32,30	33,30	45,30	52,50	46,80	49,70
España	33,20	34,20	46,40	54,70	49,10	51,00
Diferencial Galicia / España	-0,90	-0,90	-1,10	-2,20	-2,30	-1,30

(1) prezos medios ponderados sen impostos

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.9.

Evolución do prezo do leite 2025 (1)



(1) Os datos de Galicia midense en €/100 litros e o resto en euros/100 kg

Fonte: European Comision, Milk Market Observatory e Consellería do Medio Rural, FOGGA

3.1.10.

O prezo medio ponderado sen impostos por litro de leite percibido polo produtor (**cadro 3.1.9.**), tras a caída experimentada en 2024, retoma a súa tendencia crecente dos últimos anos, rexistrándose unha medra interanual tanto en Galicia como en España. En 2025 o prezo medio ponderado acada os 49,70 céntimos en Galicia fronte aos 51,00 céntimos por litro no conxunto do Estado. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos cómpre mencionar que o diferencial con respecto ao Estado redúcese ata os 1,30 céntimos por litro, cando nos dous anos anteriores superaba os dous céntimos. A evolución mensual do prezo do leite (**cadro 3.1.10.**) mostra unha evolución semellante en Galicia e España, presentando niveis inferiores á Unión Europea ao longo de todo o ano agás novembro e decembro logo do significativo descenso na UE.

Por último, no que á denominación protexida Tenreira galega se refire, no ano 2024 (último dato dispoñible) rexístrase un descenso do número de explotacións inscritas con actividade, o que contrasta coa medra da produción de carne certificada. Nese ano, o número de explotacións descende a 7.942, das que 7.558 son ganderías inscritas con actividade (245 menos que no ano anterior) e as restantes 384 corresponden a cebadeiros (28 menos). Fronte a esta descenso, a produción de carne certificada medrou un 4,9%, acadando as 24.166 toneladas de carne, 1.139 toneladas máis que no ano anterior. Tras esta evolución, o valor económico estimado mantén a súa tendencia crecente, acadando os 175 millóns de euros, un 6,7% máis que no ano anterior (medra un 3,9% en 2023).

Subsector vitivinícola

A diferenza do acontecido na campaña anterior, o sector vitivinícola en Galicia no ano 2025 rexistra unha medra tanto da colleita como da produción de viño cualificado. En concreto, a colleita increméntase un 2,5% para situarse nos 76,2 millóns de quilos de uva (1,8 millóns máis) e a produción de viño un 4,7%, acadando os 49,1 millóns de litros (2,2 millóns máis). Tras este comportamento da produción, o seu valor económico acada os 379,4 millóns de euros, o que supón 31,3 millóns máis que no ano precedente (9%). As Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) concentran en conxunto o 4,8% das adegas inscritas (22), se ben a súa produción total representa o 0,2% e o valor económico estimado supón o 0,1% do total galego (116,5 miles de litros e medio millón de euros, respectivamente).

Analizando as diferentes denominacións de orixe, o **cadro 3.1.11.** mostra como a DO Rías Baixas é a que presenta os valores máis elevados tanto no caso de viticultores e adegas inscritas como no concernente á produción e valor económico estimado. Dunha banda, esta DO concentra máis da metade dos viticultores (52%) e da superficie inscrita (51,4%); en concreto, 4.949 viticultores e 4.848 hectáreas. Doutra banda, a produción ascende a 47,5 millóns de quilos de uva ou 27,1 millóns de litros (62,2% e 55,3% do total galego), acadando o seu valor económico os 258,7 millóns de euros, o 68,2% do total galego.

No que respecta ao incremento da produción e valor económico da mesma en relación a 2019, este non se produce de xeito homoxéneo entre as distintas Denominacións de Orixe. Dunha banda, fronte ao forte incremento da produción rexistrado na DO Rías Baixas (15,1 millóns de quilos de uva máis; 46,6%), e en menor medida nas denominacións de orixe de Monterrei (2,4

Sector vitivinícola 2025: distribución segundo Denominación de Orixe

2025

	Denominación de Orixe Protexida					Viños da Terra					Galicia
	Ribeiro	Valdeorras	Rías Baixas	Monterrei	Ribeira Sacra	Barbanza e Iria	Betanzos	Val do Miño - Ourense	Ribeiras do Morrazo	Terras de Navia	
Viticultores inscritos	1.309	938	4.949	397	1.878	15	8	2	17	8	9.521
Adegas inscritas	93	41	177	30	93	4	5	2	6	5	456
Superficie inscrita (Ha)	1.215	1.223	4.848	852	1.253	11	6	7	11	7	9.433
Colleita (Kg)	8.129.028	7.551.340	47.512.790	8.072.780	4.620.530	69.380	24.440	48.700	103.870	25.600	76.158.458
Produción (litros)	7.567.000	5.412.289	27.117.841	5.331.692	3.510.789	27.699	9.285	25.000	47.500	7.064	49.056.159
Valor económico estimado (€)	30.722.000	43.298.000	258.709.000	25.272.000	20.841.000	127.000	43.000	115.000	218.000	41.000	379.386.000

Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.1.11.

millóns; 43,3%) e Valdeorras (0,8 millóns de quilos máis; 11%), as DO da Ribeira Sacra e Ribeiro presentan unha redución superior ao 32%, o que supón 2,6 e 3,9 millóns de quilos menos.

En termos monetarios, todas as denominacións de orixe agás a de Ribeira Sacra presentan unha medra no valor económico da produción. Dunha banda, a DO Rías Baixas é a que presenta o mellor comportamento tanto en termos absolutos como relativos, ao aumentar o valor da produción máis de 25,3 millóns de euros, o que supón un 10,8% entre os dous anos considerados. Séguelle a distancia a DO Valdeorras e a DO Monterrei, cun incremento superior a 2,1 millóns de euros (5,5% d 9,2%, respectivamente) e a DO Ribeiro, cunha medra de 1,7 millóns de euros (5,7%). Por contra, a DO Ribeira Sacra presenta unha caída do 0,9%, o que supón 0,2 millóns de euros menos. Comparado co ano 2019, fronte ao incremento do 81,9% na DO Rías Baixas ou do 124,2% en Valdeorras (116,4 e 24 millóns máis, respectivamente), a DO Ribeira Sacra presenta o peor resultado, cun descenso do 2,9% (0,6 millóns de euros menos), permanecendo practicamente igual na DO Ribeiro (0,2% máis).

Agricultura ecolóxica

Por agricultura ecolóxica enténdese aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Segundo os datos publicados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) o número de hectáreas certificadas medra no ano 2025 un 2,7% acadando as 46.677,3 ha. Este incremento de 1.218,1 ha vén motivado fundamentalmente pola medra do 13% na Coruña (673,8 hectáreas máis) e do 3,4% en Ourense (572 ha máis). A provincia de Pontevedra presenta unha medra do 4,1%, o que significa 80,5 ha máis. Esta evolución contrasta co descenso do 0,5% experimentado en Lugo, o que supón 108,3 hectáreas menos.

A pesar da devandita redución, Lugo é quen presenta o maior número de hectáreas dedicadas a produtos ecolóxicos, con 21.331,8 ha, o que supón o 45,7% das hectáreas certificadas en Galicia, ascendendo en Ourense ata as 17.426,4 hectáreas (37,3% do total). En conxunto, ambas provincias concentran no último ano o 83% da superficie total dedicada á agricultura ecolóxica fronte ao 84,2% do ano precedente.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, en 2024 (último dato desagregado publicado) o 86,1% da superficie inscrita está dedicada a pastos permanentes, con 39.134 ha. Séguelle o terreo forestal, con 2.698,2 hectáreas e os cultivos permanentes (froiteiras, viñedos, froitos secos e oliveiras), cun 4,5% (2.049,3 ha), entre os que destaca a superficie dedicada a castañas (1.322,1 ha). En relación ao ano anterior, o devandito descenso da superficie certificada prodúcese tanto na dedicada a pastos permanentes, con 479,3 hectáreas ha menos (-1,2%); como da superficie centrada en cultivos permanentes, con 1.084,9 hectáreas menos (18,6% inferior) como no caso das terras arables, con 146,1 ha menos (9,6%).

Atendendo á distribución segundo tipo de operador, Galicia conta en 2025 cun total de 1.117 produtores e 390 elaboradores e comercializadores. Segundo o tipo de operador por produto, salienta a gandaría e a produción vexetal, con 529 e 428 operadores, respectivamente. En conxunto concentra o 85,7% do total de produtores, porcentaxe similar á do ano precedente.

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Craega acaba en 2025 os 118,4 millóns de euros, o que supón un 6,4% máis que no ano anterior. Entre a produción que máis volume de vendas certificadas obtivo salienta o leite, con 38,7 millóns de euros (un 1,8% máis que en 2024); a carne e derivados, con 15,7 millóns (medra un 0,7%), e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 9 millóns (un 9,4% inferior). Estes tres produtos concentran o 53,4% do valor total, fronte ao 57% do ano anterior.

Subsector mar-industria

O Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma permite coñecer o número de embarcacións operativas en Galicia, no que se inclúen as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de matriculacións de buques con porto base en Galicia que estean operativas. O número de embarcacións operativas descende un ano máis, de xeito que a 31 de decembro de 2025 había un total de 4.124 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), 36 buques menos que na mesma data do ano anterior. Por contra, o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) redúcese en 19 embarcacións, acadando os 1.279 buques.

A devandita redución concéntrase fundamentalmente no caladoiro nacional (Cantábrico-No-oroeste). Tras unha caída de 35 embarcacións, un total de 3.959 buques faenan neste caladoiro, fronte aos 100 buques en pesqueiras internacionais, dous menos que no ano precedente, e 65 embarcacións faenan en pesqueiras comunitarias, unha máis que na mesma data de 2024. O maior número de buques rexistrados na frota pesqueira galega son os de artes menores, cunha cifra de 3.683 embarcacións (29 menos que no ano precedente), embarcacións de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica con diferentes artes que utilizan en función da especie obxectivo.

A maior parte das embarcacións pesqueiras teñen o seu porto base na denominada zona III Arousa (39%; 1.610 embarcacións), seguida polas zonas I-Vigo (15,2%; 626) e IV-Muros (15%; 620). No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura, as devanditas 1.279

Actividade pesqueira e marisqueira 2019-25: distribución segundo grandes grupos

	Producción				
	2019	2023	2024	2025	25/24
	(Kg.)				(%)
Total	158.167.314	125.793.279	102.461.771	107.600.452	5,0
Algas	404.560	398.696	551.831	402.769	-27,0
Bivalvos	9.828.890	5.105.848	3.735.806	3.742.212	0,2
Cefalópodos	4.177.617	6.548.889	4.023.905	5.580.478	38,7
Crustáceos	1.203.796	1.128.441	1.093.815	944.382	-13,7
Equinodermos	831.713	719.912	633.745	589.838	-6,9
Gasterópodos	2.797	478	1.185	2.520	112,6
Peixes	141.417.974	111.669.488	92.233.350	96.153.307	4,3
Poliquetos	5.525	3.833	3.696	3.643	-1,4
Resto das descargas	294.441	217.694	184.437	181.302	-1,7

	Valor				
	2019	2023	2024	2025	25/24
	(euros)				(%)
Total	464.888.248	412.383.761	382.952.647	407.783.173	6,5
Algas	336.500	303.472	426.721	322.472	-24,4
Bivalvos	88.060.891	62.625.004	44.178.364	47.754.165	8,1
Cefalópodos	25.942.677	33.855.110	24.049.256	29.375.683	22,1
Crustáceos	21.134.515	21.073.605	21.423.428	21.375.887	-0,2
Equinodermos	6.028.382	7.880.459	7.116.872	6.850.330	-3,7
Gasterópodos	30.717	9.403	6.782	12.665	86,7
Peixes	322.161.936	285.238.346	284.224.468	300.451.689	5,7
Poliquetos	324.309	296.991	296.958	293.987	-1,0
Resto das descargas	868.321	1.101.370	1.229.797	1.346.296	9,5

(1) Datos definitivos ata 31 decembro 2024. Os de 2025 son provisionais ata consolidación estatística. Consulta: 3-2-2026
Fonte: Consellería do Mar.

■ 3.1.12.

embarcacións rexistradas están principalmente concentradas na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (920 barcos).

No concernente á actividade pesqueira e marisqueira, medida a través das vendas rexistradas nas lonxas galegas, no conxunto do ano 2025 ráchase a tendencia descendente no seu volume de produción iniciada no ano 2018, tan só interrompida en 2022, reducíndose ao mesmo tempo a súa facturación. Dunha banda, o volume de produción acada no último ano os 107,6 miles de toneladas, un 5% máis que no ano precedente, o que supón o valor máis reducido dende o ano 2008 (173,6 miles de toneladas, só por detrás do acadado no ano anterior). Por contra, a súa facturación cae un 6,5% respecto ao rexistrado en 2024 e acada os 407,8 millóns de euros (451,2 millóns no ano 2008).

O devandito incremento da produción (5,1 miles de toneladas máis) prodúcese fundamentalmente no grupo de peixes, que experimenta unha medra interanual do 4,3% (3,9 miles de toneladas), e no de cefalópodos, cun 38,7% (1,6 miles de toneladas), cando no ano anterior descendera un 17,4% e 38,6%, respectivamente. Tras esta evolución, o **cadro 3.1.12.** reflicte que os peixes constitúen o grupo de especies máis importante, ao representar o 89,4% da pro-

Actividade pesqueira e marisqueira 2024-25: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2025 <i>(en kg.)</i>	25/24 <i>(%)</i>	25/24 <i>(%)</i>	2025 <i>(en euros)</i>	25/24 <i>(%)</i>	25/24 <i>(%)</i>
Vigo	19.907.614	19,4	2,2	85.196.866	22,2	3,7
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	21.238.169	20,7	-14,7	59.581.353	15,6	-17,3
Burela	11.600.084	11,3	4,9	58.113.204	15,2	0,6
Celeiro	11.146.045	10,9	1,5	46.848.690	12,2	-0,4
Ribeira	19.641.617	19,2	11,3	40.084.110	10,5	-8,0
Cedeira	1.075.800	1,0	-13,4	7.594.223	2,0	-6,0
Carril	576.043	0,6	9,4	7.655.188	2,0	8,9
Cambados	1.029.149	1,0	2,5	6.385.680	1,7	-9,0
O Grove	516.654	0,5	23,8	6.519.851	1,7	15,4
Noia	517.483	0,5	-10,7	4.468.005	1,2	-20,5
Muros	1.167.806	1,1	-4,5	4.056.359	1,1	-12,8
Cangas	309.880	0,3	10,9	4.652.381	1,2	1,8
Portosín	2.102.538	2,1	-41,9	2.049.055	0,5	-48,6
Camarifñas	2.401.253	2,3	-24,0	2.936.562	0,8	-25,5
Marín	1.150.918	1,1	-2,0	3.606.590	0,9	-4,8
Malpica	737.711	0,7	-30,8	2.942.955	0,8	-18,1
Fisterra	407.642	0,4	0,4	3.048.303	0,8	-7,8
Corcubión	1.207.709	1,2	-29,7	2.356.063	0,6	-27,8
Bueu	356.616	0,3	28,6	2.695.470	0,7	-15,2
A Illa de Arousa	464.688	0,5	9,9	2.474.503	0,6	-19,7

Consulta: 4-2-2026

Fonte: Consellería do Mar

■ 3.1.13.

dución (96,2 miles de toneladas) e o 73,7% do valor total en primeira venda (300,5 millóns), porcentaxes inferiores ás do ano anterior, co 90% e 74,2%, respectivamente.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas galegas (**cadro 3.1.13.**), entre as cinco primeiras lonxas en termos de produción e valor, tan só A Coruña (Lonja Coruña S.A.) presenta un peor comportamento en relación ao ano anterior no que ao valor da produción se refire ao experimentar unha caída do 14,7%. A pesar desta evolución, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) mantense como a principal lonxa en termos de produción, ao concentrar o 20,7% da produción total, por diante da de Vigo que, tras unha medra interanual do 2,2%, concentra o 19,4% da produción. En terceiro lugar atópase Ribeira, ao acoller o 19,2% da produción logo dun incremento do 11,3%. No concernente á facturación, Vigo, tras unha medra interanual do 3,7%, mantense como a principal lonxa galega, ao acoller o 22,2% da facturación total de Galicia, seguida pola da Coruña, que acolle o 15,6% do valor total, e Burela, co 15,2%.

O subsector da acuicultura en Galicia rexistra no ano 2024 (último dato dispoñible) unha medra do 6,4% no valor da produción acuícola sen contar coa dirixida a países fóra da UE, acadando os 254,4 millóns de euros, dos que o 55,9% é xerado por produtos consumidos na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 19,1% e os destinados a outras CC.AA., un 25%. En relación ao ano anterior, o devandito incremento na súa

Valor da produción acuícola en Galicia 2023-24: distribución segundo destino xeográfico

	2024	2023
	<i>(en euros)</i>	
Total	254.384.982,5	255.451.141,6
Mesma Comunidade Autónoma	142.249.444,5	137.398.934,2
Distinta Comunidade Autónoma	63.560.244,7	54.071.508,0
Outro país da Unión Europea	48.575.293,3	47.695.990,7
Terceiros países	S.E.	16.284.708,6

S.E. Dato non publicado por segredo estatístico

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: produción de acuicultura*

■ **3.1.14.**

Emprego na acuicultura 2024

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	<i>(UTA) (1)</i>	<i>(persoas)</i>	<i>(UTA)</i>	<i>(persoas)</i>	<i>(UTA)</i>	<i>(persoas)</i>
Andalucía	526	574	31	50	556	624
Aragón	64	73	-	-	64	73
Asturias	45	70	7	8	52	78
Baleares	91	96	2	2	93	98
Canarias	224	236	1	1	225	237
Cantabria	15	21	3	5	18	26
Castela-A Mancha	55	60	0	1	55	61
Castela e León	206	224	5	5	210	229
Cataluña	446	489	26	32	472	521
C. Valenciana	332	347	2	2	333	349
Estremadura	35	43	8	21	43	64
Galicia	1.258	1.880	2.371	4.230	3.629	6.110
Murcia	322	326	1	2	323	328
Navarra	12	20	1	1	13	21
País Vasco	3	7	-	-	3	7
A Rioxa	43	44	-	-	43	44
Total	3.677	4.509	2.457	4.360	6.134	8.869

(1) UTA: unidades de traballo anual, nº de persoas que traballan a tempo completo durante todo o ano.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

■ **3.1.15.**

facturación vén motivado fundamentalmente pola medra nos mercados en España, tanto na propia CA, cun aumento do 3,5% (4,9 millóns máis), como no caso da facturación no resto das CC.AA. (17,5%; 9,5 millóns). A facturación da produción acuícola dirixida a outros países no mercado europeo medra un 1,8% (0,9 millóns de euros máis).

No que respecta á ocupación no sector (**cadro 3.1.15.**), os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación reflicten que en 2024 se rexistraron 6.110 empregos (3.629 UTA), o que representa o 68,9% do emprego do sector a nivel estatal e o 59,2% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 624 persoas empregadas (556 UTA), que supón o 7% (9,1% UTA). Comparado co ano anterior aumenta a ocu-

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2025

	Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE (en millóns de euros)			(%)
FEAGA Exercicio 2025 (acumulado outubro 24-25) (1)	185	5.722	3,2
FEADER gasto público total, exercicio 2025 (acumulado outubro 24-25) (2)	141	1.587	8,9
Dereitos Axuda Básica			
Nº beneficiarios DAB	21.625	566.699	3,8
Nº de dereitos	382.402	19.419.435	2,0
Importes DAB (en euros)	59.155.082	2.371.427.243	2,5

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

■ 3.1.16.

pación tanto en Galicia como, en menor medida, no conxunto de España; en concreto un 12% en Galicia fronte ao 4,8% en España (15,6% e 8% en termos UTA, respectivamente).

A actividade de marisqueo, e en concreto o marisqueo a pé, rexistrou a 31 de decembro de 2025 un total de 3.179 permisos de actividade, o que supón unha redución do 3,9% respecto ao ano anterior (128 permisos menos). Entre as características das persoas que teñen estes permisos cómpre mencionar en primeiro lugar que o 53,2% dos permisos corresponden a persoas cunha idade superior a 51 anos (1.691 permisos) e un 31,5% (1.005 permisos) son de persoas cunha idade comprendida entre 41 e 50 anos. Asemade, o sector caracterízase pola forte presenza das mulleres, que concentran o 70,2% dos permisos (74,7% no ano precedente), aumentando dita presenza a medida que avanza os grupos de idade, de tal forma que case o 80% dos permisos entre as persoas maiores de 60 anos corresponden a mulleres fronte ao 44,1% no caso dos menores de trinta.

Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común

As axudas da Política Agraria Común no exercicio 2025 ascenderon a 184,6 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), e ata os 140,7 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Estes pagos representan o 3,2% do total estatal para o FEAGA e o 8,9% no caso do FEADER (**cadro 3.1.16.**).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de pagos básicos ascende a 21.625 persoas, o 3,8% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 59,2 millóns de euros, o 2,5% do total estatal. O número total de dereitos ascende no último exercicio a 382.402, o que supón o 2% do total estatal.

Os **cadros 3.1.17.** e **3.1.18.** reflicten os pagamentos FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas. Entre os pagamentos FEAGA salienta en primeiro lugar, polo que ao seu importe se refire, a axuda á renda asociada, con 74,6 millóns de euros (11,3% do total estatal), e máis concretamente, aquela asociada á produción sostible de leite

Pagamentos FEAGA en Galicia e España no exercicio 2025

	Galicia	España	G/E
	<i>(en euros)</i>		<i>(%)</i>
Axuda básica á renda para a sustentabilidade	60.691.575,33	2.413.804.879,86	2,5
Axuda complementaria á renda redistributiva	15.879.185,83	491.294.832,27	3,2
Axuda complementaria á renda para xóvenes agricultores	5.341.941,98	96.743.645,92	5,5
Ecorreximes	18.639.668,40	1.114.477.911,61	1,7
Axuda á renda asociada	74.559.260,29	662.110.162,06	11,3
Líneas ayudas directas (campañas anteriores)	309.477,34	36.340.931,84	0,9
Frutas y hortalizas (de la OCMA, campañas anteriores)	136.896,35	151.920.850,77	0,1
Intervención sectorial de productos apícolas.	737.911,76	8.888.614,86	8,3
Programa apoio sector vitivinícola (PASVE, campañas anteriores)	1.294.501,76	4.858.800,41	26,6
Intervención sectorial del sector vitivinícola.	6.454.420,28	195.719.388,86	3,3
Frutas y hortalizas para los centros escolares.	306.756,70	8.834.750,74	3,5
Distribución de leche a centros escolares.	214.494,59	4.047.729,51	5,3
Outros	0,00	532.986.266,19	0,0
Total	184.566.090,61	5.722.028.764,90	3,2

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.17.

Pagamentos FEADER en Galicia no exercicio 2025 ⁽¹⁾

	Galicia			Galicia / España	
	Importe Feeder	Importe Nacional	Importe acumulado gasto público	Importe Feeder	Importe acumulado gasto público
	<i>(en euros)</i>			<i>(peso realtivo Galicia / España; %)</i>	
01 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	47.843,25	15.947,76	63.791,01	0,5	0,5
02 - Servizos de asesoramento, xestión e substitución de explotacións agrarias	294.262,92	17.850,00	312.112,92	6,6	4,2
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	2.584.652,20	861.550,65	3.446.202,85	44,8	39,2
04 - Investimentos en activos físicos	34.162.450,94	9.829.473,00	43.991.923,94	6,7	6,2
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	7.723.113,59	473.239,88	8.196.353,47	12,9	11,9
07 - Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais	2.252.617,01	750.872,23	3.003.489,24	4,2	4,3
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	33.212.946,59	11.070.979,94	44.283.926,53	18,7	18,1
10 - Agroambiente e clima	2.139.975,96	713.325,04	2.853.301,00	8,5	8,8
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	12.961.081,07	4.321.278,12	17.282.359,19	21,1	19,3
15 - Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques	736.325,03	245.441,59	981.766,62	20,0	23,4
16 - Cooperación	1.486.070,92	495.356,96	1.981.427,88	4,1	4,3
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	9.711.168,16	3.237.056,20	12.948.224,36	6,7	7,4
20 - Asistencia técnica	1.047.757,51	349.252,50	1.397.010,01	2,9	2,7
Total	108.360.265,15	32.381.623,87	140.741.889,02	9,1	8,9


(1) Período comprendido entre o 16 outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.18.




de vaca, con 54,1 millóns de euros (o 45,6% do total estatal), e aos gandeiros de vacún extensivo, con 16,2 millóns (8,9%); situándose en segundo lugar as axudas básicas para a sostenibilidade, con 60,7 millóns de euros, o que supón o 2,5% do total desta axuda en España. No caso dos pagamentos FEADER, seguen destacando polo seu importe os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 44,2 millóns de euros (o 18,1% do total estatal), e os investimentos en activos físicos, con 4,4 millóns de euros (6,2% do total en España); en conxunto, estas dúas liñas concentran o 62,7% do gasto público deste Fondo en Galicia (30,3% en España).

Por último, no que á política pesqueira se refire, os pagos certificados e remitidos á Comisión Europea no ano 2025 ascenderon a 87 millóns de euros, dos que 60,9 millóns corresponden ao Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro e os restantes 26,1 millóns, á contribución estatal. En relación ao conxunto de España, Galicia concentra o 31,2% do total dos fondos certificados e remitidos en 2025. 



Distribución porcentual do veb xerado polo sector industrial por comarcas. 2023



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.


MAPA 3.

Sector industrial

O sector industrial galego presenta en 2025 unha nova desaceleración no seu ritmo de crecemento. En concreto, o sector industrial no seu conxunto presenta unha taxa de variación interanual do 2,2%, máis dun punto inferior ao estimado no ano anterior (3,3%), en tanto que o subsector de manufacturas medra un 3,2% fronte ao 4,5% do ano precedente. No conxunto de España esas taxas de crecemento sitúanse no 2,3% e 2%, respectivamente.

En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascende ata os 13.447,8 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas

Valor engadido bruto e emprego na industria (1) (2)



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadeados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2026)
 (2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

■ 3.1.19.

trimestrais, o que representa o 15,6% do PIB total da economía galega (17,2% do VEB). No caso da industria manufacturera, o seu peso relativo ascende ata o 11,9% do PIB (13,1% do valor engadido bruto). No conxunto do Estado o sector industrial (incluída a enerxía) representa o 14,2% do PIB, en tanto que a industria manufacturera, supón o 10,6% do PIB a prezos correntes.


No que respecta ao emprego no sector industrial, no conxunto do ano 2025 aumentan as afiliacións en alta laboral, situándose a media anual no último día de cada mes en 150.026 persoas afiliadas (1.722 persoas máis que no ano anterior; 1,2%), das que 139.110 afiliacións corresponden ás ramas de actividade manufacturera (1.665 máis; 1,2%).

Entre as actividades da industria manufacturera as que presentan un maior incremento das afiliacións en termos cuantitativos son as de fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento, con 1.218 afiliacións máis (6,8%); por diante da fabricación de produtos de caucho e plásticos, con 193 afiliacións máis (6,8%); e a industria de alimentación, con 190 afiliacións máis que na mesma data do ano anterior (0,6% máis). No extremo oposto cómpre mencionar o comportamento das actividades de Fabricación doutros produtos minerais non metálicos, con 267 afiliacións menos (-4%); e da industria de madeira e cortiza, agás mobles, cestería e espartaría, con 170 menos (-2,1%).


Para analizar a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial utilizamos o índice de produción industrial (IPI). Este indicador, que mide os cambios na produción sen efecto dos prezos, reflicte no último ano unha medra media anual do 0,9%, catro décimas menos que o experimentado no conxunto do Es-



Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2023



Peso porcentual no VEB do sector industrial de Galicia. Ramas de actividade.



Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia

Índice de producción industrial de Galicia e España 2025

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
	(1)	2025	Interanual decembro	(1)	2025	Interanual decembro
		(2)	(3)		(2)	(3)
		(%)			(%)	
Xeral	99,1	0,9	7,2	102,7	1,3	3,0
Bens de consumo	106,8	4,5	1,9	104,4	1,1	4,0
B. consumo duradeiro	122,9	-0,5	-5,7	104,9	0,0	-1,3
B. consumo non duradeiro	105,8	4,9	2,7	104,4	1,2	4,5
Bens de equipamento	110,9	3,3	-6,1	111,4	0,1	2,7
Bens intermedios	85,0	1,0	7,6	95,1	0,9	1,1
Energía	92,0	-6,1	30,8	103,5	3,9	4,7

Base 2021

(1) media dos 12 meses


(2) variación da media anual

(3) taxa de variación anual

Fonte: INE, Índice de producción industrial

3.1.21.

Índice de producción industrial en Galicia e España 2012-25(1). Taxa de variación media anual



(1) Base 2021

Fonte: INE, Índice de producción industrial

3.1.22.

Índice de producción industrial 2025: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións media acumulativa 25/19 (1)		Variacións 25/24 (2)	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	-0,3	0,0	0,9	1,3
B Industrias extractivas	8,7	0,2	-6,0	4,9
08 Outras industrias extractivas	8,7	1,4	-6,0	2,0
C Industria manufactureira	0,0	0,0	3,1	0,6
10 Industria da alimentación	1,0	-0,2	4,9	1,7
11 Fabricación de bebidas	4,7	0,6	8,7	1,9
13 Industria téxtil	-7,7	-1,2	-16,3	-1,5
14 Confección de roupa de vestir	8,7	-4,8	9,4	-5,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1,1	-1,4	0,9	2,3
17 Industria do papel	-2,7	-0,1	-5,2	-0,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-17,9	-4,0	-29,8	0,2
20 Industria química	-4,1	0,2	-0,4	0,6
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,4	-0,3	6,0	-0,6
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-2,3	-1,0	-4,5	0,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-10,1	-2,5	3,3	0,7
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-4,0	-0,5	9,4	2,4
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-1,3	5,3	29,3	4,5
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-2,0	1,7	-2,7	0,9
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	4,2	1,0	-1,3	-0,8
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,7	-2,0	1,0	-4,5
30 Fabricación doutro material de transporte	-5,7	1,1	17,6	6,1
31 Fabricación de mobles	8,0	1,0	-1,1	2,4
32 Outras industrias manufactureiras	3,8	1,5	3,2	1,3
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-2,1	0,9	-2,3	1,5
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-2,5	0,1	-7,4	4,6
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-2,5	0,1	-7,4	4,6

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media anual

Fonte: IGE, Índice de produción industrial

3.1.23.

tado. Comparado co nivel medio do IPI en 2019, a taxa de variación media anual acumulativa rexistrou unha redución do 0,3% en Galicia, manténdose estable en España.

O devandito incremento no IPI en Galicia no último ano vén motivado tanto polo comportamento rexistrado na produción dos bens de consumo non duradeiro como polos bens de equipo e os bens intermedios, que presentan unha variación media anual do 3,3% e 1%, respectivamente. Por contra, o IPI correspondente aos bens enerxéticos descende un 6,1% e o dos bens de consumo duradeiro un 0,5%. Como reflicte o **cadro 3.1.21.**, no conxunto de España o IPI aumenta en todos os destinos económicos, rexistrándose o incremento máis acusado no caso dos bens enerxéticos, cunha medra do 3,9%.

Se a comparación se realiza coa media do ano 2019, tanto en Galicia como en España o devandito descenso do IPI prodúcese no caso dos bens intermedios e na enerxía, sendo máis intenso

na C.A.. En concreto, o descenso medio anual acumulativo entre os dous anos considerados do IPI dos bens intermedios foi do 2,5% e dun 2,3% nos bens enerxéticos (0,6% e 0,1% no conxunto do Estado). No extremo oposto, o IPI dos bens de consumo medra en Galicia un 2,6% (0,3% en España) manténdose estable o dos bens de equipamento.

Tal como se observa no **cadro 3.1.23.**, o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais manufactureiras aumenta no último ano en Galicia un 3,1% respecto ao ano 2024, dous puntos e medio por riba do estimado para o conxunto do Estado (0,6%). As ramas de actividade que presentan en Galicia un mellor comportamento atendendo á súa evolución son as de fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos (20,3%); fabricación doutro material de transporte (17,6%); e as ramas de confección e roupa e de fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo (9,4%). No extremo oposto sitúanse a industria téxtil, cunha caída do 16,3%; e as artes gráficas, cun descenso do 29,8%. Se a comparación se realiza co índice medio no ano 2019, en Galicia cómpre mencionar ao incremento das actividades de fabricación de mobles, cunha medra anual acumulativa do 8%; confección de roupa de vestir, cun 8,7%; e fabricación de bebidas, cunha medra do 4,7%; en contraposición do acontecido coas actividades de artes gráficas e metalurxia, cunha redución do 17,9% e 10,1%, respectivamente; e a industria téxtil, cunha caída do 7,7%.

Un indicador que mostra as expectativas das persoas empresarias é o Índice de confianza empresarial, con datos que rexistran claramente a evolución da pandemia. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.24.**) amosa expectativas claramente pesimistas dende o segundo trimestre do ano 2020 ata o segundo de 2023. A partir dese momento, o índice de expectativas do trimestre entrante presenta con carácter xeral valores positivos, acadando un valor de 17,9 puntos no cuarto trimestre do ano, o valor máis elevado de toda a serie considerada. Este cambio nas expectativas é máis positivo en Galicia que no conxunto de España, rematando o ano cun valor do ICEH 2,6 puntos superior ao estimado en España, o dobre do estimado no mesmo período do ano anterior. Como se aprecia no **gráfico 3.1.25.**, ao longo de toda a serie analizada tan só sete trimestres presentan un diferencial positivo, o derradeiro trimestre dos anos 2013, 2023 e 2024; o segundo de 2020; así como tres trimestres no ano 2025, o primeiro, terceiro e cuarto.

Outro indicador que nos permite observar a evolución do sector industrial, e en concreto da industria manufactureira, é o das variacións interanuais das vendas dos seus produtos. Tal como amosa o **cadro 3.1.26.**, este indicador reflicte unha medra do 6,9%, acadando o valor das vendas os 44.818,8 millóns de euros, o que supón o 7,8% do total estatal. As producións que achegan maior valor son as de vehículos de motor (24,9% do total) e a de alimentación (23,3% do total); así como a fabricación de produtos metálicos (6,4%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades de confección de prendas de vestir, que representa o 51,1% das vendas do conxunto do Estado; e as de madeira e cortiza e o subsector de vehículos de motor, remolques e semirremolques, cun peso relativo en torno ao 17,5%.

Finalmente, a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais afecta de xeito directo sobre a rendibilidade das empresas. O prezo da electricidade aumenta notable-


Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2019-25 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2019						
I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1
2020						
I	0,8	-5,8	128,1	1,9	-5,9	130,6
II	-29,7	-68,6	97,0	-36,3	-72,0	95,5
III	-65,2	-47,0	93,1	-62,8	-47,2	95,5
IV	-34,0	-42,8	104,8	-38,8	-41,3	105,5
2024						
I	8,3	0,6	132,6	8,1	-1,6	134,0
II	-0,8	6,2	131,4	3,0	9,3	136,0
III	6,0	11,3	135,3	9,6	8,9	138,0
IV	13,8	10,5	137,6	6,5	6,8	136,3
2025						
I	15,2	7,7	137,1	11,3	4,1	137,0
II	3,5	10,9	134,3	4,5	11,2	137,1
III	10,3	18,4	139,0	10,6	9,6	138,6
IV	17,9	12,1	139,4	7,0	7,9	136,8

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100);
 expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas);
 ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: INE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.24.

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2013-25



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: INE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.25.


Vendas de produtos da industria manufactureira 2024: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)	Taxa variación interanual (%)
Alimentación	9.690.517	21,6	7,8	-1,2
Bebidas	1.505.547	3,4	7,6	3,3
Téxtil	96.264	0,2	2,0	-9,4
Confección de prendas de vestir	1.885.930	4,2	51,1	10,7
Madeiras e cortiza	1.285.290	2,9	17,5	-5,0
Papel	606.371	1,4	3,5	2,8
Artes gráfica e reprodución de soportes	157.393	0,4	3,5	26,0
Industria química	940.303	2,1	2,3	15,4
Productos farmacéuticos	215.279	0,5	1,7	(1)
Manufacturas de caucho e plástico	1.077.746	2,4	4,7	3,5
Productos minerais non metálicos	932.685	2,1	4,6	2,6
Producción, 1º transformación e fundición de metais	1.731.191	3,9	5,7	1,9
Produtos metálicos	2.890.035	6,4	7,0	19,2
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	160.170	0,4	3,7	-13,2
Material e equipo eléctrico	409.055	0,9	2,5	-9,9
Maquinaria e equipo	1.245.122	2,8	5,4	0,6
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	11.162.578	24,9	17,3	23,3
Outro material de transporte	768.116	1,7	5,8	51,7
Mobles	809.450	1,8	10,2	15,8
Otras industrias manufactureiras	138.780	0,3	2,9	-16,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	1.380.653	3,1	7,0	16,7
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.893.743	4,2	7,9	-21,4
Total	44.818.765	100,0	7,8	6,9

(1): Os datos de 2023 están protexidos polo secreto estatístico
 Fonte: INE, Encuesta Industrial de Productos

3.1.26.

Índices do prezo da electricidade para consumidores non domésticos na UE-27 e España 2017-25 (1)



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Incluido impostos e gravames
 Fonte: EUROSTAT

3.1.27.



mente a partir do primeiro semestre do ano 2021, acadando no segundo semestre de 2022 os valores máis elevados. O **cadro 3.1.27** amosa que nos último tres anos o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh sitúase significativamente por riba da media europea (UE-27) a diferenza do que acontecía no segundo semestre de 2021 e no ano 2022.

Comparado o prezo rexistrado no segundo semestre de 2025 co mesmo período do ano anterior, o prezo na UE descendeu un 5,9% fronte ao 6,7% en España. Por contra, se a comparación se realiza cos datos correspondentes ao segundo semestre de 2019, o prezo no conxunto da UE (medido en paridade de poder adquisitivo) medra significativamente por riba do experimentado en España, incrementándose un 51,5% e 23,6%, respectivamente.

Subsector enerxético

Segundo os datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España, a xeración de enerxía eléctrica en Galicia redúcese en 2025 un 7,7% en relación á enerxía total xerada no ano anterior, aumentando por contra un 3% no conxunto do Estado. No último ano Galicia xerou un total de 21.297,9 GWh, sendo o seu peso relativo no total estatal do 7,8%, case un punto inferior ao do ano anterior. Este dato sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma en termos de xeración de enerxía eléctrica por detrás de Cataluña, Andalucía, Extremadura, Castela–A Mancha, Castela e León e Aragón.

A demanda de enerxía medra no ano 2025 en Galicia un 1,5% para situarse en 14.115,5 GWh. Tendo en conta o incremento da demanda enerxética en España do 2,8%, a súa importancia relativa no total estatal redúcese ata o 5,5% cando en 2024 representaba o 5,6%. O saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.607,7 GWh, un 24,8% inferior ao do ano precedente. Do mesmo xeito, no conxunto do Estado o saldo excedentario aumenta un 25,1% respecto ao ano anterior para situarse nos 12.794,5 GWh.

O balance enerxético de REE reflicte que esa redución da xeración enerxética en Galicia vén motivada pola acusada caída interanual no conxunto das fontes renovables o que contrasta coa medra rexistrada no caso das non renovables. En concreto, a xeración de enerxía renovable descende un 10,1% respecto ao ano anterior fronte ao incremento do 5,4% no caso das fontes non renovables. No conxunto de España a xeración a partir de fontes renovables medra un 1,3%, aumentando a xeración de enerxía coas fontes non renovables un 5,3%.

O devandito descenso interanual da xeración de enerxía por medio de fontes renovables explícase fundamentalmente pola redución da enerxía hidráulica nun 17,5% (1.770,9 GWh menos), xunto á caída no caso da enerxía eólica nun 2,8% (251,7 GWh menos). Do mesmo xeito, no conxunto do Estado a xeración mediante a enerxía hidráulica descende nun 3,6%, e a eólica nun 3,5%. Entre as fontes non renovables cómpre mencionar o incremento do 21,1% na xeración mediante ciclo combinado, o que supón 449,9 GWh máis (27,9% en España), descendendo por contra un 19% no caso da coxeneración (redúcese un 5,9% en España).

A produción de enerxía eólica sitúase no último ano como a principal fonte de produción de

Balance enerxético de Galicia 2024-25

	Galicia				Galicia / España	
	2025		2024		2025	2024
	MWh	(% total)	MWh	(% total)	(%)	
Xeración renovable	17.543.505,90	82,4	19.521.945,25	84,6	11,6	13,1
Hidráulica	8.362.515,63	39,3	10.133.426,74	43,9	24,8	29,0
Eólica	8.609.909,18	40,4	8.861.569,35	38,4	14,6	14,5
Solar fotovoltaica	22.543,29	0,1	22.109,12	0,1	0,0	0,0
Outras renovables	396.660,68	1,9	335.777,18	1,5	10,2	9,1
Residuos renovables	151.877,12	0,7	169.062,87	0,7	21,3	21,0
Xeración non renovable	3.754.380,47	17,6	3.560.683,24	15,4	3,1	3,1
Ciclo combinado	2.583.950,32	12,1	2.134.068,46	9,2	5,7	6,0
Coxeración	1.018.553,03	4,8	1.257.551,92	5,4	6,6	7,7
Residuos non renovables	151.877,12	0,7	169.062,87	0,7	14,2	12,6
Enerxía total xerada	21.297.886,37	100,0	23.082.628,49	100,0	7,8	8,7
Turbinación bombeo	332.556,02	1,6	203.115,94	0,9	5,6	3,7
Consumos en bombeo	- 907.136,99		- 585.771,78			
Saldo de intercambios	- 6.607.735,67		- 8.791.285,57			
Demanda en b.c.	14.115.501,17		13.908.687,09		5,5	5,6

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de producción segundo combustible principal.
 Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña e xeotérmica. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
 Residuos renovables :xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
 Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.
 Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.
 Coxeración: os valores de incrementos e ano móbil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
 Residuos non renovables: xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
 Demanda correxida: correxidos os efectos de temperatura e laboralidade.
 Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Consulta: 6-5-2026

Fonte: Red Eléctrica de España

3.1.28.

enerxía, concentrando o 40,4%, mentres que a enerxía hidráulica, tras a acusada redución experimentada en Galicia, se sitúa como a segunda fonte máis importante ao representar o 39,3% do total xerado. A xeración mediante ciclo combinado mantense en terceiro lugar, representando o 12,1% da xeración total en Galicia.

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan novamente un descenso da enerxía vendida e un lixeiro incremento da potencia instalada. En 2025 vendéronse en Galicia un total de 11.988,3 xigavatios, un 5,4% menos que no exercicio precedente, cando en España se reduce un 0,2%. Tras esta caída Galicia mantense como a quinta Comunidade con maior enerxía vendida (8,9% do total estatal) por detrás de Andalucía (18,3%), Castela–A Mancha (15,5%), Castela e León (15,3%) e Aragón (12,8%).

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 70,6% da enerxía vendida en Galicia en



Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2024-25

2025

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		<i>(en tm.)</i>		
Galicia	2.200.262	343.171	1.806.420	50.671
A Coruña	854.841	141.562	669.602	43.677
Lugo	355.098	40.533	314.049	516
Ourense	285.881	40.039	245.145	696
Pontevedra	704.443	121.037	577.623	5.782
España	36.392.290	7.023.884	26.906.175	2.462.232
Galicia/España (%)	6,0	4,9	6,7	2,1

2024

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		<i>(en tm.)</i>		
Galicia	2.155.622	307.746	1.754.558	93.318
A Coruña	844.127	123.457	639.481	81.189
Lugo	351.474	37.824	313.164	486
Ourense	284.492	36.411	243.799	4.282
Pontevedra	675.529	110.054	558.114	7.361
España	35.958.559	6.517.235	26.708.344	2.732.980
Galicia/España (%)	6,0	4,7	6,6	3,4

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos


■ 3.1.29.

2025 (8.461,8 xigavatios) corresponde á eólica, seguida da enerxía hidráulica que representa o 14,9% (1.786,7 xigavatios) e a coxeneración, co 8,5% (1.018,3 xigavatios).

A potencia instalada é de 5.185,5 megavatios, un 0,5% superior á do ano anterior, o que representa o 6,6% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia sitúase no sexto lugar, por detrás de Andalucía (18,2%), Castela–A Mancha (17,4%), Castela e León (16%), Aragón (12,3%) e Extremadura (10,3%).

O consumo de produtos petrolíferos aumenta en 2025 tanto en Galicia como no conxunto do Estado; en concreto, o consumo aumenta un 2,1% en Galicia fronte ao 1,2% en España. Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende na Comunidade Autónoma a 2.200,3 miles de toneladas métricas, o que representa o 6% do total estatal, porcentaxe similar ao do ano anterior.

A devandita medra interanual prodúcese tanto no caso dos gasóleos como das gasolinas. Dunha banda, o **cadro 3.1.29.** amosa como o consumo de gasóleos aumenta en Galicia un 3% e o de gasolinas un 11,5%, o que contrasta coa caída nun 45,7% no caso dos fuelóleos. España presenta unha tendencia similar, aumentando o consumo de gasóleos un 0,7% e o de gasolinas un 7,8%, fronte ao descenso do 9,9% no caso do fuelóleo.



3,1,30.

O produto máis consumido son os gasóleos, que representan un 82,1% do consumo total en Galicia (73,9% en España). A importancia relativa do consumo de fuelóleo en Galicia é do 2,3% (6,8% en España) e do 15,6% no caso das gasolinas (19,3% no conxunto do Estado).

Industria da automoción

As Contas económicas anuais de Galicia, actualizadas en agosto de 2025 con datos para o ano 2023, rexistran un VEB do sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques de 1.668,3 millóns de euros, e 15.874 postos de traballo equivalentes a tempo completo. Esta actividade aporta o 17,9% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira galega nese ano, sendo esta porcentaxe do 15,8% no ano anterior (15,1% en 2008 e 16,9% en 2019); no conxunto da economía galega o sector supón o 2,4% do VEB galego total, porcentaxe similar á rexistrada en 2008 (2,2% en 2019). No que respecta ao emprego, o 11,8% do total de empregados do sector manufactureiro en Galicia o está nas actividades de fabricación de vehículos de motor, unha décima máis que no ano precedente (11,4% en 2019 e 11,9% en 2008).

Os datos correspondentes ao ano 2025 reflicten que Galicia contaba con 15.803 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques, o que supón un 0,3% máis que no ano anterior (52 afiliacións máis). Do total de afiliacións no sector, 7.795 estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (49,3% do total); 6.652 no de fabricación de vehículos de motor (42,1%); e as 1.356 restantes no de fabricación de carrocerías (8,6%). O subsector de fabricación de compoñentes volve a presentar unha destrución de emprego, cunha caída do 2,1% (163 afiliacións menos) aumentando por contra un 12,5% no caso das actividades de fabricación de carrocerías (151 afiliacións máis) e un 1% no de fabricación de vehículos de motor (64 máis).



Os datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga), que agrupa a 200 empresas pertencentes a máis de 20 divisións diferentes da clasificación CNAE, mostran que no exercicio 2025 a facturación das empresas do sector da automoción en Galicia acadou os 13.300 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,9% respecto ao ano anterior; mentres que o valor das exportacións aumenta un 2,5% para situarse nos 9.125 millóns de euros, o que equivale ao 29,5% das exportacións galegas. Con todo, cómpre resaltar que as exportacións de compoñentes redúcense un 9,4% acadando os 1.965 millóns de euros (en 2024 marcou o seu máximo histórico). No devandito contexto de incerteza e para adaptarse aos cambios que a industria avanzada demanda, o investimento das empresas aumenta ata os 179 millóns de euros fronte aos 167 do ano precedente.

Xunto á evolución mostrada polo sector do automóbil en Galicia, a Dirección General de Tráfico (DGT) rexistra un incremento das matriculacións de vehículos. Ao longo do ano 2025 matriculáronse 51.697 vehículos, o 2,9% do total estatal, o que supón unha medra interanual do 8,3% (3.952 vehículos máis). Neste último ano aumenta de xeito considerable o número de matriculacións de turismos, que en 2025 ascende a 36.161 matriculacións, o que supón un 7,5% máis que no ano precedente (2.534 turismos máis), reducíndose o seu peso relativo no total estatal ata o 2,8%.

Industria naval


A industria naval presenta en 2025 unha mellora tanto da súa carteira de pedidos e da actividade produtiva, como da ocupación no conxunto do sector. Dunha banda, esta actividade industrial (CNAE 30.1) contaba de media con 4.964 afiliacións, 53 afiliacións máis respecto ao ano anterior (1,1%). Este comportamento foi desigual entre as distintas provincias galegas. Fronte ao incremento das afiliacións na Coruña nun 2,9% (74 afiliacións máis), Pontevedra presenta unha caída interanual do 0,6% (15 afiliacións), e Lugo do 8,7% (6 menos que no ano anterior). Tras esa evolución, A Coruña mantense como provincia galega con maior número de afiliacións no naval, con 2.637 persoas (53,1% do total do sector) fronte ás 2.264 afiliacións en Pontevedra (45,6%).

No que á actividade contractual se refire, dos 24 novos contratos asinados en España en 2025, oito contratos corresponden aos estaleiros galegos, tres menos que no ano anterior. Asturias presenta o maior número de novos contratos, con trece contratos, ascendendo a tres no caso dos estaleiros do País Vasco. A pesar deste descenso Galicia presenta unha medra do arqueo bruto compensado (CGT), que no último ano ascendeu en Galicia ata os 46.239 CGT, o 33,9% do total estatal, fronte 45,4% de Asturias e o 20,7% do País Vasco.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro aumenta ata os 26 buques, catro máis que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 137.905 CGT (o 41,3% do total estatal). No último ano, o número de buques en carteira ascende en Asturias a 30 buques, e no País Vasco a 8 buques.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte un incremento do arqueo bruto com-

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-25: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Construcción naval. Boletín informativo trimestral

3.1.31.

pensado dos estaleiros galegos. En 2025 o arqueo sitúase en 39.017 CGT, o que supón 10.716 menos que no ano anterior tal e como se aprecia no gráfico 3.1.31.. Comparado co resto das CC.AA., este dato a sitúa a Galicia por detrás de Asturias, con 44.877 CGT, descendendo no País Vasco ata os 16.189 CGT.

Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13–15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2023 os 465,5 millóns de euros, dos



que 400,8 corresponden á confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado (CNAE 14-15). O número de postos de traballo equivalente a tempo completo ascende a 10.059, dos que 8.305 pertencen ao subsector de confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao seu peso no conxunto da economía galega, esta rama de actividade representa o 5% do valor engadido bruto xerado pola industria manufacturera, o valor máis reducido dende o ano 2000 tan só por riba do estimado en 2020 (3,7%), e o 7,5% do emprego (7,6% se se consideran as horas traballadas).

O promedio de afiliación á Seguridade Social na industria téxtil en Galicia en 2025 acadou as 9.996 afiliacións, 161 menos que no ano anterior (-1,6%), o que supón o 7,2% das afiliacións da industria manufacturera, dúas décimas menos que no ano anterior. Cómpre resaltar que esta importancia relativa descende paulatinamente dende o inicio da crise financeira de 2008, cando supuña o 9,9% (8% en 2019). O devandito descenso da afiliación explícase pola caída experimentada no sector da industria téxtil (16 afiliacións menos; -1%) e na rama de confección de roupa de vestir (170 afiliacións menos; 2,1%), aumentando por contra as afiliacións na industria de coiro e calzado (25 afiliacións; 6,8%). Na rama de confección de roupa de vestir rexístranse no último ano un total de 8.072 afiliacións, o 80,8% do total da industria téxtil galega.

Industria da alimentación e bebidas

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 e 11 da CNAE) ascendeu no ano 2023 a 2.248 millóns de euros e representa o 24,1% do valor xerado pola industria manufacturera en Galicia. Dentro da industria da alimentación, a participación das seis ramas que a forman é a seguinte: a rama da conserva e do conxelado de peixe achega o 26% do seu VEB; seguida pola fabricación de bebidas, cun 22,8%; e da rama de procesamento e elaboración de produtos cárnicos, co 16,1% do VEB. Asemade, as ramas de fabricación de produtos lácteos achegan o 10,4% e a de fabricación de produtos para a alimentación animal, un 5,1%.

No concernente ao emprego, as contas económicas anuais (datos 2023, último dispoñible actualizado a agosto de 2025) indican que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentou ata os 34.405 postos de traballo, o 25,6% do total da industria manufacturera galega, dos que 12.070 corresponden á actividade de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (35,1%); e 4.884 ao subsector de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (14,2%). A fabricación de produtos lácteos concentra o 8% do emprego neste subsector industrial (2.740 postos de traballo equivalentes a tempo completo) e o de bebidas o 10,4% (3.566 postos).

As afiliacións á Seguridade Social na industria da alimentación e fabricación de bebidas ascenderon en 2025 ata as 35.307 persoas, o que supón unha medra do 0,6% respecto ao ano anterior, das que 31.874 están na industria de alimentación e as restantes 3.433 afiliacións á de fabricación de bebidas (0,6% e 1,1% máis, respectivamente). Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o peso relativo da afiliación no sector da industria da alimentación no total da industria manufacturera aumenta ata o 22,9% no último ano (22,5% en 2019), manténdose o sector de fabricación de bebidas en torno ao 2,5% (2,2% en 2019).

Volume de aproveitamento total ⁽¹⁾ segundo especie 2019-25

	2019	2022	2024	2025	25/24
	(en m ³)				(%)
Pinus pinaster	1.809.623,54	2.172.193,29	1.803.266,09	2.124.872,58	17,8
Pinus radiata	1.704.128,23	1.981.622,32	1.801.632,06	1.848.013,53	2,6
Pinus sylvestris	116.710,48	222.210,90	117.079,79	289.428,72	147,2
Outras / mistura coníferas	168.307,32	110.511,85	65.375,19	420.935,74	543,9
Eucalyptus spp.	5.621.413,63	6.229.792,88	5.329.392,81	5.616.751,82	5,4
Fronosas caducifolias	270.162,62	281.288,03	236.837,22	232.030,11	-2,0
Outras frondosas non caducifolias	13.077,14	18.542,31	19.928,55	16.793,18	-15,7
Total	9.703.422,94	11.016.649,58	9.390.777,33	10.790.262,74	14,9

(1) Xestión pública e xestión privada

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*

■ **3.1.32.**

Industria da madeira


Segundo os datos proporcionados na Estatística forestal de Galicia, o aproveitamento nos bosques galegos no ano 2025 ascendeu ata os 10,8 millóns de metros cúbicos de madeira, o segundo valor máis elevado tras o acadado en 2022 (11 millóns), o que supón unha medra interanual do 14,9%. As principais especies son o *Eucalyptus spp.*, que representa o 52,1% do aproveitamento total, seguido polo *Pinus pinaster* (19,7%) e o *Pinus radiata* (17,1%).

A industria da madeira e fabricación de mobles (ramas 16 e 31 da CNAE), segundo as contas económicas, xera un VEB no ano 2023 de 698,2 millóns de euros, dos que 501 millóns de euros corresponden ás actividades da industria da madeira e da cortiza. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende a 12.113, dos que 7.717 postos pertencen á xa citada industria da madeira e da cortiza. A industria da madeira considerada de xeito conxunto representa o 7,5% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro e o 9% do emprego na industria manufactureira en Galicia (9,2% se se consideran as horas traballadas).

As afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade acadaron no último ano as 12.839 persoas, o que supón o 9,2% das afiliacións da industria manufactureira, das que 8.872 afiliacións están na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría (o 69,1%) e as restantes 3.967 afiliacións á fabricación de mobles (30,9%). Respecto ao ano anterior, as afiliacións aumentan un 1% (128 afiliacións máis), impulsada pola medra do 0,6% das afiliacións da industria da madeira (55 afiliacións máis), e o incremento na industria de fabricación de mobles (1,9%; 73 afiliacións máis). □

Distribución porcentual do veb xerado polo sector da construción por comarcas. 2023

Peso no PIB do VEB Construción. Comarcas. Ano 2023
Unidade: Porcentaxe (%)




Fonte: IGE.

MAPA 4.

Sector construción

O sector da construción caracterizouse en 2025 polo seu significativo dinamismo ao medrar a súa actividade un 7,3%, o que supón dous puntos e medio por riba do estimado no ano precedente (4,8%). Fronte a esta comportamento, no conxunto do Estado a construción presenta unha medra interanual do 5,6% en 2025 fronte á 4,8% en 2024. En termos monetarios o sector da construción en Galicia, segundo os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE, xerou un VEB de 5.797,7 millóns de euros, o 6,7% do PIB galego no ano 2025, tres décimas por riba da estimada para o ano anterior; o que determina un emprego no sector de


Valor engadido bruto e emprego na construción (1) (2)



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadeados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2026)
 (2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.33.

O sector da construción 2023



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

3.1.34.

85.736 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o 7,9% do total, porcentaxe similar á do ano precedente. No conxunto do Estado o sector da construción representa o 5,3% do PIB e o emprego supón o 7,3% do total de postos de traballo a tempo completo.

O devandito dinamismo do sector en 2025 tradúcese nun incremento das afiliacións á Seguridade Social do 1,8%, alcanzando as 82.789 afiliacións, o 7,6% do total galego. Este incremento



prodúcese nas tres ramas de actividade englobadas no sector, presentando o mellor comportamento o de enxeñería civil, cunha medra interanual do 2,7% (124 afiliacións máis) e a de construción especializada, cunha medra do 2% (1.010 máis). As afiliacións aumentan lixeiramente no caso da construción de edificios (1,3%; 316 afiliacións máis). O subsector máis importante en termos de emprego é o de actividades de construción especializada, con 52.622 afiliacións, o que representa o 63,6% do sector da construción, fronte ás 25.532 no caso da construción de edificios (30,8%).

Á hora de analizar o sector hai que observar tanto a evolución de indicadores de oferta, entre os que salientan os visados de dirección de obra ou a licitación pública, como os indicadores de demanda, principalmente compravenda de vivendas, número de hipotecas constituídas ou os indicadores de accesibilidade á vivenda.

No que respecta aos visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible (**cadro 3.1.35.**), que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2025 visáronse 2.115 edificios novos, o que supón un 6,3% superior ao rexistrado no ano anterior. Ao igual que acontecía nos últimos anos, o sector volve a presentar no conxunto do Estado un peor comportamento, ao aumentar os visados de obra nova un 3,7%. Tras esta evolución, a superficie total experimenta unha medra interanual do 0,6% e se sitúa en 1.536.205 metros cadrados (9.169 máis).

Atendendo á súa distribución segundo destino principal, o devandito incremento veu motivado pola evolución dos visados de dirección de obra para uso residencial, que presentan en Galicia unha medra interanual do 11% (5% en España) para situarse nos 1.813 visados (180 máis que no ano anterior). Por contra, o número de visados de dirección de obra nova para uso non residencial redúcese un 15,4% (55 menos), acadando os 302 visados (-5,4% en España). Entre estes, os visados para superficies comerciais e almacenamento descende a 48 visados, un 45,5% menos que no ano anterior (40 visados menos), e os de uso industrial a 36, doce visados menos (-25%). O devandito incremento da superficie total a construír vén motivada pola medra da superficie a construír no caso do uso residencial (5%; 61.862 metros cadrados máis) o que contrasta co descenso da superficie de uso non residencial (-17,5%; 52.693 metros cadrados menos).

A evolución dos visados de obras de reforma e/ou restauración reflicte igualmente o mellor comportamento en Galicia que en España. En 2025 reformáronse en Galicia un total de 2.252 vivendas, un 2,6% máis que no ano anterior (52 edificios máis), fronte ao incremento do 1,1% no conxunto do Estado. Con todo, os visados de reforma e/ou restauración de vivendas desenden lixeiramente en Galicia (-0,5%), aumentando un 1,8% en España. O número de visados para este tipo de obras situouse en Galicia en 1.700, contando cun orzamento de 189,6 millóns de euros, un 11,4% máis que no ano precedente (19,4 millóns máis), o que supón o valor máis elevado dende 2008.

No concernente á licitación de obra pública, 2025 caracterizouse por unha medra interanual do 33% no seu importe total, máis de once puntos por riba do rexistrado en España (21,9%) incremento que se produce nos tres niveis administrativos. En termos nominais, a licitación pú-

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2024-25: distribución segundo tipo de obra

Obra nova

	Galicia			España		
	2025	2024	25/24 (%)	2025	2024	25/24 (%)
Total edificios	2.115	1.990	6,3	36.169	34.874	3,7
Uso residencial	1.813	1.633	11,0	32.137	30.610	5,0
Servizos comerciais	48	88	-45,5	1.210	1.329	-9,0
Uso industrial	36	48	-25,0	459	417	10,1
Outros	218	221	-1,4	2.363	2.518	-6,2


Obras de ampliación

	Galicia			España		
	2025	2024	25/24	2025	2024	25/24
Total edificios	180	175	2,9	3.715	3.627	2,4
Vivendas	114	120	-5,0	2.798	2.679	4,4
Outros	66	55	20,0	917	948	-3,3


Obras de reforma e/ou restauración

	Galicia			España		
	2025	2024	25/24	2025	2024	25/24
Total edificios	2.252	2.196	2,6	30.370	30.048	1,1
Vivendas	1.700	1.709	-0,5	24.366	23.934	1,8
Outros	552	487	13,3	6.004	6.114	-1,8

Galicia



España



Fonte: Ministerio de Transportes Y Movilidad Sostenible, *Obras en edificación*

■ **3.1.35.**



Licitación pública en Galicia e España 2024-25: distribución segundo administracións

	2025		2024		25/24	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	<i>(en millóns de euros)</i>				<i>(%)</i>	
Administración Xeral do Estado	579,5	9.624,0	469,7	8.552,3	23,4	12,5
Mº Transportes, Mov. Sost.	199,0	5.527,1	304,9	5.867,2	-34,7	-5,8
Mº para a Transición Ecolóxica	62,2	735,0	31,7	665,5	96,3	10,4
Resto Admón. Xeral	318,4	3.362,0	133,1	2.019,6	139,2	66,5
Administración Autonómica	651,3	9.955,6	481,6	8.648,8	35,2	15,1
Administración Local	660,1	16.428,2	470,7	12.331,6	40,2	33,2
Concellos	585,9	13.257,9	424,4	9.729,4	38,1	36,3
Outras Administracións	74,3	3.170,3	46,4	2.602,2	60,1	21,8
Total licitación	1.891,0	36.007,8	1.422,0	29.532,7	33,0	21,9

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

■ 3.1.36.

blica acadou os 1.891 millóns de euros, 469 millóns de euros máis que en 2024, o que supón o 5,3% do total estatal (4,8% no ano anterior).


Atendendo aos distintos niveis administrativos, a licitación pública da AXE na Comunidade Autónoma incrementábase un 23,4% (12,5% no conxunto do Estado). No ano 2025 a licitación ascende a 579,5 millóns de euros, o que representa o 30,6% da licitación total en Galicia. Como mostra o **cadro 3.1.36.**, o investimento do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible sitúase en 199 millóns de euros (un 34,7% menos que en 2024), acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecolóxica os 62,2 millóns de euros (31,7 millóns no ano anterior) e os 318,4 millóns de euros a do resto dos ministerios (133,1% inferior).

A licitación pública da Administración Autonómica incrementábase no último ano un 35,2%, máis do dobre do experimentado en España (15,1%) para acadar os 651,3 millóns de euros, o que representa o 34,4% da licitación pública total en Galicia. A licitación da Administración Local aumenta un 40,2% no último ano (33,2% no conxunto do Estado) para situarse nos 660,1 millóns de euros, o 34,9% do total licitado.

O devandito incremento experimentado pola licitación de obra pública explícase fundamentalmente polo comportamento nas provincias da Coruña, que tras unha medra interanual do 45,1% concentra un maior volume con 800,1 millóns de euros en 2025; e Lugo, que rexistra un incremento do 56,6% ascendendo a licitación pública os 221,8 millóns. A licitación pública medra en Pontevedra un 2,4% respecto ao ano anterior, acadando os 546,6 millóns de euros. Por contra, Lugo foi a única provincia onde o importe das licitacións descende en relación ao valor do ano anterior, acadando os 181,3 millóns de euros, un 1,4% menos que en 2024.

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, a licitación en obra civil situouse en 2025 en 1.176,1 millóns de euros, un 45,8% superior ao rexistrado no ano anterior

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2010-25



Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.1.37.

(806,9 millóns en 2024), o que supón o 64,7% do galego. A licitación en edificación medra un 4,2% en relación ao ano anterior, acadando os 640,7 millóns de euros, importe tan só superado polo rexistrado nos dous últimos anos. A pesar deste incremento, a licitación pública en edificación residencial redúcese ata os 108,9 millóns de euros, un 17,9% menos que no ano precedente (23,8 millóns de euros menos).

No que aos **indicadores de demanda** se refire, o principal indicador é a evolución do número de compravenda de vivendas. O **cadro 3.1.38.** mostra que en 2025 o número de compravendas efectuadas sobre vivendas recollidas na “Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad” medra un 14,2%, máis de dous puntos e medio superior ao experimentado en España (11,5%). No último ano rexistráronse en Galicia 27.035 transaccións, o 3,8% do total estatal, o que supón 3.369 máis que no ano precedente. A devandita medra prodúcese nas catro provincias, presentando Ourense o maior incremento en termos relativos, cunha medra do 23%; por diante de Lugo, co 14,7%; A Coruña, cun 14%; e Pontevedra, co 11,6%. Tras esta evolución, a provincia da Coruña concentra o 46,6% das compravendas galegas fronte ao 29,8% en Pontevedra, situándose estas porcentaxes no 12,8% en Lugo e o 10,6% en Ourense.

En relación ao número de compravendas realizadas en 2019, Galicia presenta unha medra do 58% (9.927 compravendas máis), sendo esta medra do 41,3% no conxunto de España. Cómpre mencionar que todas as provincias presentan novamente un mellor comportamento que a media española, rexistrando Lugo o incremento máis intenso, cun 88,4% (1.628 máis), en contraposición a Pontevedra, cun 46,1% máis (2.550 compravendas máis). Nas provincias da Coruña o número de compravendas realizadas supera nun 56,4% o realizado antes da crise (4.549 máis), sendo esta porcentaxe do 71,6% en Ourense (1.200 compravendas máis entre os dous anos considerados).



Compravenda de vivendas en Galicia e España 2019-25

	Total	Galicia			España	
		A Coruña	Lugo	Ourense		Pontevedra
2019	17.108	8.060	1.842	1.676	5.530	505.467
2020	15.215	7.018	1.627	1.493	5.077	420.238
2021	19.815	9.320	2.420	1.658	6.417	566.485
2022	21.864	10.374	2.603	1.903	6.984	650.265
2023	19.329	9.170	2.309	2.004	5.846	583.651
2024	23.666	11.061	3.024	2.338	7.243	640.401
2025	27.035	12.609	3.470	2.876	8.080	714.237
25/24	3.369	1.548	446	538	837	73.836

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

■ 3.1.38.

O devandito incremento da compravenda de vivendas en Galicia e España prodúcese tanto na vivenda nova como usada e tanto na vivenda libre como protexida, sendo este máis intenso na Comunidade autónoma nos catro casos. Dunha banda, das 27.035 transaccións realizadas en Galicia en 2025 o 73,8% corresponde a vivenda usada (78,2% en España), o que supón 19.947 compravendas. En relación ao ano anterior, o incremento das vivendas usadas foi do 12%, case dous puntos máis que en España (10,3%), o que supón 2.137 compravendas máis; fronte a unha medra do 21% no caso da vivenda nova en Galicia (1.232 transaccións máis) e do 16,1% en España.

Doutra banda, atendendo á distribución segundo réxime de vivenda, o incremento do número de compravendas, tanto da vivenda libre como protexida, é superior en Galicia que no conxunto do Estado; en concreto, aumenta un 14,4% no caso da vivenda libre (12,3% en España); situándose esta porcentaxe no 9,2% no caso da vivenda protexida, case sete puntos e medio por riba do rexistrado no conxunto do Estado (1,8%). Tras esta evolución, o 97,2% das transaccións realizadas en Galicia corresponde a vivendas libres (26.266 vivendas) e tan só o 2,8% a vivendas protexidas (769 vivendas), sendo estas porcentaxes do 93,2% e 6,8% en España, respectivamente. Comparado co rexistrado no resto das CC.AA. cómpre salientar que Galicia sitúase como a segunda Comunidade autónoma con menor peso da vivenda protexida tras Asturias (1,6%), lonxe do que representa en Extremadura, cun 18,8%; Aragón, Asturias e País Vasco, que superan o 10%.

Outro indicador no ámbito da demanda de vivenda é o número de hipotecas constituídas. Partindo dos datos da Estadística de hipotecas do INE, tense en conta o número de hipotecas novas constituídas sobre vivendas para o que eliminamos do cómputo total de hipotecas aquelas que modificaron as súas condicións pero que non son en si mesmas hipotecas novas. Os datos do INE amosan que a diferenza do acontecido no ano anterior, aumenta significativamente o número de hipotecas constituídas sobre vivendas, tanto as novas como as de vivendas con cambios rexistrados.

Hipotecas en vivenda (sen cambios nas condicións) en Galicia e España 2019-25

Hipotecas constituídas sobre vivendas								
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Galicia	11.356	11.533	14.447	15.802	12.430	15.644	19.139	22,3
España	361.291	337.752	418.058	464.107	380.966	425.522	501.073	17,8
Galicia / España (%)	3,1	3,4	3,5	3,4	3,3	3,7	3,8	

Hipotecas novas (sen cambios nas condicións)								
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Galicia	10.522	9.930	8.799	12.683	8.902	11.411	15.681	37,4
España	321.748	272.060	210.677	351.057	278.602	303.479	393.384	29,6
Galicia / España (%)	3,3	3,6	4,2	3,6	3,2	3,8	4,0	

Importe medio hipotecas								
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
<i>(en miles de euros)</i>								
Galicia	99,1	101,5	107,6	116,5	115,9	116,8	123,9	6,1
España	125,6	134,7	137,5	144,9	141,8	145,4	163,7	12,6
Galicia / España (%)	78,9	75,3	78,2	80,4	81,7	80,4	75,7	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.39.

O **cadro 3.1.39.** reflicte que en 2025 constituíronse un total de 15.681 hipotecas novas, o que supón un 37,4% máis que no ano anterior. Tendo en conta que o número de hipotecas novas aumenta un 29,6% en España, o seu peso relativo no total estatal ascende ata o 4%, dúas décimas máis que no ano anterior (3,3% en 2019).

Por tanto, o número de hipotecas novas sobre vivendas segue a ser inferior ás compravendas rexistradas. En 2025 o número de compravendas supera en 1,4 veces o número de hipotecas constituídas tanto en Galicia como en España (1,5 no ano anterior), cando en 2019 esta relación era de 1,5 veces en Galicia e 1,4 en España.

O importe medio do total de hipotecas constituídas en Galicia sobre vivendas ascende no último ano ata os 123.936 euros, o que supón o 75,7% do importe medio nacional. Tanto Galicia como España presentan unha medra deste importe, sendo menos intensa na Comunidade Autónoma, cun incremento interanual do 6,1% (12,6% en España).

O indicador do INE sobre prezos da vivenda reflicte que por terceiro ano consecutivo o incremento medio dos prezos é inferior á media española. En 2025 o prezo da vivenda medrou en Galicia un 12,9%, cinco puntos e medio máis que o rexistrado no ano anterior (7,4%), sendo este incremento do 12,7% no conxunto de España (8,4% no ano precedente). Os prezos da vivenda nova presentan tanto en Galicia como en España un incremento inferior aos de segunda man, situándose estas taxas de variación interanual na comunidade autónoma no 10,4% e 13,3%, respectivamente, sendo o diferencial entre ambos máis acusado en España (11,3% e 12,9%, respectivamente).

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2019-25

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivienda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A máis de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro
	<i>(medias anuais)</i>			
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,730
2020	-0,303	-0,303	1,727	1,573
2021	-0,491	-0,491	1,503	1,468
2022	1,088	1,088	2,058	2,058
2023	3,865	3,865	3,987	3,898
2024	3,274	3,274	3,665	3,934
2025	2,223	2,223	2,824	3,443

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

■ 3.1.40.

Finalmente, cómpre facer referencia aos indicadores de accesibilidade á vivenda publicados polo IGE. Dunha banda, o esforzo financeiro que unha persoa asalariada ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario anual medio dun traballador adicado á cota anual dun préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo medio dunha vivenda estándar– redúcese ata o 27%, seis décimas inferior ao do ano anterior. Cómpre mencionar que no ano 2008 este indicador situábase no 49,1% e ao inicio da crise orixinada pola pandemia en 2019 no 25,8%.


O prezo adquirible, definido como o prezo máximo que se pode permitir pagar a persoa asalariada media por unha vivenda estándar para que non teña que dedicar máis dun terzo do seu salario anual ao pago da cota anual correspondente a un préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo da vivenda, aumenta en Galicia ata os 184.834,7 euros un 12,1% máis que no ano precedente (19.927,9 euros máis). Tras este incremento o prezo adquirible sitúase un 19,2% por riba do rexistrado en 2019 (29.716,6 euros máis).

A mellora na accesibilidade tamén se reflicte na evolución do cociente entre o prezo medio dunha vivenda e o salario anual medio do traballador, que en 2025 mantense en 6 anos, é dicir, necesita seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2019 e 8,4 anos en 2008).

Por último, se se considera o grao de exposición ao risco, entendido como o cociente entre o prezo medio dunha vivenda estándar e o prezo máximo que se pode permitir pagar o asalariado medio por unha vivenda estándar sen incorrer nun risco financeiro excesivo, expresado en tanto por cento, este indicador descende ata o 81,1%, cando no ano anterior situábase no 82,9%. Este valor, que se mantén por baixo de cen puntos –a exposición ao risco da persoa asalariada é aceptable– é superior ao acadado en 2019 (77,3%), mentres que en 2008 o indicador ascendía a 147,3%. □



Distribución porcentual do veb xerado polo sector servizos por comarcas. 2023




MAPA 5.

Sector servizos

O VEB xerado polo sector servizos presenta no ano 2025 unha medra interanual do 2,7% en termos reais, unha décima menos que o estimado no ano anterior, sendo esta medra do 3,2% no conxunto do Estado. O valor engadido medra nas grandes ramas de actividade, presentando a taxa de variación anual máis elevada as actividades de información e comunicación, cun 4,7% (12,1% no ano anterior); seguida das “actividades profesionais”, co 4,3% (3,1% no ano precedente).

Valor engadido bruto e emprego nos servizos (1) (2)



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadeados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2026)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

■ 3.1.41.

En termos monetarios, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 54.953,5 millóns de euros, o que representa o 70,3% do VEB galego (63,9% no caso do PIB). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 75,4% e 68,4%, respectivamente. Segundo as contas económicas trimestrais, Galicia xera o 4,8% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, similar ao estimado no ano precedente.


Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da actividade das empresas do sector. Tal como se indica no informe de indicadores de actividade do sector servizos publicado polo IGE en base aos microdatos sobre estes indicadores subministrados polo INE, **cadro 3.1.43.**, logo dos fortes incrementos rexistrados nos dous anos posteriores á pandemia o índice xeral presenta un incremento en torno ao 3,5%. No último ano o índice xeral da cifra de negocios do sector servizos medra un 3,5% (3,4% no ano precedente), porcentaxe que se sitúa no 4,8% no conxunto do Estado. Con todo, no conxunto das actividades de comercio o índice xeral da cifra de negocios presenta unha medra do 3,1%, nove décimas por riba do estimado no ano precedente; ralentizándose este crecemento por contra no caso de “outros servizos” cuxa taxa de variación é do 4,6%, 2,2 puntos por baixo do estimado no ano anterior.

Atendendo aos distintos subsectores, as taxas de variación interanual máis elevadas rexístranse na hostalería e nas actividades profesionais, científicas e técnicas, cunha medra interanual do 4,6% (3,5% no ano anterior), por diante do “comercio ao retalho, agás vehículos de motor”, cun 3,6% (3,4% en 2024).

No que ao emprego se refire, as contas económicas estiman para o ano 2025 unha ralentización


Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2023

O sector servizos



- Primario
- Industria
- Construción
- Servizos
- Impostos

Peso porcentual no VEB do sector servizos de Galicia. Ramas de actividade.



Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia.

■ 3.1.42.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2019-25

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
	(%)						
Xeral	4,2	-13,6	26,0	24,2	3,6	3,4	3,5
Comercio	3,0	-15,6	22,0	26,5	3,7	2,2	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-4,3	-13,0	20,8	12,6	9,0	17,7	0,2
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4,0	-19,7	26,6	34,1	2,1	0,1	3,4
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,8	-3,7	7,7	10,8	6,5	3,4	3,6
Outros servizos	8,3	-7,5	37,6	17,9	3,3	6,8	4,6
Transporte e almacenamento	15,4	12,0	29,2	31,6	-2,8	7,7	2,6
Hostalería	5,5	-47,9	58,0	33,0	17,1	3,5	4,6
Información e comunicacións	0,5	1,0	4,8	12,9	3,9	10,8	2,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	5,5	-47,9	58,0	33,0	17,1	3,5	4,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0,5	1,0	4,8	12,9	3,9	10,8	2,7

(1) Base 2021. Tasas de variación da media do que vai de ano
 Fonte: IGE, Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.

■ 3.1.43.


no ritmo de creación de emprego, medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, ao aumentar un 1,3% (2% no ano precedente), o que contrasta co estimando no caso das horas traballadas, cunha medra do 1,2%, unha décima máis que en 2024. No que aos postos de traballo equivalente se refire, as actividades inmobiliarias son as que presentan o mellor comportamento, cunha medra interanual do 4,8%, por diante das actividades de información e comunicacións, cun 3,2%. Estas dúas actividades son as que presentan o maior incremento do número de horas, sendo as actividades inmobiliaria as que teñan as taxas máis elevadas, cun 4,8%, por diante das actividades de información e comunicacións, co 4,1%. As actividades de comercio, a máis importante en termos de emprego, presenta unha medra do 1,4% no número de postos de traballo equivalente a tempo completo, permanecendo constante o número de horas traballadas.

As afiliacións á Seguridade Social medran un 1,9% (14.873 afiliacións máis), porcentaxe dúas décimas inferior á rexistrada no ano anterior. O conxunto de actividades englobadas no subsector de servizos de comida e bebidas e na educación presentan o maior crecemento, cunha medra do 4% (2.440 afiliacións máis) e 1,6% (1.117 afiliacións máis), respectivamente; situándose no 2,5% no caso das actividades sanitarias (1.783 afiliacións). Por contra, seguen os problemas nas actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico, con 1.054 afiliacións menos (-4,6%), situándose as actividades relacionadas cos servizos de telecomunicacións como as segundas con maior descenso, cunha caída de 202 afiliacións (-5,6% respecto ao ano precedente).

Tras esta evolución, o número de afiliacións no sector servizos ascende a 799.704, o que representa o 73,3% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade, en termos absolutos salienta o subsector do comercio ao retallo agás vehículos de motor (CNAE 47), con 107.459 afiliacións, o 13,4% do emprego no sector, por diante das actividades de servizos de comidas e bebidas, con 72.305 e as actividades sanitarias, con 72.149 afiliacións, respectivamente, o que supón o 9%.



Comercio interior minorista 2008-25: índices de vendas e ocupación (1)



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 Comercio ao retalho, excepto de vehículos de motor e motocicletas

Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

■ 3.1.44.

Comercio

As contas económicas trimestrais de Galicia reflicten que o gasto das familias medra un 2% respecto ao ano anterior, o que supón catro décimas por riba do estimado en 2024. Con todo, cómpre resaltar que o gasto privado supera en 2025 o nivel previo á crise económica nun 1,3%.

No que á actividade comercial se refire, o índice xeral de vendas ao retalho, medido en prezos constantes, presenta en 2025 unha taxa de variación interanual positiva do 3,2% (1,8% no ano precedente), nove décimas por baixo do rexistrado no conxunto do Estado (4,1%). Asemade, tal como se aprecia no **cadro 3.1.44.**, o índice de ocupación presenta en Galicia unha medra do 0,7% respecto ao ano anterior, a metade do rexistrado no conxunto de España (1,4%).

Comercio minorista en Galicia e España 2020-25

	Empresas (1)						
	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Galicia	26.933	26.261	26.014	24.110	23.311	22.703	-608
España	435.836	427.637	428.605	393.287	384.774	377.471	-7.303

	Locais (1)						
	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Galicia	34.203	33.410	33.177	31.178	30.496	29.755	-741
España	550.310	541.464	543.658	507.591	500.340	494.302	-13.289

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 1 de xaneiro de cada ano)
 Fonte: INE, *Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE*

■ 3.1.45.

O número de establecementos e empresas de comercio ao retalho tanto en Galicia como en España presenta unha nova redución. Dunha banda, o datos recollidos no Directorio central de empresas do INE amosan que o número de locais a un de xaneiro de 2025 descendeu a 29.755, un 2,4% menos que no ano precedente; doutra banda, o número de empresas redúcese ata as 22.703, o que supón un descenso interanual do 2,6%. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, este sector de comercio minorista concentra o 13,7% dos locais e o 12,1% das empresas galegas recollidas no Dirce. No conxunto do Estado o número de locais redúcese un 1,2% e o número de empresas de comercio minoristas fíxoo nun 1,9%. Tras esta evolución, o sector concentra en España o 12,8% dos locais e o 11,4% das empresas.

Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 10.350 locais (4,8% do total de Galicia); comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados, con 5.451 locais (2,5% do total); así como as actividades de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 4.915 locais (2,3% do total). En termos do número de empresas, o subsector máis importante é o de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 7.985, o 4,3% do total de Galicia; seguido dos produtos alimenticios en establecementos especializados, con 4.189, o 2,2% do total galego.

Por outra banda, a 1 de xaneiro de 2025 en Galicia había un total de 5.815 establecementos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) e 13.270 locais dedicados ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,7% e 6,1%, do total galego, respectivamente. Asemade, o Dirce reflicte que hai un total de 10.579 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 5,7% das empresas) e 4.634 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,5%).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.6. [Afiliações á Seguridade Social 2024-25: distribución segundo principais ramas de actividade]**, a actividade de comercio ao retalho, agás-



Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2024-25 ⁽¹⁾

2025

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	5.351.979	3.550.714	1.801.264	9.845.825	7.031.912	2.813.913	1,84
A Coruña	2.357.342	1.488.699	868.643	4.139.198	2.711.751	1.427.447	1,76
Lugo	857.197	605.284	251.913	1.382.881	1.067.475	315.406	1,61
Ourense	341.257	287.235	54.022	659.475	561.584	97.891	1,93
Pontevedra	1.796.182	1.169.496	626.686	3.664.270	2.691.102	973.168	2,04
España	118.392.206	54.620.389	63.771.818	366.709.590	121.784.886	244.924.705	3,10

2024

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	5.256.894	3.515.876	1.741.018	9.817.781	7.044.717	2.773.063	1,87
A Coruña	2.345.384	1.452.815	892.569	4.097.350	2.638.609	1.458.741	1,75
Lugo	765.593	539.234	226.359	1.264.156	972.713	291.443	1,65
Ourense	356.207	305.421	50.786	695.412	593.456	101.955	1,95
Pontevedra	1.789.710	1.218.406	571.304	3.760.863	2.839.939	920.924	2,10
España	116.166.159	54.319.372	61.846.787	363.065.079	122.022.962	241.042.117	3,13

(1) datos 2025 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

■ 3.1.46.


vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle no ano 2025 un maior número de afiliacións, con 107.459 persoas afiliadas, o 9,9% do total, o que supón un 0,5% máis que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), que tras unha medra do 0,5% acada as 49.506 afiliacións, o 4,5% do total de Galicia.

Finalmente, destacar que no que respecta á distribución das afiliacións por réximes de cotización, o 25% do total de afiliados na actividade de comercio ao retalho pertencen ao réxime especial de autónomos, situándose esta porcentaxe no 21,6% no caso do comercio por xunto (18,7% no conxunto da economía galega). Ao igual que no ano anterior, o devandito incremento das afiliacións vén motivado polo incremento de afiliacións no réxime xeral (1,5% e 1,6%, respectivamente), reducíndose por contra un 2,6% e 3,1% no caso do R.E. de autónomos.

Turismo

O ano 2025 foi un bo ano para o sector turístico no que ao número de persoas e pernoitas nos establecementos hoteleiros se refire. Dunha banda, tras unha medra do 1,8%, unha décima menos que o rexistrado no conxunto do Estado, o número de persoas viaxeiras ascende a 5.351.979 persoas, o que supón, ao igual que no ano anterior, o 4,5% do total estatal. Este incremento vén motivado en maior medida polo comportamento do turismo estranxeiro, cunha

Viaxeiros e pernoitas 2011-25: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2022 son provisionais
 Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

■ 3.1.47.

medra interanual do 3,5% (60.246 persoas máis) fronte a un 1% no caso dos residentes en España (34.838 persoas máis). Tras esta evolución, o 66,3% das persoas que visitaron Galicia eran residentes en España (3.550.714 persoas) e o 33,7% restante foron residentes no estranxeiro (1.801.264 persoas). Por contra, no conxunto de España o turismo español, tras unha medra do 0,6% respecto ao ano precedente, acolle o 46,1% dos turistas, e os residentes no estranxeiro o 53,9% restante (un 3,1% máis que en 2024).

Todas as provincias galegas agás Ourense, presentan incrementos no número de viaxeiros e viaxeiras, rexistrándose os máis acusados en Lugo, cun 12% (91.604 persoas máis), única provincia cunha medra superior á media española. A Coruña rexistra un incremento do 0,5% (11.959 persoas) e Pontevedra do 0,4% (6.472 persoas máis). Por contra, Ourense rexistra un descenso interanual do 4,2% (14.950 persoas menos). Tras esta evolución, a provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.357.342 persoas, seguida de Pontevedra, con 1.796.182 viaxeiros, concentrando o 77,6% do total galego (78,7% no ano anterior). Comparado coa situación antes da crise orixinada pola pandemia, en 2025 Galicia supera nun 20,2% o nivel acadado en 2019, sendo esta recuperación de tan só un 8,9% no conxunto do Estado. Non obstante, esta mellora é desigual entre as provincias, mellorando a situación nun 21,7% na Coruña (419.867 persoas máis), nun 19,1% en Pontevedra (288.078 persoas); e nun 32,2% na provincia de Lugo (208.718 persoas máis); o que contrasta coa redución nun 5,2% en Ourense (18.649 menos).

En paralelo a este incremento do número de viaxeiros e viaxeiras, no ano 2025 rexístrase unha medra no número de pernoitas en establecementos hoteleiros, novamente máis intensa en España que en Galicia. As pernoitas rexistradas aumentaron en Galicia un 0,3% respecto aos datos



do ano precedente (1% no conxunto do Estado) superando as 9,8 millóns, mantendo o seu peso relativo no 2,7% do total estatal. Ao igual que no caso das persoas viaxeiras, tanto en España como en Galicia o número de pernoitas superan ás rexistradas no ano 2019, sendo esta recuperación máis intensa en Galicia, cunha medra do 9,5% fronte ao 6,9% no conxunto do Estado. Ao igual que no caso do número de persoas viaxeiras, o incremento máis acusado en termos relativos rexístrase el Lugo, cunha medra do 21,9% (248.223 pernoitas máis); seguido da Coruña, cun 12,3% (452.959 pernoitas máis) e Pontevedra, cun 4,9% (169.960 máis); reducíndose por contra en Ourense un 2,8% (18.972 pernoitas menos).

Tras esta evolución, a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permanece relativamente estable, situándose no ano 2025 en 1,84 días, lonxe do rexistrado no conxunto do Estado onde a estadía media ascende a 3,10 días. A estadía media dos viaxeiros estranxeiros descende ata os 1,56 días (1,59 no ano anterior), en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España ata os 1,98 días (2,00 días no último ano). A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 3,84 días e a dos viaxeiros españois, de 2,23 días. Ao igual que acontecera en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan estadías medias significativamente inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra, onde se rexistra unha estadía para persoas residentes en España superior á estatal (2,30 días fronte a 2,23 en España).

O sector turístico galego segue caracterizándose por unha marcada estacionalidade. O **cadro 3.1.48**. amosa que o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia no ano 2025 rexistrouse no mes de agosto, cun 67,5%, e o mínimo no mes de xaneiro, co 23,3%. Para o conxunto de España, o máximo e o mínimo alcánzanse nos mesmos meses, situándose estas porcentaxes no 75,5% e o 47,5%, respectivamente. Con todo, cómpre resaltar que en Galicia redúcese o diferencial entre ambos os dous extremos, situándose en Galicia en 44,1 puntos fronte aos 45,7 do ano precedente, o que contrasta co rexistrado no conxunto de España, onde descende ata os 28 puntos (28,1 puntos en 2024). No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza aumenta en Galicia ata o 44% (43,2% no ano anterior), porcentaxe que se sitúa por riba do nivel acadado no ano previo á crise (40,5%). Este grado de ocupación é significativamente inferior á media estatal, onde alcanza o 61,6% (60,1% en 2019).

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. A taxa media ponderada do IPH volve a aumentar no último ano, cunha medra do 3,7% (dato provisional), porcentaxe que se sitúa novamente por baixo da media no conxunto do Estado, cun incremento do 5,1% (no ano precedente estas porcentaxes situábanse no 4,4% e 7%, respectivamente).

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores principais: a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.


Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios obtidos por habitación ocupada diariamente. Galicia rexistra no ano 2025 (dato provisional) unha tarifa media de 76,86 euros, un 4,1% máis que no ano anterior; situándose como a quinta C.A. coa tarifa máis reducida por

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2020-25 ⁽¹⁾


	Galicia			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	38,7	67,4	21,4	2,02
2020	19,0	44,0	0,0	2,12
2021	34,0	67,8	10,4	2,06
2022	41,8	68,4	18,0	1,94
2023	42,1	66,1	23,7	1,91
2024	43,2	69,3	23,6	1,87
2025	44,0	67,5	23,3	1,84

	España			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	58,4	76,9	45,1	3,15
2020	26,5	50,7	0,0	2,67
2021	43,2	65,1	14,5	2,85
2022	57,3	75,1	33,4	3,11
2023	60,1	74,6	45,7	3,09
2024	61,2	75,5	47,4	3,13
2025	61,6	75,5	47,5	3,10

Estadía media mensual



Grao de ocupación mensual



(1) datos 2025 son provisionais
 Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

■ 3.1.48.



detrás de Murcia, Castela-A Mancha, Castela e León e Estremadura. No conxunto do Estado a tarifa media medra un 5,1% en relación ao ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 127,72 euros. Comparado co ano 2019, a tarifa media aumenta un 28,9%, máis de once puntos inferior que a rexistrada en España (40%).

O ingreso medio por habitación dispoñible aumenta no último ano en Galicia un 6,6%, acadando os 35,94 euros nominais en Galicia, lonxe dos 86,54 euros en España (6,1% superior ao do ano 2024), e o cuarto máis reducido do Estado, só por detrás de Castela e León, Castela-A Mancha e Estremadura. En relación ao ano 2019, o ingreso aumenta en Galicia un 39,3%, catro puntos menos que a media española (43,3%).

Finalmente, cómpre analizar o chamado turismo extrahoteleiro, que integra ao turismo rural e ás vivendas de uso turístico (VUT), entendidas estas últimas como vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

O **turismo rural** en Galicia presenta no último ano un mal comportamento tanto en termos do número de persoas aloxadas nestes establecementos como en relación á evolución de establecementos e de pernoitas. Dunha banda, o **cadro 3.1.49**, reflicte que no último ano o número de viaxeiros neste tipo de establecementos descende en Galicia un 7,1% respecto ao ano anterior, acadando as 190.709 persoas viaxeiras, 14.660 menos que no ano anterior, cifra que está por baixo do nivel de 2019 (227.377 persoas). O número de pernoitas redúcese un 6,4%, rexistrándose 360.596 pernoitas, o que supón 24.558 menos que no ano precedente (426.989 no ano 2019).

No conxunto do Estado o número de viaxeiros e viaxeiras de turismo rural redúcese de media nun 2,6% e as pernoitas medran un 1,2%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia no total estatal sitúase no 4% no caso dos viaxeiros e ata o 2,8% no caso das pernoitas, fronte aos 5,1% e 3,6% en 2019.

O devandito descenso vén motivado polo comportamento das persoas residentes no estranxeiro, cunha caída interanual do 13,8% (10.563 persoas menos) e do 3,2% experimentado no caso dos residentes en España (4.097 persoas menos). O número total de persoas viaxeiras residentes no estranxeiro ascende a 65.729 fronte ás 124.248 persoas de nacionalidade española. En relación aos datos rexistrados antes da pandemia, o número de persoas de nacionalidade española atópase un 19,8% por baixo (30.839 persoas menos) mentres que entre os residentes no estranxeiro atópase un 8,1% (5.829 menos).

Ao igual que no ano 2019, o peso do turismo estranxeiro en Galicia sobre o total de viaxeiros nos establecementos de turismo rural é superior á media estatal, cun 34,5% fronte ao 24,5% no conxunto do Estado. En 2019, o turismo estranxeiro representaba en Galicia o 31,5% mentres que en España supuña o 20,1%.

Turismo rural en Galicia e España 2019-25 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2019		2024		2025		25/24	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos ⁽²⁾	452	17.217	368	16.716	332	16.288	-36	-428
Viaxeiros	227.377	4.421.371	205.369	4.808.446	190.709	4.787.999	-14.660	-20.447
residentes en España	155.819	3.533.544	129.077	3.597.329	124.980	3.615.735	-4.097	18.406
residentes no estranxeiro	71.558	887.827	76.292	1.211.117	65.729	1.172.263	-10.563	-38.854
Pernoitas	426.988	11.726.034	385.154	12.720.132	360.596	12.875.052	-24.558	154.920
residentes en España	314.392	8.521.062	272.399	8.795.579	260.622	8.875.630	-11.777	80.051
residentes no estranxeiro	112.596	3.204.972	112.755	3.924.553	99.974	3.999.422	-12.781	74.869
Grao de ocupación por praza								
media	19,7	19,2	21,2	20,6	22,5	21,6		
fin de semana	29,0	32,7	29,7	33,4	31,9	34,8		
Estadía media (en días)	1,88	2,89	1,88	2,65	1,89	2,69		

(1) datos 2019-24 son definitivos e 2025 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural

■ 3.1.49.

O número medio de establecementos de turismo rural redúcese novamente en Galicia ata situarse nos 332 establecementos, 36 menos que no ano anterior (452 establecementos no ano 2019). Esta caída tradúcese nunha redución do número de prazas estimadas, que se sitúa en 4.335, un 11,7% inferior ás do ano anterior (572 prazas menos). Tras esta evolución, Galicia acolle o 2% dos establecementos e o 2,7% das prazas totais estimadas en España (2,2% dos establecementos en 2024 e o 2,9% das prazas).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural aumenta en Galicia no ano 2025 ata o 22,5%, máis dun punto superior á do ano anterior (21,2%), sendo superior á rexistrada de media en España (21,6%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acadada o 31,9% na Comunidade Autónoma, dous puntos máis que no ano anterior (29,7%), e o 34,8% no conxunto do Estado. Estes graos de ocupación sitúanse en Galicia por riba do rexistrado no ano 2019, que ascende de media en Galicia ata o 19,7% e o 29% na fin de semana (19,2% e 32,7%, respectivamente, en España). A estadía media nestes establecementos desce en 2025 ata os 1,89 días en Galicia e 2,69 días da media no conxunto do Estado (1,88 e 2,89 días, respectivamente no ano 2019).

As **vivendas de uso turístico** estanse a converter nun referente indispensable á hora de analizar o sector turístico. Os datos do directorio de aloxamentos turísticos publicados por Turismo de Galicia amosan que no último ano volve a aumentar de xeito significativo o número de establecementos, e por conseguinte, o de cuartos e prazas. A un de xaneiro de 2026 Galicia conta cun total de 27.637 establecementos, o que supón un 5,9% máis que na mesma data do ano precedente (1.547 establecementos máis). Tras este incremento o número de habitacións aumenta ata as 75.762, un 7,9% máis que en xaneiro de 2025 (5.517 habitacións). As prazas re-

Vivendas de uso turístico 2025-26

2026

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	27.637	75.762	149.741
A Coruña	9.275	26.283	50.608
Lugo	4.136	11.044	22.094
Ourense	1.127	3.007	5.875
Pontevedra	13.099	35.428	71.164

2025

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	26.090	70.245	139.019
A Coruña	8.832	24.911	47.799
Lugo	3.688	9.531	19.226
Ourense	1.014	2.705	5.335
Pontevedra	12.556	33.098	66.659
Galicia 25/24	5,9	7,9	7,7

(1) Datos a un de xaneiro de cada ano

Fonte: Sistema de intelixencia turística de Galicia, Rexistro de empresas e actividades turísticas

■ 3.1.50.

xistradas situábanse en 149.741, o que supón unha medra do 7,7% respecto ao ano anterior (10.722 prazas máis).

O devandito incremento do número de establecementos rexistrado en Galicia, **cadro 3.1.50.**, rexístrase nas catro provincias galegas, salientando Lugo cunha medra do 12,1% (448 establecementos máis) e Ourense, cun incremento do 11,1% (113 máis), sendo esta porcentaxe do 5% na Coruña e do 4,3% en Pontevedra (443 e 543 establecementos máis, respectivamente). A un de xaneiro de 2026 Pontevedra contaba con 13.099 VUT (543 máis que no ano precedente) e 71.164 prazas (4.505 máis), o que supón o 47,5% do total galego en ambos os dous casos. A continuación situaríase A Coruña, que concentra en torno ao 34% dos establecementos e prazas galegas (9.275 e 50.608, respectivamente).

Un último aspecto a ter en conta é o turismo vinculado á **peregrinación** a Santiago de Compostela. Os datos da Oficina de acollida ao peregrino rexistran en 2025 un total de 530.109 persoas, o que supón un 6,3% máis que as rexistradas no ano anterior (31.285 peregrinos máis). Ao igual que no ano precedente, o número de mulleres que peregrinan a Santiago supera ao dos homes, ao representar o 53,7% das persoas, catro décimas por baixo do rexistrado no ano anterior.

Atendendo á nacionalidade dos peregrinos, o último ano presenta un incremento tanto das persoas de nacionalidade española como, en maior medida, das persoas estranxeiras (4,1% e 8,1%, respectivamente). Tras esta evolución, o 57% das persoas que fan o camiño son de nacionalidade estranxeira, entre os que destaca o peso das persoas procedentes de Estados Unidos, o 8,3% do total, e as de nacionalidade italiana, co 5%. Comparado coa situación existente

Peregrinación a Santiago de Compostela 2010, 2019, 2023 a 2025

	2025		2024		2019		2010	
	(persoas)	(%)	(persoas)	(%)	(persoas)	(%)	(persoas)	(%)
Camiños								
Francés	242.183	45,7	236.263	47,4	189.928	54,6	189.278	69,5
Portugués	100.837	19,0	95.495	19,1	72.355	20,8	33.140	12,2
Portugués Costa	89.511	16,9	74.755	15,0	22.291	6,4	1.114	0,4
Inglés	30.204	5,7	28.064	5,6	15.781	4,5	6.461	2,4
Primitivo	27.871	5,3	24.471	4,9	15.715	4,5	8.043	3,0
Norte	21.521	4,1	21.418	4,3	19.021	5,5	17.662	6,5
Vía da Prata	8.837	1,7	9.028	1,8	9.198	2,6	14.252	5,2
De inverno	2.758	0,5	2.869	0,6	1.035	0,3	139	0,1
Muxía-Finisterre	2.381	0,4	2.257	0,5	1.548	0,4	1.797	0,7
Outros camiños	1.676	0,3	2.014	0,4	694	0,2	499	0,2
Geira e Arrieiros	757	0,1	690	0,1	-	-	-	-
Barbanza	755	0,1	841	0,2	-	-	-	-
Muros-Noia	572	0,1	369	0,1	-	-	-	-
Camiño do Mar	179	0,0	197	0,0	-	-	-	-
Miñoto-Ribeiro	30	0,0	16	0,0	-	-	-	-
San Rosendo	24	0,0	6	0,0	-	-	-	-
Vía Céltica	13	0,0	71	0,0	-	-	-	-
TOTAL	530.109	100,0	498.824	100,0	347.566	100,0	272.385	100,0

Fonte: Oficina de Acogida al Peregrino

■ 3.1.51.

no ano anterior, xunto co incremento do 10,3% das persoas procedentes de EE.UU. (4.497 persoas máis) cómpre salientar o aumento de peregrinos procedentes do México, con 2.582 persoas máis (21,4%), e Australia, con 1.737 peregrinos e peregrinas máis (18,5%). Entre as persoas de nacionalidade española (228.137 persoas; o 43% do total) sobresaen as persoas procedentes de Andalucía e Madrid, que representan o 23,5% e 17,8% do total de peregrinos españois (10,1% e 7,7% do total).

Case a metade dos peregrinos recorren o camiño francés, con 242.183 persoas (o 45,7% do total), seguíndolle o camiño portugués, con 100.837 persoas, o 19% do total. Neste último ano cómpre resaltar novamente o forte dinamismo experimentado polo camiño portugués da costa, que tras un incremento interanual do 19,7% no número de peregrinos e peregrinas acada as 89.511 persoas, 14.756 máis que no ano precedente. Xunto a este incremento, o número de persoas que recorren o camiño francés e portugués aumenta un 2,5% e 5,6%, respectivamente.

Transporte

Os datos correspondentes ao tráfico de mercadorías reflicten unha medra do tráfico de mercadorías e pasaxeiros tanto por estrada como por ferrocarril, o que contrasta co descenso do tráfico aéreo e por vía marítima de mercadorías. No que ao tráfico de pasaxeiros se refire, fronte ao incremento nos casos do transporte terrestre e marítimo, descende o tráfico aéreo de pasaxeiros.

A estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros (**cadro 3.1.52.**).



Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2024-25

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2025	2024	25/24	2025	2024	25/24
	<i>(en miles de tm.)</i>		<i>(%)</i>	<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>
Estrada (1)	117.608,2	108.917,9	8,0	69.324,0	65.142,0	6,4
Ferrocarril (2)	1.186,8	1.139,3	4,2	3.378,3	2.527,1	33,7
Marítimo (3)	30.220,9	30.849,6	-2,0	788,9	633,8	24,5
Marítimo (4)	1.079,6	1.264,2	-14,6	1.919,9	1.971,1	-2,6
Aéreo	4.185,1	5.390,4	-22,4	5.527,7	5.936,6	-6,9

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe e destino en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

■ 3.1.52.

Transporte de mercadorías por estrada nas CC.AA. 2024-25 ⁽¹⁾

	2025			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	<i>(en miles de tm.)</i>		<i>(%)</i>	
Galicia	117.608	68,8	25,5	5,7
Total	1.671.183	70,5	24,1	5,4
	2024			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	<i>(en miles de tm.)</i>		<i>(%)</i>	
Galicia	108.918	72,4	23,3	4,3
Total	1.644.529	70,0	24,2	5,8
	25/24	<i>(%)</i>		
Galicia	8,0			
Total	1,6			

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 Tm. e con peso superior a 6 Tm., matriculados en España

Fonte: Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, *Transporte de mercancías por carretera*

■ 3.1.53.

Máis de tres cuartas partes das mercadorías con orixe ou destino en Galicia no ano 2025 utilizaron o transporte por estrada. O volume de mercadorías transportadas por estrada medrou un 8% no último ano, máis de seis puntos por riba do rexistrado en España (1,6%). Deste xeito, o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada ascende ata o 7%, catro décimas máis que no ano anterior.

No que respecta ao transporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.53.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego aumenta ata o 25,5%, porcentaxe que se sitúa no 24,1% no conxunto do Estado. O peso relativo do comercio intrarrexional en Galicia man-

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2024-25

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024
	(en tm.)					
Total	12.597.114	12.430.572	8.944.883	9.951.742	8.443.099	8.151.341
A Coruña	9.486.989	9.819.861	3.765.300	4.214.148	463.719	541.304
Ferrol-San Cibrao	2.758.846	2.285.828	3.305.731	3.695.342	890.397	673.181
Marín-Ría de Pontevedra	-	-	1.178.159	1.369.839	1.199.217	1.174.268
Vigo	29.337	38.626	312.292	260.036	5.057.659	5.053.625
Vilagarcía	321.942	286.257	383.401	412.377	832.107	708.963
Total Portos do Estado	180.783.603	178.786.746	81.898.666	84.764.139	278.917.153	278.529.601
Galicia / España (%)	7,0	7,0	10,9	11,7	3,0	2,9

	Avituallamento e tráfico local		Pesca		Total	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024
	(en tm.)					
Total	178.695	260.010	57.076	55.951	30.220.867	30.849.616
A Coruña	63.884	91.937	25.753	23.159	13.805.645	14.690.409
Ferrol-San Cibrao	24.534	13.409	88	148	6.979.596	6.667.908
Marín-Ría de Pontevedra	16.308	26.889	1.971	2.095	2.395.655	2.573.091
Vigo	66.284	119.389	29.264	30.549	5.494.836	5.502.225
Vilagarcía	7.685	8.386	-	-	1.545.135	1.415.983
Total Portos do Estado	15.031.491	15.566.519	127.297	127.941	556.758.210	557.774.946
Galicia / España (%)	1,2	1,7	44,8	43,7	5,4	5,5

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Movilidad Sostenible

3.1.54.

tense como o cuarto máis importante do Estado, por detrás de Canarias, Baleares e Andalucía, co 68,8% do total, situándose a media estatal no 70,5%. Finalmente o 5,7% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe ou destino internacional, tres décimas superior ao da media do Estado.

O tráfico de mercadorías nos Portos de Interese do Estado en Galicia redúcese en 2025 un 2% en relación ao rexistrado no ano anterior, fronte á caída do 0,2% en España. Tras esta evolución, o volume do tráfico de mercadorías mantense, tanto en Galicia como en España por baixo do seu nivel precise; en concreto, en Galicia é un 5,9% inferior (1,9 millóns menos), situándose no conxunto do Estado un 1,2% por baixo do rexistrado en 2019.

Os portos de interese xeral galegos moveron un total de 30.220,9 miles de toneladas, o que supón o 5,4% do total estatal (5,5% no ano anterior). O devandito comportamento do sistema portuario galego vén condicionado polas fortes caídas do tráfico na Coruña, cunha redución do movemento do 6% (fundamentalmente graneis líquidos), e no porto de Marín-Pontevedra (6,9%), o que contrasta co incremento do 9,1% en Vilagarcía, basicamente mercadoría xeral, e nun 4,7% en Ferrol-San Cibrao, impulsado pola evolución de graneis sólidos e mercadoría xeral. O porto de Vigo mantén practicamente estable o volume de mercadorías transportados, cun descenso do 0,1% respecto ao ano anterior.

Tras esta evolución, os portos de A Coruña e Ferrol–San Cibrao son os que rexistran o maior movemento de mercadorías, concentrando o 45,7% (13.805,6 miles de toneladas) e o 23,1% (6.979,6 miles de toneladas) do total, respectivamente. O tráfico de mercadorías no porto de Vigo ascende ata as 5.494,8 miles de toneladas, o 18,2% do total, situándose como terceiro porto en importancia en termos de volume.

Por tipo de mercadoría transportada, tras un incremento do 1,3%, o movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis líquidos, con 12.597,1 miles de toneladas, o que supón o 41,7% do total galego. O porto da Coruña, tras unha caída do 3,4%, move o 75,3% destas mercadorías (9.487 miles de toneladas) e o de Ferrol-San Cibrao, que experimenta unha medra do 20,7%, move o 21,9% (2.758,8 miles de toneladas).

O transporte de graneis sólidos, a pesar dun descenso do 10,1%, mantense como o segundo en importancia en canto a volume. No ano 2025 o tráfico destes produtos ascende a 8.944,9 miles de toneladas, o 29,6% do total galego. Todas as autoridades portuarias presentan unha redución do tráfico destas mercadorías, agás a de Vigo, cunha medra do 20,1%, salientando a caída do 14% en Marín Pontevedra e entorno ao 10,5% nos portos da Coruña e Ferrol-San Cibrao. A autoridade portuaria da Coruña concentra o 42,1% dos graneis sólidos (3.765,3 miles de toneladas) e o de Ferrol-San Cibrao un 37% (3.305,7 miles de toneladas).

O movemento de mercadoría xeral foi o que experimentou un mellor comportamento, cunha medra interanual do 3,6%, tres puntos e medio por riba do experimentado polo conxunto de España. En 2025, este tráfico ascende a 8.944,9 miles de toneladas, o que supón o 3% do total estatal, unha décima máis que no ano precedente. Este comportamento explícase fundamentalmente polo incremento experimentado polo porto de Ferrol-San Cibrao, cun crecemento do 32,3%, así como o de Vilagarcía, cun 17,4%. O porto de Vigo, tras unha medra do 0,1%, mantense como o porto con maior movemento, con 5.057,7 miles de toneladas, o que representa o 59,9% do total galego; seguido polo de Marín-Pontevedra, con 1.199,2 miles de toneladas, o 14,2% do total.

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 44,8% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado (57,3% en 2019), acadando as 57,1 miles de toneladas no ano 2025, un 2% máis que no exercicio precedente (-0,5% no conxunto de España). Entre os portos galegos, o porto de Vigo segue a ser o máis importante en termos de volume a pesar dunha caída do 4,2%, alcanzando as 29,3 miles de toneladas, o que supón o 51,3% do total de pesca en Galicia e o 23% da pesca total descargada en España. A continuación sitúase o porto da Coruña, que tras unha medra interanual do 11,2% acada as 25,8 miles de toneladas, o 45,1% do total de Galicia e o 20,2% do total estatal.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, tras un descenso interanual do 14,6%, o volume de mercadorías movidas nestas instalacións no último sitúase en 1.079,6 miles de toneladas, volume que se mantén por baixo do rexistrado en 2019 (1.487,6 miles de toneladas). A pesar dunha redución interanual do 6,8%, o porto de Ribadeo sitúase como o porto máis importante en termos de volume, con 516,2 miles de toneladas; manténdose o porto de Cariño en segundo lugar tras un descenso do 13,8%, ao mover un total de 376,4 miles de tone-

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2019-25

	2019		2024		2025		25/24
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	1.487.556	100,0	1.264.210	100,0	1.079.595	100,0	- 14,6
A Pobra do Caramiñal	104.340	7,0	52.679	4,2	32.075	3,0	- 39,1
Burela	37.701	2,5	95.377	7,5	52.438	4,9	- 45,0
Canido	-	-	-	-	-	-	-
Cariño	594.488	40,0	436.673	34,5	376.434	34,9	- 13,8
Cee	203.344	13,7	20.382	1,6	25.836	2,4	26,8
Pontecesures	140	0,0	-	-	-	-	-
Ribadeo	417.404	28,1	553.986	43,8	516.163	47,8	- 6,8
Ribeira	23.849	1,6	71	0,0	118	0,0	66,2
Viveiro-Celeiro	106.290	7,1	105.042	8,3	76.531	7,1	- 27,1

Fonte: Portos de Galicia

3.1.55.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2024-25

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2025	2024	25/24 (%)	2025	2024	25/24 (%)
Total	2.371.659	1.971.138	20,3	788.873	633.815	24,5
A Coruña	10.695	11.979	-10,7	465.199	406.613	14,4
Ferrol-San Cibrao	24.205	22.756	6,4	16.629	13.294	25,1
Marín e Ría de Pontevedra	115.489	116.667	-1,0	-	765	-
Vigo	2.211.506	1.806.802	22,4	306.033	211.193	44,9
Vilagarcía	9.764	12.934	-24,5	1.012	1.950	- 48
Total Portos do Estado	29.649.270	28.843.418	2,8	12.837.550	12.025.879	6,7
Galicia / España (%)	8,0	6,8		6,1	5,3	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.56.

ladas. Estes dous portos concentran o 82,7% do volume total de mercadorías fronte ao 68% en 2019 (78,4% en 2024) (**cadro 3.1.55.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, o ano 2025 caracterízase por un importante crecemento do número de cruceiristas, que nos portos galegos ascende a 788.873 persoas, un 24,5% máis que no ano precedente. A Autoridade portuaria da Coruña é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 465.199 persoas, superando ao porto de Vigo, con 306.033 pasaxeiros e pasaxeiras.

No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o crecemento do 20,3% rexistrado en 2025 vén motivado fundamentalmente polo comportamento en Vigo, que tras un incremento do 22,4% (404.704 persoas máis), move un total de 2.211.506 persoas, o 93,2% deste tráfico total en Galicia (**cadro 3.1.56.**).

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2024-25 ⁽¹⁾

	2025			2024			25/24		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia	(%)
Galicia	13.105.900	3.378.300	1.186.765	14.375.000	2.527.100	1.139.292	-8,8	33,7	4,2
A Coruña	6.961.100	1.358.500	435.545	7.645.200	841.400	335.090	-8,9	61,5	30,0
Lugo	205.100	125.100	109.999	187.400	77.000	107.986	9,4	62,5	1,9
Ourense	1.095.300	1.086.100	110.831	1.263.600	936.500	109.099	-13,3	16,0	1,6
Pontevedra	4.844.400	808.600	530.390	5.278.800	672.200	587.117	-8,2	20,3	-9,7
España	39.539.500	37.249.200	9.470.000	42.159.400	35.177.510	10.383.000	-6,2	5,9	-8,8

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
Fonte: Renfe Operadora

■ 3.1.57.

O tráfico ferroviario de mercadorías aumenta en Galicia un 4,2% respecto ao ano anterior, ascendendo a 1.186,8 miles de toneladas (47,5 miles máis). A devandita evolución do tráfico ferroviario contrasta coa significativa caída rexistrada no conxunto do Estado (-8,8%), polo que o peso relativo de Galicia no total estatal aumenta ata o 12,5%, punto e medio superior ao rexistrado no ano precedente (9,6% en 2019).

Atendendo á distribución nas provincias galegas, o devandito comportamento vén explicado basicamente pola medra do tráfico ferroviario na Coruña. No último ano esta provincia presenta unha medra interanual do 30%, aumentando tan só un 1,9% en Lugo e un 1,6% en Ourense. Fronte a esta evolución, o movemento de mercadorías na provincia de Pontevedra experimenta unha redución do 9,7% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución, Pontevedra segue a ser a provincia máis importante en termos de volume, con 530.390 toneladas, o que supón o 44,7% do total galego, por diante da Coruña, con 435.545 toneladas, o 36,7%.

No que respecta ao transporte de pasaxeiros, A Coruña acolle o 53,1% dos viaxeiros de media distancia convencional (6.961.100 persoas), seguida de Pontevedra con 4.844.400 viaxeiros, o 37% do total de Galicia en 2025. A Coruña sitúase como a provincia con maior número de viaxeiros de longa distancia, con 1.358.500 persoas, o 40,2% do total en Galicia, fronte ás 1.086.100 persoas na Coruña (32,1%).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, Galicia volve a presentar unha redución do volume de transportado fronte ao incremento experimentado en España. Tras unha caída interanual do 22,4% (-5,5% no ano precedente) movéronse un total de 4.185,1 toneladas, o que supón 1.205,3 toneladas menos. Tras un incremento do 3,9% en España, o seu peso relativo no total estatal descende ata o 0,3%, unha décima menos que no ano anterior.

Como reflicte o **cadro 3.1.58.**, o devandito descenso veu motivado fundamentalmente pola evolución do tráfico no aeroporto de Santiago de Compostela, cun descenso do 25,6%, aumen-

Tráfico comercial aéreo 2021-25 ^{(1) (2)}

Operacións

	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Aeropertos galegos	36.651	53.583	56.174	52.974	53.599	1,2
A Coruña	12.084	14.364	15.405	14.490	16.251	12,2
Santiago-Rosalía de Castro	15.376	25.459	25.903	26.969	24.837	-7,9
Vigo	9.191	13.760	14.866	11.515	12.511	8,6
Total España	1.518.847	2.216.474	2.404.054	2.590.962	2.696.414	4,1
Galicia / España (%)	2,4	2,4	2,3	2,0	2,0	

Pasaxeiros

	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Aeropertos galegos	2.797.341	5.155.653	5.925.628	5.936.618	5.527.735	-6,9
A Coruña	594.584	963.952	1.252.022	1.237.570	1.292.166	4,4
Santiago-Rosalía de Castro	1.653.663	3.238.531	3.537.447	3.640.519	3.120.759	-14,3
Vigo	549.094	953.170	1.136.159	1.058.529	1.114.810	5,3
Total España	119.952.578	243.693.689	283.201.865	309.371.619	321.587.316	3,9
Galicia / España (%)	2,3	2,1	2,1	1,9	1,7	

Mercadorías

	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Aeropertos galegos	5.830.014	5.634.141	5.702.526	5.390.365	4.185.058	-22,4
A Coruña	85.451	91.130	76.963	54.792	29.850	-45,5
Santiago-Rosalía de Castro	4.938.251	4.853.317	4.818.283	5.020.688	3.733.838	-25,6
Vigo	806.312	689.694	807.280	314.885	421.370	33,8
Total España	998.699.589	1.000.485.327	1.079.829.993	1.280.332.770	1.372.394.380	7,2
Galicia / España (%)	0,6	0,6	0,5	0,4	0,3	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)

(2) 2025 son datos provisionais, resto de anos definitivos.

Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

■ 3.158.

tando tan só en Vigo (33,8%). Con todo, o aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 3.733,8 toneladas, o 89,3% do total galego, fronte ás 421,4 toneladas en Vigo (10,1%) e 29,9 toneladas no aeroporto da Coruña (0,7% do total galego).

En relación á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto volve a presentar no ano 2023 un peor comportamento que o total dos aeroportos españois. O número de pasaxeiros descende en Galicia un 6,9% respecto ao ano anterior, fronte ao incremento do 3,9% no sistema aeroportuario español. Este descenso no número de persoas rexístrase tan só no aeroporto de Santiago, cunha caída do 14,3%, aumentando na Coruña e Vigo un 4,4% e un 5,3%, respectivamente.

Tras esta evolución, o sistema aeroportuario galego move un total de 5.527.735 persoas, o que supón o 1,7% do total estatal. Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con

Entidades de crédito en Galicia e España 2019-25 ⁽¹⁾: oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Depósitos (2)			Créditos		
	Totais	Depósitos á vista	Galicia Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
	<i>(en millóns de euros)</i>					
2019	63.490,7	50.437,0	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7
2023	75.732,9	63.434,0	12.294,8	46.655,4	6.298,7	40.356,7
2024	78.986,9	65.098,4	13.884,6	48.124,1	6.866,6	41.257,5
2025	83.308,5	69.737,0	13.544,2	49.463,6	6.973,5	42.490,1

	España					
	Totais	Depósitos á vista	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
	<i>(en millóns de euros)</i>					
2019	1.218.981,2	1.021.154,4	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6
2023	1.413.514,2	1.194.379,0	204.184,5	1.201.952,1	75.166,9	1.126.785,2
2024	1.488.665,8	1.219.509,2	248.793,5	1.204.641,2	73.820,1	1.130.821,2
2025	1.561.006,6	1.299.392,7	240.350,5	1.255.541,1	82.368,1	1.173.173,0

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sen previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

■ 3.1.59.

3.120.759 persoas (o 56,5% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 1.292.166 pasaxeiros (23,4%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 1.114.810 pasaxeiros (20,2% do total galego).


Sector financeiro

Por terceiro ano consecutivo, o sistema financeiro galego e español rexistran unha medra na súa ocupación, aumentando o número de afiliacións un 2,3% e 3%, respectivamente. Fronte a este incremento cómpre mencionar que no último ano continúa o proceso de axuste da súa capacidade atendendo á redución do número de oficinas das entidades en Galicia e en España.

Segundo os datos publicados polo IGE, este último ano rexístranse en Galicia un total de 981 entidades de depósito, vinte e un menos que as operativas no ano anterior. Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse un 60,9% en Galicia (un 62,2% en España), o que supón 1.531 entidades de crédito menos.

A 31 de decembro de 2025 un total de 54 concellos galegos non contaban con ningunha oficina (24 na mesma data de 2008) e outros 131 tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 30 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 48 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).


Oficinas de entidades de depósito. Galicia-España 2008-25



(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano
 Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

■ 3.1.60.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nos Servizos Financeiros: 2008-25



Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social e Mutualidades*

■ 3.1.61.



Oficinas das entidades de crédito: 2019-25 ⁽¹⁾

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	540	502	425	410	405	401	386
A Coruña	150	137	118	112	109	105	137
Ferrol	29	25	21	20	20	20	46
Santiago de Compostela	62	54	46	41	40	40	55
resto de concellos	299	286	240	237	236	236	148
Lugo	219	196	200	165	165	164	164
Lugo	52	44	42	36	36	36	43
resto de concellos	167	152	158	129	129	128	121
Ourense	182	167	140	139	139	138	137
Ourense	63	56	44	44	44	43	55
resto de concellos	119	111	96	95	95	95	82
Pontevedra	425	369	319	311	307	303	294
Pontevedra	42	35	25	26	25	25	32
Vigo	157	136	122	114	113	109	140
resto de concellos	226	198	172	171	169	169	122
Total	1.366	1.234	1.084	1.025	1.016	1.006	981

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

■ 3.1.62.


En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 3,6 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, dous entidades menos que en 2019 (5,6 entidades). Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 3,1 oficinas por cada 10.000 habitantes (4,5 oficinas en 2019), situándose no extremo oposto Lugo, quen experimenta o maior descenso entre os dous anos considerados, pasando das 6,7 oficinas por cada dez mil habitantes de 2019 ás 5 oficinas no último ano. Na provincia da Coruña hai un total de 3,4 oficinas fronte ás 4,8 oficinas do ano 2019; en tanto que en Ourense, este indicador sitúase en 4,5 oficinas fronte ás 5,9 oficinas ao inicio da crise orixinada pola pandemia.

No concernente ao emprego, por segundo ano consecutivo aumenta o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64), situándose de media en 2025 nas 8.949 afiliacións, 199 máis que no ano precedente (2,3% máis). Este feito acontece tamén no conxunto do Estado, onde as afiliacións medran un 3% respecto ao ano anterior. En relación ao emprego en 2008, Galicia conta con 5.700 afiliacións menos (14.649 afiliacións en 2008). O **gráfico 3.1.61.** mostra a devandita evolución das afiliacións no sector tanto en Galicia como no conxunto de España.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 5,5% en Galicia (4,9% de media no Estado), porcentaxe superior á rexistrada no ano anterior (4,3% e 5,3%, respectivamente). Tras esta evolución, o montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende a 83.308,5 millóns de euros, o que representa o 5,3% do total estatal.

Como se aprecia no **gráfico 3.1.63.**, continúa o descenso do peso dos créditos sobre depósitos tanto en Galicia como en España, sendo esta relación moito máis elevada no conxunto do Es-

Porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia e España 2008-25



Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

■ 3.1.63.

tado. No ano 2025 a porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia descende ata o 59,4%, máis de vinte puntos menos que en España (80,4%), cando en 2008 esta relación situábase en 146,6% en Galicia (161,1% no Estado). □



3.2.

Demografía empresarial

A un de xaneiro de 2025 Galicia contaba con 186.951 empresas, un 0,8% máis que na mesma data do ano precedente. Esta medra non só é significativamente inferior á media estatal (1,7%), senón que tan só presenta un mellor comportamento que en Aragón, Castela A Mancha, Asturias, Castela e León e País Vasco. En termos relativos, Galicia conta con 68,9 empresas activas por cada mil habitantes fronte ás 67,4 no conxunto de España, situándose como a cuarta Comunidade autónoma con maior densidade empresarial tan só por detrás de Baleares, Cataluña e Madrid.

A pesares do dinamismo da economía galega, o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social en Galicia redúcese un 0,9%, rematando o ano con 78.574 empresas, 694 menos que no ano anterior. Tendo en conta o incremento rexistrado no conxunto de España (0,3%), o seu peso relativo descende ata o 5,8%, unha décima menos que na mesma data do ano anterior.

No que á dinámica empresarial se refire, no último ano constituíronse un total de 17,2 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 25,8 sociedades no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis acusado dende a crise económica e financeira de 2008. Doutra banda, o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas presenta no último ano un descenso en relación ao ano anterior acadando en Galicia un valor de 32,3, situándose este indicador no conxunto de Estado en 20,4 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador importante da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia en 2025 ascende a 2.143 (un 42,3% superior ao ano anterior; 637 máis), dos que 1.837 son persoas fí-

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-25 ^{(1) (2)}

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8
2022	80.588	1.329.897	6,06	-1,0	-0,2
2023	80.106	1.338.191	5,99	-0,6	0,6
2024	79.268	1.344.934	5,89	-1,0	0,5
2025	78.574	1.349.396	5,82	-0,9	0,3

	2025	2024	25/24 (%)	
Galicia	78.574	79.268	-694	-0,9
A Coruña	33.197	33.473	-276	-0,8
Lugo	10.746	10.822	-76	-0,7
Ourense	9.160	9.289	-129	-1,4
Pontevedra	29.445	29.579	-134	-0,5

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empleados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.1.

sicas sen actividade empresarial, 53 son persoas físicas con actividade empresarial, e as restantes 253 son empresas. Este incremento ven explicado pola evolución das persoas físicas, con 646 debedores concursados máis, descendendo as empresas concursadas en 9 empresas (54,2% e -3,4%, respectivamente).


Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social mantén a súa tendencia descendente en Galicia, contando a 31 de decembro de 2025 con 78.574 empresas inscritas, o que supón unha caída interanual do 0,9% (694 empresas menos). Fronte a este descenso, España presenta unha medra do 0,3% respecto ao ano anterior, polo que continúa a caída do peso relativo das empresas galegas no total estatal, que no último ano se sitúa no 5,8%, unha décima menos que no último día de 2024.


Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o **gráfico 3.2.2.** reflicte a tendencia descendente do peso relativo das empresas galegas no total estatal pasando do 6,7% dos anos 2009 e 2010 ata o 5,8% do último ano. Asemade, se se toma como referencia o número de empresas a 31 de decembro de 2008 e 2019, Galicia aínda non recuperou o tecido empresarial existente antes do inicio das crises, o que contrasta coa evolución rexistrada en España. En concreto, o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social en Galicia é un 4,5% inferior ao rexistrado ao comezo da crise socioeconómica orixinada pola pandemia (3.711 empresas menos), o que contrasta co incremento do 0,7% no conxunto do Estado. Ao




Evolución de empresas con trabajadores inscritos na Seguridade Social Galicia-España: 2008-25



(base 2008 = 100)



(base 2019 = 100)



Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.2.

mesmo tempo, cómpre resaltar a significativa destrución do tecido empresarial en Galicia dende o ano 2008, cunha caída do 10,2% (8.898 empresas menos), a diferenza do que acontece no conxunto do Estado, cun incremento do 1,3%.

O devandito descenso do número de empresas inscritas na Seguridade Social rexístrase en todas as provincias. A Coruña presenta a caída máis acusada en termos absolutos, cunha minoración de 276 empresas, o que supón un 0,8% menos. En termos relativos salienta o descenso

**Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2019-25:
distribución sectorial e segundo titularidade**

		Galicia							
		2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Total		82.285	79.531	81.366	80.588	80.106	79.268	78.574	-0,9
Primario		5.744	5.672	5.736	5.585	5.348	5.184	5.072	-2,2
Industria		7.219	7.087	7.063	6.954	6.843	6.737	6.607	-1,9
Construción		8.206	8.258	8.498	8.405	8.360	8.299	8.250	-0,6
Servizos		61.116	58.514	60.069	59.644	59.555	59.048	58.645	-0,7
Total		82.285	79.531	81.366	80.588	80.106	79.268	78.574	-0,9
Persoa física		33.163	31.197	31.869	30.963	30.183	29.163	28.092	-3,7
Persoa xurídica		49.122	48.334	49.497	49.625	49.923	50.105	50.482	0,8

		España							
		2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24
Total		1.340.415	1.295.656	1.332.390	1.329.897	1.338.191	1.344.934	1.349.396	0,3
Primario		116.108	117.104	115.745	106.401	107.403	110.286	110.162	-0,1
Industria		108.262	105.955	106.453	105.523	104.563	102.993	101.708	-1,2
Construción		126.261	126.842	132.857	136.224	138.375	139.133	142.101	2,1
Servizos		989.784	945.755	977.335	981.749	987.850	992.522	995.425	0,3
Total		1.340.415	1.295.656	1.332.390	1.329.897	1.338.191	1.344.934	1.349.396	0,3
Persoa física		511.878	482.429	497.534	485.738	484.514	481.756	474.677	-1,5
Persoa xurídica		828.537	813.227	834.856	844.159	853.677	863.178	874.719	1,3

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.3.

do 1,4% en Ourense (129 empresas menos) mentres que en Lugo esta porcentaxe é do 0,7% e en Pontevedra do 0,5% (76 e 134 empresas menos). Tras esta evolución, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 79,7% das empresas inscritas, dúas décimas máis que no ano anterior (33.197 e 29.445 empresas, respectivamente).

Se a comparación se realiza coa situación rexistrada ao comezo da crise orixinada pola pandemia, ningunha provincia acada o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Lugo, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase un 6,9% por baixo (791 empresas menos), situándose a continuación Ourense, cun descenso do 6,1% (594 empresas menos). En termos absolutos, A Coruña presenta o descenso máis acusado, con 1.061 empresas menos, fronte ás 885 empresas inscritas menos en Pontevedra (-3,1% e -2,9%, respectivamente).

Dende un punto de vista sectorial, case tres de cada catro empresas inscritas en Galicia pertencen ao sector servizos (74,6%; 58.645), seguido da construción, que acolle un 10,5% das empresas (8.250), a industria, cun 8,4% (6.607) e o sector primario, cun 6,5% (5.072). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector primario (8,2% en España), sendo do 73,8% o peso do sector servizos no

conxunto do Estado, do 10,5% no caso da construción, e do 7,5% no do conxunto das ramas industriais.

Os catro grandes sectores presentan unha caída interanual do número de empresas inscritas, o que contrasta coa evolución no conxunto de España, onde o número de empresas aumenta tanto na construción como no sector servizos.

Dunha banda, o descenso máis acusado en Galicia en termos relativos rexístrase no sector primario, cunha redución do 2,2% (112 empresas menos que no ano anterior); por diante da industria, cunha caída interanual do 1,9% (130 empresas). No ámbito do sector terciario a redución do número de empresas galegas foi do 0,7% (403 empresas menos) e na construción do 0,6% (49 empresas menos). Doutra banda, no conxunto de España, fronte ao devandito descenso interanual no sector industrial (-1,2%) e sector primario (-0,1%), o número de empresas con persoas traballadoras inscritas na SS aumenta un 2,1% no sector da construción e un 0,3% no sector servizos.

No que respecta á titularidade das empresas, a 31 de decembro de 2025 o 64,2% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 35,8% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 64,8% no caso das persoas xurídicas e no 35,2% no das persoas físicas. Na mesma data de 2019, as persoas xurídicas representaban o 59,7% en Galicia fronte ao 61,8% en España.

• Perfil da persoa traballadora autónoma

Os datos publicados no portal do traballo autónomo do Ministerio de Trabajo e Economía Social reflicten que o número de persoas traballadoras afiliadas por conta propia na Seguridade Social en Galicia a 31 de decembro de 2025 ascende a 211.656 persoas (204.069 no réxime especial de traballadores autónomos), o que supón 127,1 persoas por cada mil habitantes de 16 a 64 anos, a rateo máis elevada de todas as CC.AA. (108,2 en España). Cómpre resaltar que Lugo é a segunda provincia co índice máis elevado (159,1 persoas), tan só superada por Zamora (161,1 persoas), situándose este índice en 125,9 en Ourense; 124,8 na Coruña; e en 119,9 en Pontevedra.

O número de persoas traballadoras autónomas propiamente ditas, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistradas como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras, ascende a 126.766. En relación ao ano anterior, Galicia presenta un descenso do 0,9% fronte ao 1,1% en España. Tras esta evolución, este colectivo de autónomos persoas físicas representa o 6,3% do total Estatal, porcentaxe similar á do ano anterior.

O **cadro 3.2.4.** reflicte que o descenso do número de persoas traballadoras autónomas en Galicia prodúcese tan só entre as mulleres, con 118 persoas menos (-0,1%), aumentando en 58 persoas entre os homes. Por contra, no conxunto de España rexístrase unha medra tanto entre as mulleres (1,6%) como en menor medida entre os homes (0,8%).

Traballadores autónomos en Galicia e España 2025: principais características (1)


	2025			25/24				
	Galicia		España		Galicia / España	Galicia	España	
	(<i>%)</i>		(<i>%)</i>		(<i>%)</i>			
Total	211.656	100	3.431.797	100	6,2	-	60	37.536
sexo								
homes	125.464	59,3	2.158.861	62,9	5,8		58	17.761
mulleres	86.192	40,7	1.272.935	37,1	6,8	-	118	19.775
idade								
16 a 25 anos	4.958	2,3	110.572	3,2	4,5		417	6.520
26 a 35 anos	22.434	10,6	444.511	13,0	5,0		145	8.097
36 a 45 anos	48.025	22,7	810.377	23,6	5,9	-	1.620	- 8.914
46 a 55 anos	69.990	33,1	1.086.519	31,7	6,4	-	231	4.395
56 a 65 anos	55.971	26,4	822.181	24,0	6,8		308	14.244
66 e máis anos	10.278	4,9	157.637	4,6	6,5		921	13.194
nacionalidade								
españóis	200.253	94,6	2.935.340	85,5	6,8	-	1.217	8.411
estranxeiros	11.403	5,4	496.457	14,5	2,3		1.157	29.125
base de cotización								
mínima	37.132	17,5	769.211	22,4	4,8		8.098	146.001
entre mínima e 1,5 veces mínima	119.283	56,4	2.056.859	59,9	5,8	-	12.800	- 203.502
1,5-2 veces mínima	31.011	14,7	298.266	8,7	10,4		2.297	51.701
2-3 veces mínima	19.405	9,2	231.770	6,8	8,4		1.713	35.569
máis de 3 veces mínima	4.825	2,3	75.691	2,2	6,4		632	7.767
antigüidade								
< 6 meses	10.202	4,8	218.231	6,4	4,7		193	2.765
6-12 meses	10.473	4,9	203.853	5,9	5,1	-	127	- 3.219
1-3 anos	28.823	13,6	548.797	16,0	5,3		1.154	17.651
3-5 anos	20.458	9,7	368.010	10,7	5,6		414	14.871
5-10 anos	40.063	18,9	665.837	19,4	6,0	-	2.150	- 15.182
10-20 anos	59.864	28,3	805.519	23,5	7,4		19	14.916
20 ou máis anos	41.773	19,7	621.550	18,1	6,7		437	5.734
asalariados								
sen asalariados	182.964	86,4	2.956.812	86,2	6,2		932	45.507
con asalariados	28.692	13,6	474.985	13,8	6,0	-	992	- 7.971
pluriactividade								
sen pluriactividade	196.376	92,8	3.163.163	92,2	6,2	-	522	31.188
con pluriactividade	15.280	7,2	268.634	7,8	5,7		462	6.348
sector de actividade								
agricultura	29.884	14,1	264.344	7,7	11,3	-	1.126	- 1.786
industria	12.478	5,9	207.686	6,1	6,0	-	133	- 470
construción	27.124	12,8	423.870	12,4	6,4		292	11.709
servizos	142.170	67,2	2.535.897	73,9	5,6		907	28.083

Fonte: Estadística de Autónomos, Ministerio de Trabajo y Economía Social

■ 3.2.4.

En relación á súa situación profesional, o descenso do número de persoas autónomas con asalariados en Galicia (o 13,6% do total) situouse no último ano no 3,3%, aumentando por contra un 0,5% no caso daqueles que non teñen persoas asalariadas. No conxunto do Estado rexístrase unha medra do 1,6% no número de persoas traballadoras autónomas sen asalariados, sendo a caída entre as que si teñen persoas asalariadas de menor intensidade que en Galicia (-1,7%).

Traballadores autónomos afiliados 2014-25: taxa variación interanual



Fonte: Estadística de Autónomos, Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.6.

Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de idade, o número de persoas traballadoras autónomas aumenta en Galicia entre os maiores de 55 anos e na poboación menor de 35 anos, descendendo nos outros grupos de idade considerados. En España este descenso rexístrase na poboación de 36-45 anos. O **cadro 3.2.4.** reflicte que entre os maiores de 55 anos o incremento en Galicia foi do 1,9% (1.229 persoas máis) e entre a poboación de 16-25 anos, do 9,2% (417 persoas), sendo estas porcentaxes no conxunto de España do 2,9% e 6,3%, respectivamente. Por contra, a caída interanual máis intensa rexístrase entre as persoas de 36-45 anos, cun 3,3% (1.620 persoas) en Galicia fronte ao 1,1% en España.

O peso das persoas traballadoras autónomas de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia en comparación coa media estatal. A pesar dun incremento interanual do 11,3% do número de persoas traballadoras autónomas estranxeiras, máis de cinco puntos superior á media estatal (6,2%), o seu peso relativo en Galicia é de tan só un 5,4%, lonxe do 14,5% no conxunto de España (4,8% e 13,8% no ano anterior, respectivamente). Asemade, hai que sinalar que o número de persoas autónomas de nacionalidade española redúcese en Galicia un 0,6% (1.217 persoas menos), o que contrasta coa medra rexistrada como no conxunto do Estado (0,3%).

Tendo en conta o sinalado anteriormente, o perfil maioritario das persoas empresarias autónomas propiamente ditas en Galicia continúa sendo o dun varón de nacionalidade española que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen persoas asalariadas ao seu cargo; cunha soa actividade; cunha idade comprendida entre 46 e 55 anos; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza entre a base mínima e 1,5 veces a base mínima de cotización.

Ao mesmo tempo, cómpre sinalar as diverxencias co perfil medio no conxunto de España, entre as que se poden destacar: unha importante presenza en Galicia de persoas traballadoras autónomas na agricultura, que representan o 14,1% do total en Galicia fronte ao 7,7% a nivel estatal; a maior presenza de mulleres que na media do Estado, co 40,7% fronte ao 37,1% do total en España; as persoas de nacionalidade estranxeira, que tan só representan o 5,4% en Galicia, lonxe da media española, que ascende ata o 14,5%; ou que o 14,7% destas persoas autónomas cotizan entre 1,5 e dúas veces a base mínima de cotización fronte ao 10,4% en España, e un 17,5% o fai pola base mínima fronte ao 22,4% no conxunto do Estado.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situacións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

Tras un incremento interanual do 8,4%, o número de sociedades mercantís constituídas no ano 2025 ascende a 4.674, o valor máis elevado dende a crise de 2008. Non obstante, a constitución de sociedades entre os dous anos considerados redúcese un 13,8% (751 empresas) ao contrario do que acontece no tecido empresarial no conxunto de España, cunha medra do 23,1%. Por contra, en relación ao ano 2019 o número de sociedades constituídas medra un 23,9% (902 empresas), case doce puntos por baixo do experimentado no Estado (35,7%).


Atendendo á súa distribución provincial, A Coruña e Pontevedra concentran no último ano o 80,7% das sociedades constituídas en Galicia, o que supón case dous puntos menos que no ano anterior (82,5%). Tras unha medra interanual do 3,8% (73 sociedades máis), na provincia da Coruña constituíronse un total de 2.016 sociedades mercantís, sendo esta medra do 8,9% en Pontevedra (144 máis), provincia na que se constituíron 1.756 sociedades. Lugo e Ourense presentan as taxas de crecemento máis acusadas, cunha medra do 24,7% en Lugo (97 sociedades máis) e do 13,5% en Ourense (49 sociedades máis).

Se o horizonte temporal se amplía ao inicio da crise orixinada pola covid-19, o maior incremento en termos relativos rexístrase na provincia de Lugo, cunha medra do 44,5% (151 sociedades constituídas máis), por diante da Coruña, cun 25,6% (411 sociedades). En Pontevedra o incremento foi do 19,7% (289 sociedades constituídas máis) en tanto que na provincia de Ourense o número de sociedades mercantís constituídas aumenta un 14,1%, o que supón 51 sociedades máis que en 2019.


O capital subscrito por estas sociedades, tras o incremento do ano anterior, volve a descender en 2025. Tras unha caída interanual do 41,1%, o capital subscrito acada os 184,2 millóns de euros, 128,5 millóns menos que no ano precedente, o que contrasta co incremento rexistrado en España onde o capital subscrito aumenta un 1,4% respecto ao ano anterior. Deste xeito, o capital medio subscrito por estas sociedades en Galicia redúcese un 45,7%, acadando os 39.416,99 euros, fronte a unha caída interanual do 6% no conxunto de España (45.215,48 euros no último ano).

Sociedades mercantís constituídas e disoltas en Galicia e España 2008-25

Sociedades mercantís constituídas



Sociedades mercantís disoltas



Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

■ 3.2.6.

O devandito descenso no capital subscrito en Galicia rexístrase en todas galegas, rexistrándose o descenso máis acusado na Coruña. En concreto, o capital subscrito redúcese un 45,2% respecto ao ano anterior (81 millóns de euros menos), por diante do 40% de Ourense (9,7 millóns de euros) e do 37,7% en Pontevedra (36,3 millóns). Lugo presenta a menor redución do capital subscrito, cunha caída do 11,4% respecto ao ano anterior (1,5 millóns de euros menos). No último ano A Coruña concentra o 53,4% do capital subscrito fronte ao 32,5% en Pontevedra; sendo estas porcentaxes do 7,9% e 6,2% en Ourense e Lugo, respectivamente.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2025

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituídas	4.674	2.016	490	412	1.756	127.533
Anónimas	3	2	-	1	-	466
Limitadas	4.666	2.014	485	411	1.756	127.052
Outras	5	-	5	-	-	15
Amplían capital	1.172	514	137	91	430	30.663
Anónimas	36	21	-	1	14	1.411
Limitadas	1.136	493	137	90	416	29.244
Outras	-	-	-	-	-	8
Extinción	1.508	586	185	132	605	26.073
Voluntaria	1.314	518	162	119	515	21.767
Por fusión	83	33	5	6	39	2.266
Outras	111	35	18	7	51	2.040
Constituídas						
Número	4.674	2.016	490	412	1.756	127.533
Capital	184.235	98.319	11.460	14.554	59.902	5.766.678
Capital desembolsado	184.190	98.274	11.460	14.554	59.902	5.463.073
Amplían capital						
Número	1.172	514	137	91	430	30.663
Capital	490.838	345.659	39.416	21.910	83.853	20.948.886
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Reducen Capital						
Número	-	-	-	-	-	7.314
Capital	-	-	-	-	-	11.742.829
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-
Disoltas						
Número	1.508	586	185	132	605	26.073
Capital	-	-	-	-	-	-
Capital desembolsado	-	-	-	-	-	-

Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.7.

No que atinxe ás ampliacións de capital, o número de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital aumenta un 3,3% no último ano (2,9% en España). Tras esta evolución, en 2025 rexistráronse 1.172 ampliacións, manténdose o seu peso relativo no total estatal ata o 3,8%. O capital subscrito rexistrou en Galicia unha medra do 3,7%, o que contrasta co descenso do 13,3% experimentado en España. Tras esta evolución, o capital subscrito nas diferentes ampliacións das sociedades galegas ascende ata os 490,8 millóns de euros, o 2,3% do total estatal (2% no ano precedente).

O devandito incremento do número de sociedades que amplían capital non é homoxéneo, reducíndose un 18,8% en Ourense (21 sociedades menos). Dunha banda, Lugo presenta unha medra interanual do 16,1% (19 sociedades máis) fronte ao 7,8% en Pontevedra (31 sociedades



máis) e o 1,6% na Coruña. Tras este comportamento, A Coruña concentra o 43,9% das sociedades que amplían capital en Galicia no último ano (514 sociedades) fronte ao 36,9% (430 sociedades) en Pontevedra (44,6% e 35,2% no ano precedente, respectivamente).


No que respecta ao capital subscrito por estas sociedades que amplían capital, todas as provincias galegas agás Pontevedra presentan unha medra interanual. Dunha banda, salienta A Coruña cun incremento do 72,6% (145,4 millóns de euros máis) fronte ao 11,3% (2,2 millóns) de Ourense e o 3,8% en Lugo (1,4 millóns de euros). Doutra banda, Pontevedra presenta unha redución do 47,2% (74,9 millóns de euros menos). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 70,4% do capital subscrito (345,7 millóns de euros) fronte ao 17,1% (83,9 millóns) en Pontevedra (45,9% e 40,2% no ano precedente).

A relación entre o número de sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes pode considerarse un primeiro indicador da creación de sociedades mercantís, e permite facer unha comparación máis homoxénea entre as distintas CC.AA. Dunha banda, a **taxa de creación de empresas** no ano 2025 aumenta ata as 17,2 sociedades mercantís por cada 10.000 habitantes, máis dun punto por riba do estimado no ano anterior (15,9 sociedades mercantís), lonxe das 25,8 sociedades por cada 10.000 habitantes no conxunto de España (24,2 no ano 2024). Como se reflicte no **cadro 3.2.8.**, a taxa de creación de empresas non só se mantén por baixo do rexistrado en España, se non que o diferencial volve a aumentar, situándose en 8,6 puntos, o diferencial máis acusado ao longo de toda a serie considerada (8,3 puntos no ano anterior). Doutra banda, Galicia atópase nunha posición intermedia en comparación coas outras CC.AA., acadando Castela e León valores inferiores a 14 sociedades por cada dez mil habitantes, mentres que os valores máis elevados rexístranse en Madrid e Baleares, con 39,7 e 37,5 sociedades por cada dez mil habitantes, respectivamente.


O devandito incremento da taxa de creación de empresas rexístrase nas catro provincias galegas, se ben non se produce de xeito homoxéneo. A diferenza do acontecido no ano anterior, Pontevedra presenta en 2025 a taxa de creación máis elevada, ao crearse un total de 18,5 sociedades por cada (17 no ano anterior), ascendendo na Coruña o seu valor ata as 17,7 sociedades (17,2 sociedades en 2024). O incremento máis acusado rexístrase en Lugo, con case tres sociedades máis que no ano precedente, acadando un total de 15 empresas por cada 10.000 habitantes (12,1 no ano precedente), situándose a taxa de creación de empresas en Ourense ata as 13,5 sociedades por cada 10.000 habitantes (11,9 sociedades no ano anterior).

Os datos publicados por *Eurostat* sobre dinámica empresarial amosan que o número de empresas pertencentes ao sector industrial, construción e servizos de mercado creadas por cada cen empresas activas permite facer unha comparación homoxénea coa rexión norte de Portugal e o resto das CC.AA. No ano 2023, último dato dispoñible, en Galicia creáronse un total de 7,3 empresas por cada cen empresas activas fronte ás 9,1 empresas no conxunto de España (7,3 e 8,6 empresas no ano anterior). Este valor sitúa a Galicia entre as CC.AA. coa taxa máis reducida, tras A Rioxa, Castela e León e Navarra, con 6,8 empresas creadas por cada cen activas. Como amosa o **cadro 3.2.10.**, este indicador presenta valores significativamente máis elevados na rexión norte de Portugal, con 15,8 empresas creadas por cada cen activas (16, empresas en Portugal).

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-25 (1)



Índice de rotación empresarial (2)



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións
 Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.8.

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia ascende en 2025 ata as 1.508 sociedades, tres máis que no ano anterior (0,2%). Tendo en conta que no conxunto do Estado o número de empresas que se extinguen aumenta un 3,8%, o peso relativo de Galicia no total estatal sitúase no 5,8%, dúas décimas menos que o rexistrado no ano precedente (6,4% no ano 2019). En relación ao ano anterior, todas as provincias galegas agás A Coruña rexistra unha medra de sociedades mercantís disoltas. Dunha banda, Lugo presenta a taxa de variación interanual máis elevada en termos relativos, cun incremento do 15,6% (25 sociedades máis), por diante de Pontevedra, cun 6% (35 sociedades máis) e Ourense, cun 2,3% (3 sociedades). Doutra banda, o número de sociedades disoltas redúcese un 9,3% na provincia da Coruña, o que supón 60 menos que no ano precedente. Tras esta evolución, Pontevedra sitúase como a



Taxa de creación e taxa de mortalidade de sociedades mercantís 2024-25

	Taxa de creación		Taxa de mortalidade	
	sociedades constituídas / dez mil habitantes		empresas disoltas / cen sociedades constituídas	
	2024	2025	2024	2025
	(%)			
Andalucía	23,2	24,7	21,5	21,1
Aragón	16,5	18,6	36,1	33,5
Asturias	14,8	15,0	28,8	33,3
Baleares	35,0	37,5	24,4	23,7
Canarias	19,2	21,2	25,8	22,0
Cantabria	15,2	16,3	31,2	31,9
Castela e León	12,4	13,7	39,5	36,6
Castela A Mancha	16,0	17,3	15,5	15,7
Cataluña	28,4	30,5	8,3	7,5
C. Valenciana	27,8	30,0	12,0	11,6
Estremadura	12,8	13,4	27,1	26,7
Galicia	15,9	17,2	34,9	32,3
A Coruña	17,2	17,7	33,2	29,1
Lugo	12,1	15,0	40,7	37,8
Ourense	11,9	13,5	35,5	32,0
Pontevedra	17,0	18,5	35,4	34,5
Madrid	38,5	39,7	27,9	28,1
Murcia	18,2	19,2	15,3	11,5
Navarra	14,8	15,0	7,5	9,0
País Vasco	15,4	17,6	45,2	40,7
A Rioxa	13,2	14,7	42,3	33,7
Total	24,2	25,8	21,3	20,4

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

■ 3.2.9.

provincia con maior número de extincións, con 605, o 40,1% do total galego; por diante da Coruña, que rexistra 586 extincións (o 38,9%); Lugo, con 185 (o 12,3%); e Ourense, cun 132 extincións (o 8,8%).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas redúcese no último ano ata as 32,3 sociedades, o que contrasta co incremento experimentado no ano anterior (34,9 sociedades no ano precedente). No conxunto de España o índice de rotación descende ata o 20,4, o que supón case unha sociedade extinguida menos por cada cen constituídas (21,3 sociedades). Tal e como se reflicte no devandito **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie analizada, ascendendo o diferencial ata os 11,9 puntos no ano 2025 (13,6 no ano anterior). Comparado co resto das CC.AA., País Vasco, A Rioxa, Castela e León, Asturias e Aragón presentan unha taxa superior, presentando Cataluña e Navarra os valores máis reducidos (7,5 e 9 sociedades) (**cadro 3.2.9.**).

As catro provincias galegas seguen a presentar un índice de rotación superior á media estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, Lugo rexistra o valor máis elevado do índice de rotación, cun total de 37,8 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido de Ponte-

Taxa de creación, taxa de mortalidade e taxa de rotación empresarial 2022-23

	empresas	creación	desaparición	Taxa de creación		Taxa de mortalidade	
	(número de empresas)			empresas creadas / cen empresas activas		empresas desaparecidas / cen empresas activas	
	2023			2022	2023	2022	2023
				(%)			
Andalucía	574.769	56.776	47.783	9,5	9,9	9,1	8,3
Aragón	88.965	6.630	6.236	6,9	7,5	7,4	7,0
Asturias	68.999	5.127	5.046	6,8	7,4	8,1	7,3
Baleares	109.660	11.865	9.104	10,8	10,8	9,0	8,3
Canarias	154.861	15.494	13.210	10,8	10,0	9,2	8,5
Cantabria	40.384	3.014	2.707	7,1	7,5	7,2	6,7
Castela e León	154.740	10.580	10.323	6,4	6,8	7,4	6,7
Castela A Mancha	132.398	10.759	10.128	7,7	8,1	8,5	7,7
Cataluña	648.982	60.412	51.120	8,6	9,3	8,8	7,9
C. Valenciana	391.856	40.059	32.190	9,5	10,2	9,3	8,2
Extremadura	67.910	5.295	4.989	7,7	7,8	8,3	7,4
Galicia	197.228	14.448	13.671	7,1	7,3	7,7	6,9
Madrid	553.293	52.854	42.764	9,0	9,6	8,7	7,7
Murcia	99.842	9.377	8.030	8,7	9,4	9,1	8,0
Navarra	43.783	2.987	3.423	6,6	6,8	6,9	7,8
País Vasco	144.812	11.094	10.385	7,3	7,7	7,1	7,2
A Rioxa	22.502	1.532	1.520	5,8	6,8	7,6	6,8
Ceuta	3.550	287	344	9,0	8,1	10,5	9,7
Melilla	4.751	495	478	10,2	10,4	11,6	10,1
Total	3.503.285	319.085	273.451	8,6	9,1	8,6	7,8
Portugal	1.404.910	236.244	161.321	16,7	16,8	12,1	11,5
Norte de Portugal	459.822	72.778	50.494	15,8	15,8	11,3	11,0

Fonte: Eurostat

■ 3.2.10.


vedra e Ourense con 34,5 e 32 sociedades, respectivamente. A Coruña presenta en 2025 o valor máis reducido, con 29,1 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Atendendo aos datos de *Eurostat*, o número de sociedades que desaparecen no ano 2023 (último dato dispoñible) por cada cen empresas activas sitúase en Galicia en 6,9 sociedades, indicador que se sitúa non só por baixo do valor acadado no conxunto do Estado (7,8 empresas) senón tamén como una das CC.AA. como menor mortalidade empresarial, tras Cantabria e Castela e León con 6,7 sociedades disoltas por cada cen empresas activas, e A Rioxa con 6,8 sociedades. Na rexión Norte de Portugal a taxa de mortalidade empresarial ascende ata as 11 sociedades desaparecidas por cada cen activas, situándose no conxunto de Portugal en 11,5 sociedades.

● **Empresas concursadas**

A Estatística do Procedemento Concursal proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento. A dita información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia no con-

Debedores concursados 2008-25. Empresas concursadas e persoas físicas con actividade empresarial



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

■ 3.2.11.

xunto do ano 2025 aumenta un 42,3% respecto ao ano anterior, ascendendo a 2.143 debedores (637 máis que no ano anterior), dos que 253 son empresas, 53 son persoas físicas con actividade empresarial (1.837 son persoas físicas sen actividade empresarial). O devandito incremento interanual ven explicado pola evolución das persoas físicas sen actividade empresarial, con 646 debedores concursados máis (54,2%), reducíndose no caso das empresas concursadas un 3,4%, o que supón 9 menos que no ano anterior.

Centrándonos nas empresas concursadas propiamente ditas, sen contar as persoas físicas con actividade empresarial, o **cadro 3.2.12.** amosa que o perfil maioritario de empresas concursadas, no que ao sector de actividade principal se refire, son aquelas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, que concentra o 68,8% do total (174 das 253 empresas concursadas), unha décima por riba da media estatal. A continuación sitúase a industria, con 36 empresas concursadas, o que representa o 14,2% fronte ao 13,2% en España; e a construción, con 34 empresas, o 13,4% do total (15,8% en España). Finalmente, nove empresas englobábase no sector primario, o 3,6% (1,4% no conxunto do Estado). Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre salientar a importancia relativa do sector primario, que supón o 11% das empresas concursadas no sector, seguido pola industria, co 4,6%; o sector servizos e a construción, cun 4,3% e 3,7%, respectivamente.

Atendendo á súa distribución segundo rama de actividade, o maior número de empresas concursadas no último ano corresponde ao subsector do comercio, tanto por xunto como polo

Empresas concursadas en Galicia e España 2024-25: distribución segundo actividade económica principal

	Galicia		España		Galicia / España (%)
	2025	2024	2025	2024	
Total	253	261	5.871	5.577	4,3
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	9	7	82	78	11,0
Industria	36	36	777	715	4,6
Industria extractiva	1	-	8	6	12,5
Industria manufacturera	35	36	769	709	4,6
Enerxía	-	2	56	15	-
Construción	34	41	925	859	3,7
Servizos	174	175	4.031	3.910	4,3
Comercio maiorista e minorista, reparación de vehículos a motor e motocicletas	72	73	1.457	1.394	4,9
Transporte e almacenamento	25	10	275	228	9,1
Hostelería	34	26	657	587	5,2
Información e comunicacións	9	13	287	288	3,1
Inmobiliarias, financeiras e seguros	5	4	253	256	2,0
Actividades profesionais e técnicas	13	16	391	418	3,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	5	8	256	297	2,0
Resto de servizos	11	25	455	442	2,4

Fonte: Colegio de Registradores de España, *Estadística del Procedimiento Concursal* (EPC)

3.2.12.

miúdo, con 72 empresas concursadas (28,5%). A continuación estaría a industria manufacturera, con 35 empresas, e a construción e hostelería, con 34 empresas concursadas no último ano (o 13,8% e 13,4%, respectivamente).

Xunto á devandita distribución sectorial, cómpre resaltar que a meirande parte das empresas son sociedades de responsabilidade limitada (239 empresas), destacando ademais que das 253 empresas concursadas en Galicia no último ano o 36% teñen un volume de negocio inferior aos 250.000 euros (91 empresas), fronte a un 11,9% no caso de empresas cun volume de negocio comprendido entre 250.000 e 500.000 euros, e ao 11,5% entre medio millón e un millón de euros (30 e 29 empresas, respectivamente).

Finalmente, destacar que o 32,4% das empresas concursadas no último ano son empresas con entre un e cinco persoas asalariadas (82 empresas), en tanto que aquelas sen persoas asalariadas representan o 13,8% (35 empresas). Asemade, un 12,3% teñen entre 6-9 persoas asalariadas (31 sociedades) e un 10,3% entre 10-15 persoas asalariadas (26 empresas).

• Taxa de supervivencia empresarial

O indicador da taxa de supervivencia aos tres anos permite completar a análise recollida no punto anterior a pesar de corresponderen os últimos datos publicados ao ano 2023 (datos actualizados por Eurostat en marzo de 2026). Como amosa o **cadro 3.1.13.**, o número de empresas que se crearon en Galicia tres anos antes e que sobreviven descende significativamente nese ano, acadando en Galicia as 7.728 sociedades, 2.242 menos que no ano precedente, o que



Supervivencia empresarial 2022-23

	Empresas activas		empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia		empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia / empresas activas	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Andalucía	571.510	574.769	34.109	25.901	6,0	4,5
Aragón	88.995	88.965	4.396	3.076	4,9	3,5
Asturias	69.811	68.999	3.548	2.582	5,1	3,7
Baleares	107.734	109.660	6.206	4.943	5,8	4,5
Canarias	152.640	154.861	9.495	6.757	6,2	4,4
Cantabria	40.370	40.384	2.170	1.610	5,4	4,0
Castela e León	156.230	154.740	7.267	5.404	4,7	3,5
Castela A Mancha	133.226	132.398	6.921	5.043	5,2	3,8
Cataluña	644.491	648.982	38.482	26.733	6,0	4,1
C. Valenciana	388.314	391.856	22.704	17.706	5,8	4,5
Extremadura	68.218	67.910	3.531	2.639	5,2	3,9
Galicia	198.818	197.228	9.970	7.728	5,0	3,9
Madrid	548.738	553.293	33.128	23.736	6,0	4,3
Murcia	99.964	99.842	5.607	4.433	5,6	4,4
Navarra	43.594	43.783	2.094	1.812	4,8	4,1
País Vasco	143.595	144.812	7.922	6.752	5,5	4,7
A Rioxa	22.737	22.502	1.040	754	4,6	3,4
Ceuta	3.661	3.550	212	167	5,8	4,7
Melilla	4.857	4.751	290	210	6,0	4,4
Total	3.487.503	3.503.285	199.092	147.986	5,7	4,2
Portugal	1.329.175	1.404.910	89.806	71.142	6,8	5,1
Norte de Portugal	439.666	459.822	29.980	24.232	6,8	5,3

Fonte: Eurostat

3.2.13.

Supervivencia empresarial en Galicia 2023. Distribución segundo sectores

	Empresas activas	Empresas creadas	Empresas disoltas	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia / empresas activas
	(número de empresas)			(%)	
Total tecido empresarial	197.228	14.448	13.671	7.728	3,9
Industria	11.237	484	563	344	3,1
Construcción	26.679	1.794	1.787	1.106	4,1
Comercio e reparación de vehículos de motor	42.116	2.343	3.003	1.436	3,4
Transporte e almacenamento	12.486	1.092	827	497	4,0
Hostalería	18.887	1.863	1.645	811	4,3
Información e comunicacións	3.105	342	243	162	5,2
Actividades financeiras e de seguros, agás sociedades de investimento	14.363	1.108	797	623	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas; servizos auxiliares	32.897	2.394	2.338	1.228	3,7
Educación, actividades sanitarias e de servizos sociais	16.702	1.343	1.014	731	4,4
Actividades artísticas, ocio e entretemento; outros servizos	18.774	1.685	1.454	790	4,2

(1) Industria, construcción e servizos de mercado

Fonte: Eurostat

3.2.14.

supón o 3,9% do total de empresas activas nese ano en Galicia. Esta porcentaxe sitúase novamente por baixo da media española (4,2%), e coloca a Galicia como a sexta Comunidade autónoma co valor máis reducido tan só por diante de A Rioxa (3,4%), Aragón e Castela e León (3,5%), Asturias (3,7%) e Castela a Mancha (3,8%). Tanto en Portugal no seu conxunto como na rexión norte, a porcentaxe de empresas que sobreviven aos tres anos en relación ao total de empresas superan o 5%.

Fronte ao devandito indicador, se se considera a relación entre o número de empresas que sobreviven aos tres anos da súa creación e o total de empresas creadas tres anos antes, en 2022 o 58,7% das empresas sobrevive aos tres anos da súa creación, máis de catro puntos superior á media española (54,4%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade autónoma coa taxa máis elevada, tras Cantabria (62,9%), País Vasco (61,7%) e A Rioxa (59,8%). Asemade, a taxa de supervivencia aos tres anos é significativamente inferior na rexión norte de Portugal, ao acadar o 50,8%, case oito puntos por baixo da galega.

Atendendo á súa distribución sectorial, o **cadro 3.2.14.** amosa que en 2023 (último dato dispoñible) o número de empresas de “información e comunicacións” creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia representan o 5,2% das empresas activas do seu sector, o que contrasta con tan só o 3,1% no ámbito industrial e 3,4% das empresas de comercio e de reparación de vehículos de motor e motocicletas.

• **Tecido empresarial. Directorio de empresas e unidades locais (Dirce)**

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, xa que permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída Seguridade Social), as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico e as das comunidades de propietarios.

A un de xaneiro de 2025 Galicia contaba con 186.951 empresas, 1.397 empresas máis que no ano anterior (0,8%), o que representa o 5,6% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior (6% na mesma data de 2019). O devandito incremento interanual non só é significativamente inferior ao rexistrado no conxunto de España (1,7%), senón que tan só presenta un mellor comportamento que en Aragón, cunha medra do 0,7%, Castela A Mancha, cun incremento do 0,4%; Asturias e Castela e León, cun incremento do 0,2%, e País Vasco, onde o número de empresas consideradas no Dirce descende un 0,5%. Como amosa o **cadro 3.2.15.**, A Coruña é a provincia galega que presenta un mellor comportamento, cunha medra interanual do 1,2% (917 empresas máis), o dobre do rexistrado en Pontevedra (0,6%; 411 empresas máis). Entre o un de xaneiro de 2024 e 2025 o número de empresas medra un 0,2% en Lugo (54 empresas máis) e nun 0,1% (15 empresas) na provincia de Ourense.

Empresas activas 2023-2025. Distribución segundo CC.AA.

	2023	2024	2025	25/24	
	(número de empresas)			(%)	
Andalucía	520.870	529.087	540.462	11.375	2,1
Aragón	83.953	84.439	85.008	569	0,7
Asturias	64.611	64.463	64.608	145	0,2
Baleares	97.784	100.430	103.319	2.889	2,9
Canarias	139.245	142.398	146.001	3.603	2,5
Cantabria	37.801	38.005	38.340	335	0,9
Castela e León	148.223	148.398	148.679	281	0,2
Castela A Mancha	122.860	123.486	124.033	547	0,4
Cataluña	591.734	602.706	610.062	7.356	1,2
C. Valenciana	352.990	361.234	372.121	10.887	3,0
Extremadura	63.094	63.577	64.255	678	1,1
Galicia	185.179	185.554	186.951	1.397	0,8
A Coruña	76.652	76.843	77.760	917	1,2
Lugo	22.600	22.510	22.564	54	0,2
Ourense	20.839	20.855	20.870	15	0,1
Pontevedra	65.088	65.346	65.757	411	0,6
Madrid	503.018	513.575	526.588	13.013	2,5
Murcia	91.290	92.458	93.956	1.498	1,6
Navarra	41.152	40.934	42.375	1.441	3,5
País Vasco	134.859	135.658	134.953	-705	-0,5
A Rioxa	21.178	21.219	21.481	262	1,2
Ceuta	3.369	3.301	3.236	-65	-2,0
Melilla	4.370	4.354	4.396	42	1,0
Total	3.207.580	3.255.276	3.310.824	55.548	1,7

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade reitora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

Fonte: INE, DIRCE

■ 3.2.15.

O **cadro 3.2.16.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 52,5% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen persoas asalariadas (98.176 empresas), fronte ao 54,4% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 39,3% das empresas galegas teñen entre un e cinco asalariados (73.464 empresas), fronte ao 36,8% do total rexistrado en España. Tan só o 4,2% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,9% no Estado. Comparado co rexistrado no ano anterior, cómpre mencionar o incremento de 2.064 empresas sen persoas asalariadas (2,1%), e entre aquelas con 20-49 persoas asalariadas (63; 2,8%). No extremo oposto, redúcese o número de empresas de 1-2 persoas asalariadas en 844 empresas (-1,5%) e o de empresas de 3 a 5 persoas, (72 empresas; -0,4%).

O 81,3% das empresas galegas incluídas no devandito Directorio pertencen ao sector servizos (152.033 empresas), onde salientan as actividades de “Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 37.916 empresas (20,3%); seguidas das “Actividades profesionais, científicas e técnicas”, con 19.569 (10,5%); e a “Hostalería”, con 17.148 empresas (9,2%). O sector da construción acolle ao 13,2% das empresas (24.621 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 5,5% (10.297 empresas).

Empresas en Galicia e España 2023-25 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	Galicia			España		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Total empresas	185.179	185.554	186.951	3.207.580	3.255.276	3.310.824
Sen asalariados	95.831	96.112	98.176	1.719.297	1.692.479	1.800.443
de 1 a 2 asalariados	56.160	55.575	54.731	897.786	955.079	901.955
de 3 a 5 asalariados	18.541	18.805	18.733	309.528	316.419	314.941
de 6 a 9 asalariados	7.255	7.354	7.470	128.079	131.903	132.013
de 10 a 19 asalariados	4.077	4.313	4.357	81.822	84.907	85.467
de 20 a 49 asalariados	2.210	2.270	2.333	45.896	48.362	49.359
de 50 a 99 asalariados	597	630	637	12.646	13.079	13.130
de 100 a 199 asalariados	286	266	270	6.373	6.615	6.758
de 200 a 449 asalariados	52	52	56	1.290	1.367	1.419
de 500 a 999 asalariados	123	127	133	3.710	3.856	4.047
de 1000 a 4999 asalariados	36	38	44	963	1.012	1.086
de 5000 ou máis asalariados	11	12	11	190	198	206

	2025			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total empresas	77.760	22.564	20.870	65.757
Sen asalariados	41.572	11.856	10.904	33.844
de 1 a 2 asalariados	22.250	6.623	6.462	19.396
de 3 a 5 asalariados	7.609	2.376	2.001	6.747
de 6 a 9 asalariados	3.011	891	786	2.782
de 10 a 19 asalariados	1.768	490	413	1.686
de 20 a 49 asalariados	1.006	245	217	865
de 50 a 99 asalariados	280	52	41	264
de 100 a 199 asalariados	126	19	27	98
de 200 a 449 asalariados	30	1	5	20
de 500 a 999 asalariados	74	9	8	42
de 1000 a 4999 asalariados	27	1	5	11
de 5000 ou máis asalariados	7	1	1	2

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, DIRCE

3.2.16.

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, o conxunto do sector industrial e a construción presentan unha lixeira especialización relativa (valores superiores á unidade), cun índice de 1,06 e 1,12 fronte ao 0,98 no caso dos servizos. Entre as distintas ramas de actividade, as de “fabricación doutro material de transporte” e “extracción de minerais metálicos” seguen a presentar a especialización relativa máis elevada, presentando un valor superior a dous puntos e medio (2,54 e 2,86, respectivamente). Asemade, o valor deste índice sitúase en torno a 1,70 no conxunto de actividades englobadas na fabricación de bebidas; e na industria da madeira e da cortiza, agás mobles.

Empresas en Galicia e España 2024-25 ^{(1) (2)}: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2024	2025	25/08	25/24	Índice de especialización (3)
Total	185.554	186.951	-16.423	1.397	1,00
Industria e enerxía	10.586	10.297	-5.053	-289	1,06
Industria extractiva	140	128	-279	-12	1,51
Industria manufacteíra	9.924	9.639	-4.669	-285	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	314	321	-53	7	0,51
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	208	209	-52	1	0,53
Construción	24.638	24.621	-13.086	-17	1,12
Servizos	150.330	152.033	1.716	1.703	0,98
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	38.806	37.916	-16.074	-890	1,07
Transporte e almacenamento	11.560	11.683	-2.444	123	0,97
Hostalería	17.070	17.148	-4.289	78	1,14
Información e comunicacións	2.827	3.015	1.285	188	0,69
Actividades financeiras e de seguros	4.581	4.708	202	127	1,05
Actividades inmobiliarias	8.885	9.432	5.927	547	0,77
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19.501	19.569	-742	68	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.752	10.992	4.356	240	0,90
Educación	7.279	7.522	3.439	243	1,14
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.460	8.671	2.335	211	0,86
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	7.028	7.412	3.514	384	1,11
Outros servizos	13.581	13.965	4.207	384	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, DIRCE


■ 3.2.17.

• Densidade empresarial

A análise da estrutura e evolución do tecido empresarial complementábase coa consideración da densidade empresarial, entendida esta como a relación entre o número de empresas activas por cada mil habitantes. Este indicador reflicte o nivel de empresarialidade ou implantación de empresas nun territorio.

A un de xaneiro de 2025 a densidade empresarial en Galicia sitúase en 68,9 empresas activas por cada mil habitantes (68,6 empresas no ano anterior). Como se aprecia no **gráfico 3.2.18.**, este valor non só é superior á media do España (67,4 sociedades activas) senón que se mantén como a cuarta Comunidade Autónoma con maior densidade tan só por detrás de Baleares (82,7 sociedades activas por cada mil habitantes), Cataluña (75,1 empresas activas) e Madrid (74 empresas). No extremo oposto, sitúanse Castela A Mancha, que presenta unha densidade empresarial de 58,3 sociedades por cada mil habitantes; Murcia, con 59,2 sociedades; e País Vasco, con 60,2 sociedades activas.

Densidade empresarial 2025




(1) datos a 1 de xaneiro
 Fonte: INE, DIRCE

■ 3.2.18.

As catro provincias galegas presentan novamente valores superiores á media española, sendo Pontevedra a que conta con maior número de empresas por cada mil habitantes, con 69,4 sociedades, por diante de Lugo, con 69,2 empresas. A Coruña e Ourense rexistran unha densidade empresarial inferior á do conxunto de Galicia, con 68,5 e 68,4 sociedades activas por cada mil habitantes. Comparado coa situación do ano anterior, o índice descende 0,1 puntos tanto en Lugo como en Ourense, aumentando catro décimas na Coruña e cinco en Pontevedra.



Densidade empresarial e PIB per capita en España 2025



Fonte: INE

■ 3.2.19.

Se se relacionan os datos da densidade empresarial co PIB per cápita, o **gráfico 3.2.19.** reflicte que entre as CC.AA. con maior nivel de renda, Madrid, Cataluña e Baleares presentan unha densidade superior á media española. Pola contra, a meirande parte das Comunidades Autónomas cun nivel de renda inferior á media española presentan tamén unha densidade empresarial inferior, agás no caso de Galicia e a C. Valenciana, que se sitúan no cuadrante inferior dereito (menor PIB per cápita e maior densidade que a media española). □



3.3. Sector exterior

O crecemento do 2,7% da economía mundial reflíctese nunha medra do volume do comercio internacional de mercadorías (2,4%) segundo indican as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC) publicadas en outubro de 2025. Este comportamento foi desigual entre as distintas rexións; así, fronte a unha contracción interanual en América do Norte tanto no caso das importacións, cunha caída do 4,9%, como das exportacións, cun descenso do 3,1%; as exportacións de Asia e África crecen máis rápido que noutras rexións, cun 5,3%; por diante de América do Sur cun 2,4%. Doutra banda, as importacións medran un 11,8% no conxunto de países de África, por diante de América do Sur, cun 8,8%.

O cadro macroeconómico de Galicia indica que a economía galega medrou en 2025 un 2,6% en termos reais, impulsado polo comportamento da demanda interna, cunha achega de 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB fronte a tan só dúas décimas no caso da demanda externa. En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 46.030,3 millóns de euros e as importacións acadaron os 43.738,9 millóns, aumentando o saldo positivo da balanza comercial ata os 2.291,4 millóns. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións, ascendeu ata o 105,2%, case dous puntos superior á estimada no ano anterior (103,5%), en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) descende ata o 104,4%, máis de catro puntos porcentuais inferior á do ano precedente (108,8%).

No que á actividade comercial con terceiros países se refire (suma de exportacións e importacións), tanto Galicia como España presentan en 2025 unha medra interanual do seu importe total, sendo esta menos acusada na Comunidade Autónoma, cun incremento do 0,7% fronte

ao 2,7% en España. Esta evolución ven explicada pola medra das importacións galegas nun 2,2%, o que contrasta co descenso do 0,3% rexistrado no caso das vendas galegas ao exterior. No último ano as exportacións galegas a terceiros países ascenden a 30.938,9 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan os 21.364,4 millóns de euros. Tras esta evolución, a balanza comercial galega reduce o seu saldo positivo ata os 9.574,4 millóns de euros, un 5,3% inferior ao rexistrado no ano anterior, o que contrasta cun maior déficit comercial en España (57.054,7 millóns en 2025 fronte aos 40.275,9 o ano precedente). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 8% das exportacións e o 4,8% das compras exteriores.

Pontevedra e A Coruña seguen a estar entre as provincias con maior volume de exportacións, acadando os 15.378,3 e 13.799,1 millóns de euros, respectivamente; o que as sitúa como a cuarta e quinta provincia española máis exportadoras. En termos relativos concentran o 4% e 3,6% do total das vendas españolas, respectivamente.

Por cuarto ano consecutivo redúcese a base exportadora da economía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 6.212 (0,9% menos que no ano anterior), o que supón o número máis reducido dende o ano 2014. Este descenso contrasta coa medra nun 1,3% do número de empresas exportadoras regulares -aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. En 2025 hai en Galicia un total de 2.839 compañías que exportan regularmente (37 empresas máis), o que supón o 45,7% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise de 2008.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, 2025 presenta un acusado descenso do investimento bruto estranxeiro en Galicia e galego no exterior. Dunha banda, o investimento bruto estranxeiro en Galicia sitúase en 236,4 millóns de euros, un 59% menos que no ano precedente, salientando o subsector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24), que concentra o 31,7% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades de subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor de auga e aire (CNAE 35), co 14,1%. Doutra banda, o investimento bruto galego no exterior ascende a 282,2 millóns (3.368,4 millóns no ano anterior), concentrando as actividades inmobiliarias (CNAE 68) o 64,3% do investimento total galego no exterior.

Comercio exterior con terceiros países

O volume de comercio internacional aumentou no conxunto do ano 2025 un 2,4% segundo reflecten as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC), catro décimas menos que no ano anterior, situándose o crecemento do PIB mundial nun 2,7% (2,8% en 2024). Este organismo internacional considera que no primeiro semestre de 2025, ademais da anticipación das compras antes das subidas arancelarias previstas e do gasto relacionado coa IA, o comercio internacional tamén estivo respaldado por condicións macroeconómicas favorables como a desinflación ou políticas fiscais de apoio. Indica que a elevada e crecente incerteza nas políticas comerciais e o aumento dos tipos arancelarios neutralizarán o efecto da devandita anticipación das compras

O mencionado incremento do comercio mundial afecta de maneira desigual ás distintas áreas

Importacións e exportacións de Galicia e España 2024-25

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2024	2025	24/25	2024	2025	24/25	2024	2025	24/25
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	20.909,8	21.364,4	2,2	31.019,9	30.938,9	-0,3	10.110,1	9.574,5	-535,7
A Coruña	11.142,2	10.719,7	-3,8	13.926,6	13.799,1	-0,9	2.784,5	3.079,4	294,9
Lugo	618,7	670,6	8,4	586,4	596,5	1,7	-32,3	-74,1	-41,8
Ourense	891,2	862,2	-3,2	1.226,6	1.165,0	-5,0	335,4	302,8	-32,7
Pontevedra	8.257,7	9.111,9	10,3	15.280,3	15.378,3	0,6	7.022,5	6.266,4	-756,1
España	424.740,7	444.146,4	4,6	384.464,9	387.091,6	0,7	-40.275,9	-57.054,7	-16.778,9
Galicia/España (%)	4,9	4,8		8,1	8,0				

(consulta: 27-02-2026)

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

■ 3.3.1.

económicas. Dunha banda, Asia, impulsada pola evolución das exportacións de metais preciosos e a maquinaria, e África, cun forte crecemento de varios produtos básicos, rexistran o maior crecemento do volume de exportacións, cunha medra interanual do 5,3%. Por contra, América do Norte presenta unha contracción do 3,1% por mor da desaceleración do crecemento interanual no segundo semestre do ano. No concernente ás importacións, África é quen presenta o crecemento máis acusado, cun 11,8%, influenciado pola evolución das compras de buques,, vehículos e maquinaria; por diante de América do Sur e Asia, cun 8,8% e 5,7%, respectivamente.

No que atinxe ao comportamento do comercio internacional en Galicia e España, a información recollida na base de datos Estacom reflicte unha medra interanual do 0,7% do valor total das súas relacións comerciais con terceiros países, dous puntos por baixo do estimado para o conxunto de España (2,7%). Este diferencial ven explicado tanto polo menor incremento das importacións en Galicia, que aumentan un 2,2% fronte ao 4,6% en España, como polo descenso do valor das exportacións en Galicia nun 0,3% fronte á medra dun 0,7% no conxunto do Estado.

Tras esta evolución, o valor total das compras e vendas galegas no exterior ascende a 52.303,3 millóns de euros, 373,5 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 6,3% do total estatal (6,4% en 2024). O grado de apertura da economía galega a terceiros países descende ata o 60,8%, o que supón tres puntos por baixo do estimado no ano precedente (63,8%).

O conxunto de actividades de manufacturas de consumo sitúase como o sector máis importante en termos monetarios, con 12.227,1 millóns de euros, por diante dos alimentos, con 9.488,7 millóns, e das actividades de bens de equipamento e automóbil que superan os 8.100 millóns de euros. En conxunto, as dúas primeiras actividades concentran o 41,5% das exportacións galegas, seis décimas máis que no ano precedente, e as catro primeiras o 73,1% do total, punto e medio superior á rexistrada en 2024. Esta porcentaxe é moi superior ao peso dos mesmos sectores no conxunto do Estado que é do 26,4% e 59,6%, respectivamente.

Importacións e exportacións 2025: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe <i>(en millóns de euros)</i>	25/24	peso relativo <i>(%)</i>	Galicia/España	Importe <i>(en millóns de euros)</i>	25/24	peso relativo <i>(%)</i>	Galicia/España
Total	21.364,4	2,2	100	4,8	30.938,9	-0,3	100	8,0
Alimentos	5.203,2	3,4	24,4	9,0	4.285,4	3,7	13,9	5,7
Enerxéticos	3.357,7	-7,0	15,7	6,3	1.337,9	-6,8	4,3	6,2
Materias primas	543,1	-2,9	2,5	4,4	884,5	-2,4	2,9	9,3
Semimanufacturas	3.069,7	5,5	14,4	3,0	3.732,8	-3,4	12,1	3,6
Bens de equipamento	3.423,1	4,6	16,0	3,2	4.729,2	-2,2	15,3	6,3
Sector Automóbil	1.526,3	15,0	7,1	3,3	6.825,1	5,2	22,1	13,8
Bens de consumo duradeiro	335,2	11,1	1,6	2,9	416,5	0,9	1,3	6,6
Manufacturas de consumo	3.879,7	0,3	18,2	7,6	8.347,3	1,7	27,0	23,6
Outras mercadorías	26,4	-6,6	0,1	0,8	380,1	-48,2	1,2	3,3

(consulta: 27-02-2026)

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

3.3.2.

A actividade comercial incrementouse en todos os sectores agás no de bens enerxéticos e das materias primas tal e como reflicte o **cadro 3.3.2.** Dunha banda, a actividade comercial nos bens de manufacturas de consumo presenta unha medra interanual do 1,2%, o que supón 146,2 millóns de euros máis, fronte ao 6,8% no caso do sector do automóbil (535,3 millóns máis que no ano precedente), ou o sector de alimentos, cunha medra interanual do 3,5% (324 millóns de euros máis). Por contra, a actividade comercial no caso dos bens enerxéticos rexistra un descenso do 6,9% (349,6 millóns de euros menos), sendo esta porcentaxe do 2,6% no caso das materias primas (37,7 millóns de euros menos).

No que respecta ao peso relativo das distintas actividades no conxunto do Estado, salienta o sector de manufacturas de consumo, que representan o 14,2% da actividade comercial exterior deste sector en España (14,9% no ano precedente), cinco puntos e medio por riba do que representa a automoción, co 8,7% (8% en 2024); superando o sete por cento no caso dos alimentos (7,1% en 2025 e 7,3% no ano anterior).

Atendendo á súa distribución provincial, tras a caída interanual experimentada nos dous anos anteriores, Lugo e Pontevedra rexistran unha medra do valor das súas relacións comerciais. En concreto, un 5,1% e 4%, respectivamente, cando no ano anterior descendera un 2,8%. Fronte a este comportamento positivo, Ourense presenta unha caída do 4,3% e A Coruña do 2,2%, cando no ano anterior medrara un 0,4% e o 6,5%, respectivamente. Tras esta evolución, A Coruña sitúase como a provincia con maior valor da súa actividade comercial, con 24.518,8 millóns de euros, o que representa o 46,9% do total galego, o que supón 1,4 puntos por baixo do rexistrado no ano precedente; concentrando Pontevedra o 46,8% da actividade comercial, o que equivale a 24.490,2 millóns de euros (45,3% en 2024). Ourense e Lugo acollen o 3,9% e o 2,4% do total, o que supón 2.027,2 e 1.267,1 millóns de euros, respectivamente.



O devandito incremento das importacións e o descenso das exportacións a terceiros países explican que o saldo positivo da balanza comercial galega descenda un 5,3% respecto ao ano anterior. O superávit comercial ascende en Galicia ata os 9.574,5 millóns de euros, 535,7 millóns menos que en 2024. Tras esta evolución, o saldo comercial representa o 11,1% do PIB fronte ao 12,4% do ano anterior.

Como reflicte o **cadro 3.3.1.**, o saldo comercial volve a ser positivo en todas as provincias galegas agás en Lugo, se ben tan só A Coruña presenta un mellor saldo que no ano precedente. Dunha banda, tras a acusada medra das importacións (10,3%) e unha lixeira medra experimentada polas exportacións, Pontevedra mantense como a provincia co saldo comercial máis elevado, con 6.266,4 millóns de euros, un 10,8% inferior ao rexistrado no ano anterior (756,1 millóns menos). Doutra banda, o incremento do superávit na Coruña ven motivado por un descenso do 3,8% das importacións mentres que as vendas a terceiros países o fixeron un 0,9%. No último ano este saldo positivo sitúase en 3.079,4 millóns de euros, o que supón 294,9 millóns máis que no ano precedente (10,6%). Lugo presenta unha medra das importacións superior ao das exportacións (8,4% e 1,7%, respectivamente), o que se traduce nun déficit comercial de 74,1 millóns en Lugo (presentaba un saldo negativo de 32,3 millóns en 2024); mentres que en Ourense, a redución do superávit comercial, que se sitúa en 302,8 millóns, vén motivado por unha redución das exportacións do 5% e das importacións do 3,2%.

O devandito saldo positivo da balanza comercial en Pontevedra vén motivado fundamentalmente polo comportamento do subsector de automóviles e motos, que presenta un superávit de 5.332,9 millóns de euros, un 3,3% máis que no ano precedente; situándose en 1.276,2 millóns no caso dos bens de equipamento tras unha redución nun 21%. Por contra, o déficit comercial do sector de alimentos aumenta ata os 526,9 millóns de euros, máis do dobre do rexistrado no ano anterior (247,3 millóns en 2024); ascendendo a 240,2 millóns no caso das semimanufacturas (presentaba un saldo positivo de 0,6 millóns no ano anterior). Na provincia da Coruña cómpre salientar o superávit comercial do sector téxtil, que ascende a 4.065,9 millóns de euros, o que supón un 3,2% superior ao rexistrado no ano anterior. Asemade, o déficit dos produtos enerxéticos ascende a 2.306,9 millóns, o que supón unha caída do 5,8%.

Pontevedra e A Coruña mantéñense entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2025. Tras unha medra do 0,6% Pontevedra segue a ser a provincia galega máis exportadora, manténdose como a cuarta provincia española en termos de valor, ocupando A Coruña o quinto posto entre as provincias españolas. Ambas as dúas provincias concentran no último ano o 4% e 3,6% das exportacións españolas, respectivamente, porcentaxes similares ás do ano anterior. Doutra banda, A Coruña supera a Pontevedra como a provincia galega con maior volume de compras a terceiros países, situándose en 2025 como a oitava e a décimo primeira provincia española en termos de valor de importacións (novena e a décimo segunda posición no ano anterior, respectivamente). O seu peso relativo no total español descende ata o 2,4% na Coruña aumentando ata o 2,1% en Pontevedra (2,6% e 1,9% rexistrado en 2024).

• Importacións do exterior

Tras unha medra do 2,2%, o valor total das importacións galegas ascende a 21.364,4 millóns de euros (454,6 millóns superior ao rexistrado en 2024), situándose o seu peso sobre o valor total das importacións españolas no 4,8%, unha décima menos que no ano precedente (superaba o 6% nos anos 2019 e 2020). Esta medra interanual no valor das importacións vén motivada fundamentalmente polo incremento experimentado en Pontevedra, o que contrasta co descenso na Coruña e Ourense. En concreto, influenciada pola evolución positiva das compras do sector de alimentos (13,8%; 353,9 millóns de euros máis), especialmente no caso do subsector da pesca (15,3%; 339,8 millóns); e do automóbil (14,1%; 169,9 millóns); o valor total das importacións en Pontevedra medra un 10,3% respecto ao ano precedente (854,2 millóns). Por contra, na provincia da Coruña as compras a terceiros países redúcense un 3,8% (422,5 millóns menos) impulsada polo comportamento do subsector petróleo e derivados (-13,9%; 434,5 millóns). Asemade, as importacións medran un 8,4% en Ourense (51,9 millóns) fronte á redución nun 3,2% en Lugo (28,9 millóns de euros menos).

Tras esta evolución, a provincia da Coruña mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 50,2% das importacións galegas (10.719,7 millóns de euros), máis de tres puntos inferior ao rexistrado no ano anterior (53,3%). En 2025 Pontevedra acolle o 42,6% das importacións galegas (9.111,9 millóns), sendo esta porcentaxe do 39,5% no ano precedente.

Atendendo á distribución segundo sectores de actividade, o **cadro 3.3.2.** reflicte que en Galicia todos os sectores presentan unha medra do valor das importacións agás o enerxético e as materias primas. O sector de alimentos, tras unha medra interanual do 3,4% mantense como o sector máis importante en termos de valor, acadando os 5.203,1 millóns de euros, o que equivale ao 24,4% do total das importacións galegas, tres décimas por riba do rexistrado no ano anterior. En relación ao valor total das importacións do sector no conxunto de España, Galicia concentra o 9% do total fronte ao 9,3% do ano precedente.

A continuación estaría o sector de manufacturas de consumo, que tras unha medra interanual do 0,3%, acada os 3.879,7 millóns de euros, o que representa o 18,2% do valor total das importacións galegas e o 7,6% das importacións españolas deste sector. As importacións de bens de equipamento medran un 4,6% respecto ao ano anterior, situándose como terceiro sector de actividade en importancia, cun valor de 3.423,1 millóns de euros, o que supón o 16% do total de importacións galegas e o 3,2% das importacións españolas deste sector de actividade. Fronte a este incremento, a maior caída das importacións rexístrase no sector enerxético, cun descenso interanual do 7%, acadando os 3.357,7 millóns de euros, o que supón o 15,7% do total galego e o 6,3% das importacións españolas deste sector.

Atendendo á distribución segundo capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o capítulo “combustíbeis, aceites minerais” (27) mantense no último ano como o capítulo máis importante en termos de valor. As importacións destes produtos descenden a 3.357,7 millóns de euros, o que supón o 15,7% das importacións galegas, máis de punto e medio inferior ao do ano anterior (17,3%).

Importacións 2024-25: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2024		2025		25/24	2025		
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)		(%)	Unión Europea	Francia
								(en millóns de euros)		
1	27	Combustíveis, aceites minerais	3.610,1	17,3	3.357,7	15,7	-7,0	208,4	2,6	18,3
2	03	Peixes e crustáceos, moluscos	2.464,4	11,8	2.770,6	13,0	12,4	481,7	134,4	225,4
3	87	Vehículos automóbiles, tractores	1.785,0	8,5	2.093,6	9,8	17,3	1.357,9	273,7	473,0
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	1.357,4	6,5	1.380,1	6,5	1,7	140,7	1,5	114,7
5	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	1.166,4	5,6	1.129,1	5,3	-3,2	224,3	2,1	173,9
6	85	Aparellos e material eléctricos	1.213,4	5,8	1.070,4	5,0	-11,8	187,2	23,9	32,1
7	84	Fundición, ferro e aceiro	941,9	4,5	1.028,9	4,8	9,2	707,1	59,9	48,3
8	72	Máquinas e aparatos mecánicos	938,8	4,5	970,4	4,5	3,4	777,3	199,6	371,4
9	16	Conservas de carne e peixe	877,4	4,2	942,0	4,4	7,4	169,6	13,3	129,3
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	638,2	3,1	648,3	3,0	1,6	365,1	79,4	73,6
Total dos principais capítulos			14.992,9	71,7	15.391,1	72,0	2,7	4.619,2	790,4	1.660,0
Resto			5.916,9	28,3	5.973,4	28,0	1,0	3.173,1	321,9	1.133,6
Total			20.909,8	100	21.364,4	100	2,2	7.792,3	1.112,2	2.793,6

(consulta: 27-02-2026)

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

3.3.3.

A continuación sitúase o capítulo correspondente a “peixes e crustáceos, moluscos” (03), con 2.770,6 millóns, un 12,4% máis que no ano precedente, o que representa o 13% das importacións de Galicia, 1,2 puntos máis que en 2024. En terceiro lugar, tras unha medra interanual do 17,3% sitúase o capítulo de “vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87), con 2.093,6 millóns de euros, o que representa o 9,8% do valor total das importacións galegas (8,5% no ano precedente). Os devanditos tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 38,5% do valor total das importacións galegas, case un punto menos que no ano anterior (37,6%). Como reflicte o devandito **cadro 3.3.3.**, entre os dez primeiros capítulos tan só tres presentan unha caída respecto ao importe do ano anterior, o devandito 27, o de aparellos e material eléctrico (85), cunha redución do 11,8%, e o de roupa e complementos de vestir de punto (61), que presenta unha caída interanual do 3,2%.

Segundo a área xeográfica e o país de orixe, as importacións galegas concéntranse en maior medida nos 27 países da Unión Europea. Tras un incremento interanual do 5,1% (**cadro 3.3.4.**) o valor total das compras exteriores procedentes da UE-27 ascende a 7.792,3 millóns de euros, o que representa o 36,5% das importacións galegas (35,5% no ano anterior e 52,2% en 2019). Portugal mantense por terceiro ano consecutivo como principal país de orixe das compras exteriores, ao concentrar o 13,1% do valor total (2.793,6 millóns de euros), porcentaxe tan só superada en 2008, cun 13,7% (supón o 13% no ano anterior e un 9,2% en 2019). A continuación situaríase China, que concentra o 10% das importacións galegas (2.141,2 millóns), dúas décimas máis que no ano precedente (4,9% en 2019). Cómpre resaltar que no último ano Francia, a pesar do descenso do 5,4%, mantense no quinto posto en canto ao importe das compras exteriores, cun valor total de 1.112,2 millóns de euros, o que representa o 5,2% das importacións totais, a porcentaxe máis reducida dos último 25 anos (5,6% no ano precedente e o 26,7% en 2019).

Importacións e exportacións 2024-25: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025	2024	2025
(en millóns de euros)					(%)			
Total	20.909,8	21.364,4	31.019,9	30.938,9	10.110,1	9.574,5	148,4	144,8
Europa	9.411,4	9.583,8	25.542,5	25.559,1	16.131,1	15.975,3	271,4	266,7
Unión Europea	7.416,5	7.792,3	22.138,5	21.743,1	14.722	13.951	298,5	279,0
EFTA	149,9	172,0	240,6	289,9	91	118	160,5	168,5
Europa oriental	649,9	425,7	92,2	97,6	-558	-328	14,2	22,9
Resto Europa	1.195,1	1.193,9	3.071,2	3.428,6	1.876	2.235	257,0	287,2
África	2.976,0	3.062,7	2.021,4	2.140,6	-954,6	-922,1	67,9	69,9
África do norte	2.060,1	1.928,6	1.810,2	1.945,5	-250	17	87,9	100,9
África central	21,4	7,1	17,3	16,9	-4	10	80,9	237,8
África occidental	298,5	427,8	95,9	74,8	-203	-353	32,1	17,5
África oriental	17,4	21,2	7,3	8,4	-10	-13	41,8	39,8
África austral	578,6	678,0	90,7	94,9	-488	-583	15,7	14,0
América	4.402,6	4.430,7	2.181,3	1.931,5	-2.221,3	-2.499,2	49,5	43,6
América do norte	1.341,5	1.738,6	893,4	669,2	-448	-1.069	66,6	38,5
Illas do Caribe	11,4	7,6	105,3	92,7	94	85	924,8	1.217,7
América central	1.186,8	955,4	449,0	419,5	-738	-536	37,8	43,9
América do sur	1.863,0	1.729,1	733,7	750,2	-1.129	-979	39,4	43,4
Asia	3.982,1	4.172,3	1.074,2	1.115,7	-2.908,0	-3.056,6	27,0	26,7
Próximo Oriente	91,0	74,5	193,9	189,5	103	115	212,9	254,4
Península Arábiga	152,1	143,6	240,2	218,4	88	75	157,9	152,1
Asia central	0,6	0,1	16,1	12,5	16	12	2.726,5	19.424,6
Asia do sur	797,4	851,8	38,3	50,3	-759	-801	4,8	5,9
Lonxano oriente	2.330,5	2.377,3	490,7	509,5	-1.840	-1.868	21,1	21,4
Sudeste asiático	610,5	725,1	95,0	135,5	-515	-590	15,6	18,7
Oceanía	137,4	114,4	77,8	58,5	-59,6	-55,9	56,6	51,1

(consulta: 27-02-2026)

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

■ 3.3.4.

Fóra da Unión Europea, cómpre salientar tanto o incremento das compras no conxunto dos países de América do Norte, cunha medra interanual do 29,6% (397,1 millóns de euros máis); como en África Occidental, cun 43,3% (129,2 millóns de euros); e o Sueste asiático (18,8%; 114,7 millóns). América do norte concentra o 8,1% das importacións galegas, fronte ao 2% e 3,4% de África Occidental e o Sueste asiático, respectivamente. Este dinamismo contrasta co descenso nos países de América Central, cunha redución do 19,5% (231,3 millóns de euros menos), e que no último ano concentra o 4,5% das importacións galegas; Europa Oriental, cunha redución do 34,5% (224,2 millóns de euros menos). Xunto a China, cómpre mencionar o incremento do 22,6% do valor das compras a Estados Unidos e do 6,6% no caso de Marrocos, manténdose como terceiro e cuarto país de orixe das compras exteriores, ao concentrar o 7,4% e 6,4% das importacións, respectivamente.

• Exportacións ao exterior

O valor das exportacións de Galicia cara terceiros países redúcese un 0,3% en relación ao ano anterior, acadando os 30.938,9 millóns de euros. Tendo en conta o incremento do 0,7% rexistrado no conxunto do Estado, o seu peso relativo sobre o total estatal descende ata o 8%, unha décima menos que no ano precedente.

Este descenso explícase pola caída experimentada na Coruña e, en menor medida, Ourense, ao contrario do que acontece en Pontevedra e Lugo. Dunha banda, as vendas a terceiros países das empresas da Coruña acadan os 13.799,1 millóns de euros, 127,5,7 millóns menos que no ano anterior (-0,9%), o que representa o 44,6% do valor total das exportacións galegas, tres décimas inferior ao rexistrado no ano anterior. Na provincia de Ourense as exportacións descenden ata os 1.165 millóns de euros, o 3,8% do total galego (4% en 2024), o que supón unha redución do 5% respecto ao ano precedente (61,6 millóns menos).

Por contra, a provincia de Pontevedra presenta un incremento do 0,6% respecto ao ano anterior, acadando as exportacións un importe de 15.378,3 millóns de euros, o que a mantén como a provincia galega con maior volume de vendas ao exterior; situándose esta porcentaxe no 1,7% no caso das exportacións das empresas de Lugo, que acadan os 596,5 millóns de euros. Estas dúas provincias concentran o 49,7% e 1,9% do valor total das exportacións galegas, respectivamente (49,3% e 1,9% no ano precedente).


O sector de manufacturas de consumo, tras unha medra do 1,7%, vende ao exterior produtos por valor de 8.347,3 millóns de euros, manténdose como o sector máis importante en termos de valor; superando ao do automóbil, con 6.825,1 millóns de euros, cifra un 5,2% superior á do ano anterior. Tras esta evolución, o sector de manufacturas de consumo concentra o 27% das exportacións totais galegas, **cadro 3.3.2.**, situándose no 22,1% no caso do automóbil.

No que respecta á importancia relativa das exportacións galegas no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso, co 23,6% do total de exportacións, seguido polo sector do automóbil, cun 13,8%, e o de materias primas, co 9,3% do total estatal.

No **gráfico 3.3.5.** obsérvase a evolución das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, manténdose este como o principal sector en 2025, co 23,7% do valor total das exportacións galegas, porcentaxe superior á que supón o automóbil, co 22,1%. Isto contrasta co acontecido nos anos 2020 e 2021, onde a automoción tiña unha maior importancia relativa.

O capítulo de “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (**cadro 3.3.6.**), ao concentrar o 29,4% das exportacións galegas (28,4% no ano anterior), seguido pola actividade téxtil de “Prendas de vestir, non de punto” (62), que acolle o 11,5% das vendas (11,4% en 2024), e o de “Prendas de vestir, de punto” (61), que representa o 9,1%, tres décimas máis que no ano anterior. Cómpre resaltar o

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2025



(consulta: 27-02-2026)
 Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

3.3.5.

Exportacións 2024-25: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2024		2025		25/24 (%)	2025		
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)		Unión Europea	Francia	Portugal
1	87	Vehículos automóviles, tractores	8.818,6	28,4	9.091,0	29,4	3,1	5.213,2	2.220,1	389,2
2	62	Prendas de vestir, non de punto	3.543,5	11,4	3.570,1	11,5	0,8	3.412,4	489,9	384,8
3	61	Prendas de vestir, de punto	2.740,9	8,8	2.823,7	9,1	3,0	2.691,1	378,9	310,3
4	3	Peixes, crustáceos, moluscos	1.812,0	5,8	1.938,7	6,3	7,0	1.526,0	150,8	421,9
5	27	Combustibles, aceites minerais	1.435,1	4,6	1.337,9	4,3	-6,8	978,9	88,3	377,6
6	16	Conservas de carne ou peixe	1.006,8	3,2	1.099,7	3,6	9,2	968,1	232,2	178,9
7	84	Máquinas e aparellos mecánicos	1.218,2	3,9	1.080,5	3,5	-11,3	694,1	102,6	130,2
8	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	910,9	2,9	780,5	2,5	-14,3	628,4	145,7	211,3
9	44	Madeira e as súas manufacturas	633,7	2,0	660,6	2,1	4,2	415,6	55,7	247,3
10	85	Aparatos e material eléctricos	589,4	1,9	553,0	1,8	-6,2	260,7	54,8	70,6
Total dos principais capítulos			22.709,0	73,2	22.935,8	74,1	1,0	16.788,5	3.919,1	2.722,3
Resto			8.310,9	26,8	8.003,1	25,9	-3,7	4.954,6	960,4	1.664,2
Total			31.019,9	100	30.938,9	100	-0,3	21.743,1	4.879,5	4.386,5

(consulta: 27-02-2026)
 Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

3.3.6.



Exportacións galegas 2019 e 2024-25: ránkings segundo países de destino

	2019		2024		2025		25/24
	(en millóns de euros)	(%)	(en millóns de euros)	(%)	(en millóns de euros)	(%)	
1 Francia	4.257,8	19,1	5.140,9	16,6	4.879,5	15,8	-5,1
2 Portugal	3.261,0	14,7	4.309,0	13,9	4.386,5	14,2	1,8
3 Italia	1.969,7	8,8	3.331,0	10,7	3.027,3	9,8	-9,1
4 Polonia	795,8	3,6	1.768,7	5,7	1.892,8	6,1	7,0
5 Alemaña	1.218,4	5,5	1.897,6	6,1	1.861,8	6,0	-1,9
6 Turquía	328,3	1,5	1.394,2	4,5	1.785,3	5,8	28,1
7 Reino Unido	1.509,5	6,8	1.572,9	5,1	1.494,6	4,8	-5,0
8 Bélxica	746,7	3,4	1.253,8	4,0	1.359,2	4,4	8,4
9 Marrocos	745,7	3,4	1.335,2	4,3	1.336,8	4,3	0,1
10 Países Baixos	1.108,1	5,0	1.254,7	4,0	1.037,3	3,4	-17,3
11 Grecia	372,5	1,7	682,0	2,2	669,5	2,2	-1,8
12 Estados Unidos	581,6	2,6	801,5	2,6	545,3	1,8	-32,0
13 Arxelia	106,5	0,5	361,3	1,2	446,5	1,4	23,6
14 Rumanía	284,9	1,3	375,7	1,2	346,5	1,1	-7,8
15 Irlanda	205,6	0,9	309,6	1,0	330,8	1,1	6,8
16 México	235,9	1,1	350,0	1,1	323,6	1,0	-7,6
17 Chile	168,1	0,8	221,7	0,7	251,3	0,8	13,3
18 China	252,4	1,1	217,4	0,7	209,1	0,7	-3,8
19 Croacia	132,0	0,6	197,5	0,6	205,5	0,7	4,1
20 Suecia	211,4	0,9	166,6	0,5	194,3	0,6	16,6
5 primeiros países	11.502,7	51,7	16.447,3	53,0	16.047,9	51,9	-2,4
10 primeiros países	15.940,9	71,6	23.258,0	75,0	23.061,2	74,5	-0,8
20 primeiros países	18.491,7	83,1	26.941,4	86,9	26.583,6	85,9	-1,3
Total	22.258,1	100,0	31.019,9	100,0	30.938,9	100,0	-0,3

(consulta: 27-02-2026)

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX Estacom

3.3.7.

significativo descenso experimentado polas actividades englobadas no capítulo “Aluminio e manufacturas de aluminio” (76), cunha redución interanual do 14,3% (130,4 millóns de euros menos); e o de “máquinas e aparellos mecánicos” (85), cun -11,3% (137,7 millóns menos); o que contrasta coa medra do valor das exportacións do sector de “conservas de carne ou peixe” (16) nun 9,2% (92,9 millóns de euros); “peixes, crustáceos, moluscos” (03) cun incremento do 7% (126,7 millóns); e o devandito sector do automóbil (87), cunha medra interanual do 3,1% (272,4 millóns de euros máis).

En relación ao destino das exportacións galegas, redúcese lixeiramente a súa elevada concentración xeográfica. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 70,3% das exportacións galegas (21.743,1 millóns de euros), tres décimas menos que no ano anterior. Xunto a este destino, o 6,9% das vendas a terceiros países diríxense ao continente africano (2.140,6 millóns), un 6,2% a América (1.931,5 millóns) ou un 3,6% a Asia (1.115,7 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos das exportacións concentran o 51,9% das exportacións galegas en 2025, máis dun punto inferior ao rexistrado no ano precedente (53%), e os dez primeiros países o 74,5% das exportacións galegas (75% en 2024).

Francia segue sendo o principal destino das vendas de Galicia, con 4.879,5 millóns de euros (15,8% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 16,6% do ano anterior), seguido por Portugal, con 4.386,5 millóns, o 14,2% do total de exportacións de Galicia, tres décimas máis que en 2024. Comparado co ano anterior cómpre mencionar o importante dinamismo das vendas a Turquía, que tras unha medra do 28,1% (391,2 millóns de euros máis) sitúase como o sexto destino dos produtos galegos con 1.785,3 millóns, o 5,8% do total galego. Ao mesmo tempo, as exportacións a Polonia medran un 7% (124,1 millóns) ascendendo ata o cuarto posto entre os principais destinos, con 1.892,8 millóns (6,1% do total). No extremo oposto, xunto ao descenso do 5,1% das vendas en Francia, a caída máis acusada en termos absolutos corresponde a Italia, cunha redución de 303,7 millóns (9,1%), manténdose non obstante como terceiro destino das empresas galegas. Asemade, cómpre mencionar o descenso do 32% das vendas a EEUU (256,1 millóns de euros menos) (**cadro 3.3.7.**).


O principal capítulo exportador a Francia segue a ser o 87, “Vehículos automóbiles, tractores”, que concentra o 45,5% do total do valor das exportacións cara ese país e o 24,4% das exportacións galegas de vehículos (42,5% e 24,9% no ano anterior). En Portugal, tras unha medra do 5,5% respecto ao ano anterior, o capítulo exportador “peixes, crustáceos, moluscos” (03) adianta á automoción como principal capítulo exportador, concentrando o 8,9% das exportacións a ese país (9,7% en 2024). O devandito incremento das exportacións a Turquía ven explicado en boa medida pola evolución dos produtos pertencentes ao devandito capítulo 87, ao aumentar un 33,1% o seu valor, acadando os 1.599 millóns de euros (o 89,6% das vendas a ese país).

• Base exportadora


O número de empresas galegas que venderon parte dos seus produtos fóra de España redúcese novamente en 2025, acadando as 6.212 empresas, o valor máis reducido dende o 2014, o que significa un descenso de 56 empresas respecto ao ano anterior (0,9% menos). Fronte ao devandito descenso cómpre resaltar o incremento das denominadas empresas exportadoras regulares, aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. O número de empresas exportadoras regulares ascende a 2.839, un 1,3% máis que no ano anterior (37 empresas máis), o que supón o 45,7% do total de empresas exportadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise económica de 2008. Dado o descenso do 1,5% rexistrado no conxunto de España, o peso relativo das empresas regulares galegas no total estatal aumenta ata o 5,3%, catro décimas máis do que supón o peso do conxunto de empresas exportadoras.

Centrándonos na análise das empresas exportadoras regulares, o que permite coñecer con maior realismo a evolución do tecido empresarial internacionalizado, o **cadro 3.3.8.** amosa a tendencia positiva da evolución do número de empresas exportadoras. Dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus, o número de empresas medra un 11,3% (288 empresas máis), o que supón dez puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (1,4%; 735 empresas máis entre os dous anos considerados). O valor total das súas exportacións medra un 39,4% o que supón catro décimas máis que o valor total das exportacións galegas (39%),

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2025



Importancia relativa das empresas exportadoras regulares sobre o total



Fuente: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX, *Informes de perfil de la empresa exportadora española*

■ 3.3.8.

mentres que no conxunto de España o valor das exportacións das empresas regulares medra un 34,4% (33,1% no conxunto das empresas exportadoras españolas).

A provincia de Pontevedra é a que conta cun maior número de empresas que exportan con regularidade, acollendo en 2025 o 59% das empresas exportadoras regulares en Galicia (1.674 compañías) fronte ao 30,8% da Coruña (873 empresas), situándose estas porcentaxes no 58,1% e 27,4% no ano 2019, respectivamente. As empresas con sede en Pontevedra concentran o 49,6% do valor das exportacións galegas regulares fronte ao 44,5% na Coruña (43,5% e 49,7% en 2019). Ourense e Lugo concentrarían no último ano o 10,8% e 7,2% das empresas exportadoras regulares galegas (309 e 205 empresas, respectivamente) e o 4,5% e 2,2% da contía das exportacións.

No concernente á análise segundo tramos de facturación, no ano 2025 a maior proporción de sociedades que venden os seus produtos en terceiros países corresponde a aquelas que facturan entre medio millón e menos de cinco millóns, cun 29,9% (848 empresas); seguido das que facturan entre 50.000 euros e menos de 500.000 euros, que concentran o 25,8% (733 empre-

Concentración de importadores regulares (por volume de exportación). Número de empresas e valor das exportacións

	2021		2022		2023		2024		2025	
	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe
	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(en miles de euros)</i>		<i>(en miles de euros)</i>		<i>(en miles de euros)</i>		<i>(en miles de euros)</i>	
Menos de 5.000 €	298	0,6	295	0,5	288	0,5	332	0,6	277	0,5
% / total empresas regulares	14,1%	0,0%	13,5%	0,0%	13,0%	0,0%	14,4%	0,0%	9,8%	0,0%
Entre 5.000€ e 24.999€	349	4,5	340	4,4	339	4,6	364	4,8	363	4,7
% / total empresas regulares	16,5%	0,0%	15,6%	0,0%	15,3%	0,0%	15,8%	0,0%	12,8%	0,0%
Entre 25.000€ e 44.900€	185	6,7	190	6,8	192	7,0	182	6,4	206	7,4
% / total empresas regulares	8,7%	0,0%	8,7%	0,0%	8,7%	0,0%	7,9%	0,0%	7,3%	0,0%
Entre 50.000€ e 499.999€	190	6,8	192	7,0	182	6,4	175	6,2	733	151,5
% / total empresas regulares	9,0%	0,0%	8,8%	0,0%	8,2%	0,0%	7,6%	0,0%	25,8%	0,5%
Entre 500.000€ e menos de 5 millóns	736	1.303,5	789	1.493,2	823	1.486,3	841	1.496,5	848	1.538,6
% / total empresas regulares	34,8%	5,7%	36,1%	5,5%	37,2%	6,0%	36,6%	5,9%	29,9%	5,1%
Entre 5 e menos de 50 millóns	297	4.127,6	308	4.546,0	315	4.448,5	331	4.639,3	342	4.777,8
% / total empresas regulares	14,0%	17,9%	14,1%	16,6%	14,2%	18,0%	14,4%	18,3%	12,0%	15,9%
Entre 50 e menos de 250 millóns	50	4.993,5	56	6.270,5	61	6.198,2	59	6.151,2	55	5.599,2
% / total empresas regulares	2,4%	21,7%	2,6%	23,0%	2,8%	25,1%	2,6%	24,2%	1,9%	18,6%
250 millóns ou máis	12	12.612,9	14	14.982,1	14	12.591,0	14	13.112,0	15	18.013,4
% / total empresas regulares	0,6%	54,7%	0,6%	54,9%	0,6%	50,9%	0,6%	51,6%	0,5%	59,9%

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX, *Informes de perfil de la empresa exportadora española*


3.3.9.

sas). En conxunto, estas empresas representan o 55,7% das empresas exportadoras regulares e concentran tan só o 5,6% do importe das vendas ao exterior. En contraposición, as 15 empresas que en 2025 facturan máis de 250 millóns de euros representan tan só o 0,5% das empresas exportadoras regulares e concentran o 59,9% do valor total das exportacións deste tipo de compañías (51,6% no ano precedente). Asemade, o 9,8% das empresas galegas exportadoras regulares fíxoos por un importe inferior a 5.000 euros (14,4% en 2024).

A devandita concentración apréciase máis claramente no **cadro 3.3.10.** En 2025, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 44% da exportación galega, ascendendo esta porcentaxe ata o 53,1% se se consideran as dez primeiras empresas, os valores máis elevados dende o ano 2020. No conxunto do Estado estas porcentaxes sitúanse tan só no 9,1% e 13,9% no conxunto do Estado. Cómpre salientar que en 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores, os datos do ICEX sobre empresas regulares sinalan que o 74,1% das empresas que venden os seus produtos fóra de España de xeito regular pertencen ao sector de produtos industriais e tecnoloxía (2.105 empresas) fronte ao 20,2% do sector agroalimentario (573 empresas) e o 19,8% dos bens de consumo (561 empresas). En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento rexistrado no sector de produtos industriais, con 42 empresas máis (2%), e o sector agroalimentario, con 12 empresas máis (2,1%), o que contrasta co descenso no caso das empresas do sector de bebidas (-3,2%). Comparado coa situación no ano 2019, os catro grandes sectores recollidos no **cadro 3.3.11.** presentan unha

Porcentaxe acumulado de exportación en Galicia segundo número de exportadores (ordenados por volume de exportación) 2008-25



Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX, *Informes de perfil de la empresa exportadora española*

■ 3.3.10.

Empresas galegas exportadoras regulares a terceiros países 2019-25: distribución segundo grandes sectores

	2019		2024		2025 (1)		25/24		G/E
	(%)		(%)		(%)		(%)		(%)
Sectores económicos (2)	2.551	100	2.802	100	2.839	100	37	1,3	5,3
Agroalimentarios	510	20,0	561	20,0	573	20,2	12	2,1	6,2
Bebidas	216	8,5	253	9,0	245	8,6	-8	-3,2	8,3
Bens de consumo	465	18,2	550	19,6	561	19,8	11	2,0	3,1
Produtos industriais e tecnoloxía	1.793	70,3	2.063	73,6	2.105	74,1	42	2,0	5,5

(1) datos provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. ICEX, *Informes de perfil de la empresa exportadora española*

■ 3.3.11.

medra do número de empresas, destacando o sector de produtos industriais e tecnoloxías, con 312 empresas máis (17,4%) e o de bens de consumo, con 96 empresas máis (20,6%).

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o Igape contribúe á dinamización da economía galega a través de programas de apoio como o Plan Foexga ou o Plan Galicia exporta empresas. Dunha banda, o Plan Foexga ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade. Doutra banda, o obxecto das axudas do Plan Galicia exporta empresas é apoiar e incentivar accións de promoción exterior que melloren a súa competitividade e reforcen a súa presenza nos mercados internacionais.

No marco do **Plan Foexga (cadro 3.3.12.)**, os datos correspondentes a 31 de decembro de 2025 reflicten que as distintas Cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo ao longo do ano un total de 98 accións (89 misións comerciais e 9 participacións en feiras) desenvolvidas en 66 países e que se corresponden a máis de 378 empresas. A contribución da Xunta de Galicia ascende a un máximo de 1.689.379,60€ (liña subvencionada ao 71,96%). Segundo os datos facilitados polo IGAPE, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, seguida de Asia, África e América do Sur.

Atendendo á distribución das accións segundo Cámaras de comercio, a actividade no 2025 foi a seguinte:

- A Coruña: 34 accións organizadas, das que 32 corresponden a misións comerciais e as 2 restantes a participacións en feiras vinculadas ao sector do téxtil e xoiería, e o sector enerxético.
- Pontevedra, Vigo e Vilagarcía: organizáronse un total de 45 accións das que 42 corresponden a misións comerciais e 3 a participacións en feiras internacionais nos ámbitos de sistemas non tripulados e tecnoloxías autónomas; sector naval; e emprendemento tecnolóxico.
- Santiago de Compostela: 18 accións organizadas (15 misións comerciais e 3 participacións en feiras internacionais, dúas pertencentes ao ámbito biotecnolóxico e unha á construción e desenvolvemento urbano.
- Tui: unha acción organizada, que se corresponde cunha participación nunha exposición ou feira internacional correspondente ao sector da pedra natural.

No concernente ao **Plan Galicia Exporta empresas**, na convocatoria de 2025 aprobáronse un total de 265 solicitudes, ascendendo o importe total da subvención a 7,7 millóns de euros, o que supón unha subvención media por empresa de 29.025,60 euros. O número de países aos que se dirixen as accións deste Plan ascende a 65.

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra acolle o maior número de solicitudes, con 151 e unha subvención media por empresa de 30.284,96 euros; fronte ás 66 solicitudes na Coruña e unha axuda media de 24.032,62 euros. Lugo conta con 27 solicitudes aprobadas, cunha subvención media de 27.476,79 euros, en tanto que en Ourense aprobáronse 21 solicitudes por un importe medio de 37.653,70 euros.

Actuacións do Plan FOEXGA 2024-25 ⁽¹⁾

	2025		2024	
		(%/total)		(%/total)
Área xeográfica				
Europa	26	39,4	29	45,3
Asia	14	21,2	14	21,9
África	11	16,7	2	3,1
América do Sur	7	10,6	7	10,9
América do Norte	3	4,5	3	4,7
Centroamérica	1	1,5	6	9,4
Illas do Caribe	2	3,0	3	4,7
Oceanía (Pacífico)	2	3,03	-	-
Total países	66	100	64	100

	2025		2024	
	Accións	Participantes	Accións	Participantes
Actividades por cámara de comercio				
A Coruña	34	148	27	93
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	45	173	42	146
Santiago de Compostela	18	50	11	30
Tui	1	7	2	5
Total	98	378	82	274

	2025		2024	
	Misións comerciais	Particip. en feiras	Misións comerciais	Particip. en feiras
Accións por tipo				
A Coruña	32	2	23	3
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	42	3	39	4
Santiago de Compostela	15	3	8	3
Tui	-	1	1	1
Total	89	9	71	11

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribución sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.
Fonte: IGAPE

■ 3.3.12.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

A información que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores permite analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia. Fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participación en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2025: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España (%)
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	
Total subsectores	236.380,0	100	34.016.382,3	100	0,7
24 Metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro	75.000,0	31,7	301.450,2	0,9	24,9
35 Subministrados de enerxía eléctricas, gas vapor e aire	33.225,1	14,1	2.158.720,3	6,3	1,5
62 Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	28.320,0	12,0	812.331,5	2,4	3,5
28 Fabricación de maquinaria e equipo N.C.O.P.	26.000,0	11,0	98.337,0	0,3	26,4
46 Comercio maiorista e intern. Comercio, agás vehículos motor	24.401,4	10,3	1.248.880,0	3,7	2,0
41 Construción de edificios	21.564,6	9,1	655.524,5	1,9	3,3
71 Servizos técnicos arquitectura e enxeñaría	12.113,2	5,1	215.807,3	0,6	5,6
65 Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	3.500,0	1,5	83.879,2	0,2	4,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2.716,5	1,1	116.850,2	0,3	2,3
68 Actividades inmobiliarias	2.142,3	0,9	2.754.582,1	8,1	0,1
17 Industria de papel	1.650,0	0,7	57.637,2	0,2	2,9
16 Industria da madeira e cortiza, agás mobles, cesteiría	1.400,0	0,6	22.451,6	0,1	6,2
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipos	984,9	0,4	18.529,3	0,1	5,3
55 Servizos de aloxamento	758,3	0,3	1.036.354,5	3,0	0,1
74 Outras activ. Profesionais, científicas e técnicas	750,0	0,3	42.509,8	0,1	1,8
58 Edición	547,8	0,2	2.654,7	0,0	20,6
25 Fabricación de produtos metálicos agás maquinaria	419,3	0,2	111.341,9	0,3	0,4
70 Act. Sedes centrais, Actv. Consultoría de xestión	224,8	0,1	221.713,3	0,7	0,1
56 Servizos de comidas e bebidas	199,0	0,1	117.948,7	0,3	0,2
86 Actividades sanitarias	167,5	0,1	642.122,9	1,9	0,0
Outros	295,5	0,1	23.296.756,2	68,5	0,0

(consulta: 7-4-2026)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. *DatainVex*

3.3.13.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou en 2025 ata os 236,4 millóns de euros, o que supón un 59% menos que o investido no ano anterior (577,1 millóns). No conxunto do Estado o descenso do investimento estranxeiro foi do 20,5%, de xeito que o seu peso relativo no total estatal sitúase no 0,7%, case a metade do rexistrado no ano precedente (1,3%). A Comunidade de Madrid concentra o 55,5% do investimento fronte ao 14,4% de Cataluña, ou o 10% de Aragón.

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Países Baixos, cun total investido de 75,3 millóns de euros –case na súa totalidade no sector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24)–, o que supón o 31,9% do total investido na Comunidade Autónoma, seguido por Alemaña, con 35,7 millóns de euros (15,1%), e Portugal, con 27,2 millóns de euros (11,5%).

Tal como se observa no **cadro 3.3.13.**, dende un punto de vista sectorial, destaca o devandito subsector de metalurxia, fabricación produtos de ferro e aceiro (CNAE 24), que concentra o 31,7% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades englobadas en subministrados de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire (CNAE 37), co 14,1%. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal destacan as devanditas actividades metalúrxicas, que acolle o 24,9% do total

Investimento bruto ⁽¹⁾ de Galicia e España no exterior 2025: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España (%)
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	
Total	282.174,2	100	18.305.895,3	100	1,5
68 Actividades inmobiliarias	181.473,6	64,3	473.499,9	2,6	38,3
43 Actividades de construcción especializada	22.648,1	8,0	104.075,5	0,6	21,8
35 Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	20.598,6	7,3	5.796.591,6	31,7	0,4
41 Construción edificios	17.629,3	6,2	153.778,3	0,8	11,5
55 Servizos de aloxamento	9.208,8	3,3	264.374,3	1,4	3,5
46 Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	7.737,1	2,7	445.477,0	2,4	1,7
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	7.210,0	2,6	13.054,2	0,1	55,2
03 Pesca e acuicultura	5.153,5	1,8	7.167,3	0,0	71,9
10 Industria da alimentación	3.999,3	1,4	215.529,4	1,2	1,9
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	3.349,5	1,2	4.486.384,5	24,5	0,1
47 Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	2.253,9	0,8	189.861,2	1,0	1,2
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	535,6	0,2	1.841.990,9	10,1	0,0
70 Act. Sedes centrais; Activ. Consultoría e xestión	220,3	0,1	70.349,2	0,4	0,3
Outros	156,8	0,1	4.243.762,0	23,2	0,0

(consulta: 7-4-2026)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. *Datainvox*

■ 3.3.14.

estatal; e as de fabricación de maquinaria e equipamento (CNAE 28), que concentra o 26,4% do total.

No que respecta ao investimento bruto de Galicia no estranxeiro, **cadro 3.3.14.**, no último ano ascende a 282,2 millóns de euros (3.368,4 millóns no ano precedente), o que sitúa a Galicia nunha posición intermedia entre as CC.AA. que máis invisten no estranxeiro. No último ano Madrid concentra o 54,3% do investimento, por diante de Cataluña, co 18,9%, e País Vasco, cun 13,8%. Tras esta acusada variación, o seu peso relativo no total estatal situouse no 1,5% fronte ao 8% do ano precedente.

Máis da metade do investimento galego no estranxeiro diríxese no último ano cara Alemaña, cun total de 159,1 millóns de euros (56,4%); seguida por Portugal, que concentra o 11,5% (32,5 millóns); e Brasil, que supón o 10,7% (30,2 millóns de euros).

O sector máis importante en termos da contía do investimento no exterior é o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 181,5 millóns de euros, o 64,3% do investimento total galego (o 38,3% do investido por España neste sector). A continuación situaríase o conxunto

de actividades de construcción especializada (CNAE 43), con 22,6 millóns de euros, que representa o 8% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como o 21,8% do total investido por esta actividade no estranxeiro no conxunto do Estado. A pesca, con 5,2 millóns, o que supón o 1,8% do investido por Galicia e máis de sete de cada dez euros investidos no estranxeiro polo sector no conxunto de España (71,9%). □



